

acreditados por entidades reguladas no capítulo II, sección 2.^a do Regulamento da infraestrutura para a calidade e seguraza industrial, aprobado polo Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, ou por calquera outro organismo de acreditación asinante do Acordo Multilateral de Recoñecemento da «European Cooperation for Accreditation» (EA).

Aceptaranse, así mesmo, os informes dos ensaios realizados por laboratorios acreditados por outros Estados membros ou Turquía, ou nun Estado integrante da Asociación Europea de Libre Comercio que sexa parte contratante do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, sempre que recoñeza a Administración pública competente que se ofrecen as garantías técnicas, profesionais e de independencia equivalentes ás exixidas pola lexislación española.

3. Calidade de produción

Para garantir a calidade de produción dos produtos incluídos no ámbito de aplicación destas normas e instrucións técnicas complementarias, poderase presentar o certificado de conformidade respecto da norma UNE-EN ISO 9001 do sistema de xestión da calidade establecido no lugar de fabricación e na planta de ensamblaxe dos captadores ou sistemas, emitido por un organismo de acreditación dun Estado membro ou Turquía, ou nun Estado integrante da Asociación Europea de Libre Comercio que sexa parte contratante do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, ou ben garantir o cumprimento do mesmo nivel de calidade por calquera outro medio apropiado, sempre que recoñeza a Administración pública competente que se garante un nivel de seguraza das persoas, os bens ou o ambiente equivalente, cando menos, ao que proporciona aquela.

APÉNDICE

Ensaio que se van realizar en función do tipo de captador:

1. Os captadores solares de quentamento líquido, con carácter xeral, deberanse ensaiar segundo o establecido na norma UNE-EN 12975.

2. Se o fabricante produce o mesmo tipo de captador pero en diferentes longos e/ou largos, todos os captadores son considerados unha familia e soamente se debe ensaiar unha mostra do tamaño máis pequeno e outra do tamaño maior. O captador de maior tamaño debe ser sometido a todos os ensaios requiridos en UNE-EN 12975-1, punto 5.2, e o captador de menor tamaño debe ser sometido ao ensaio de rendemento térmico (punto 6 de UNE-EN 12975-2).

A curva de eficiencia utilizada para esta familia debe ser a que abrangue a área máis pequena baixo a curva de eficiencia para os dous captadores ensaiados, é dicir, a curva máis desfavorable.

O informe de ensaio correspondente á familia de captadores debe incluír un anexo técnico que especifique a familia de captadores ensaiada: modelo, dimensións e área de apertura de cada un deles.

3. Os captadores construídos á medida (encastrados, integrados no tellado que non comprenden módulos realizados en fábrica e sexan montados directamente no lugar da instalación) son tratados como se describe no punto 1 da norma UNE-EN 12975-1: ensáíase un módulo coa mesma estrutura que o captador instalado cunha superficie total de, cando menos, 2 m². O fabricante ten que explicar a conformidade do módulo ensaiado co resto da súa produción e debe prover unha descrición detallada dos compoñentes.

4. Os captadores moi grandes (superiores a 4 m²) poden ser tratados como os construídos á medida se non é posible o ensaio do captador completo.

MINISTERIO DE XUSTIZA

1810 *REAL DECRETO 45/2007, do 19 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento da organización e réxime do notariado, aprobado polo Decreto do 2 de xuño de 1944. («BOE» 25, do 29-1-2007.)*

I

No relativo ao exercicio da fe pública notarial, como función e servizo público, así como no estatuto dos notarios producíronse nos últimos anos unha serie de modificacións que aconsellan sobradamente unha reforma do vixente regulamento notarial, aprobado polo Decreto do 2 de xuño de 1944, polo que se aproba con carácter definitivo o Regulamento da organización e réxime do notariado.

Así, tales modificacións concréntanse, entre outras, en cuestións tan importantes como a integración dos corretores de comercio colexiados no corpo único de notarios efectuada pola Lei 55/1999, do 29 de decembro; a aprobación dun novo réxime disciplinario notarial, realizada pola Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social; a incorporación das novas técnicas telemáticas e informáticas á función pública notarial, producida pola lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, a Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica e a Lei 24/2005, do 18 de novembro, de reformas para o impulso á produtividade, a Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, no que modifica os artigos 17, 23 e 24 da Lei do notariado, do 28 de maio de 1862 e a desaparición do réxime mutuo como sistema de previsión social dos notarios producida polo artigo 41 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, desenvolvido polo Real decreto 1505/2003, do 28 de novembro, polo que se establece a inclusión dos membros do corpo único de notarios no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

As anteriores reformas exixen unha profunda revisión do regulamento notarial xa que este, sen prexuízo da Lei do notariado, do 28 de maio de 1862, se constitúe no estatuto funcional do notario, así como da súa organización corporativa, sen esquecer, evidentemente, que no devandito regulamento se regula o modo de prestación da función pública notarial.

En calquera caso, a reforma non altera a estrutura do vixente regulamento notarial senón que, acomodándose a este, procede a modificar todos aqueles artigos que polas reformas expostas e polo transcurso do tempo quedaron obsoletos.

As modificacións pódense agrupar en tres bloques: estatuto do notario, como funcionario público; formas documentais e prestación da función pública notarial e organización corporativa do notariado.

II

No relativo ao estatuto do notario débense distinguir, pola súa vez, dous grandes puntos: o seu carácter, requisitos para o exercicio da función e réxime funcional, dun lado, e réxime disciplinario, doutro.

No relativo ao primeiro punto as reformas, esencialmente, céntranse en resaltar a independencia do notario no exercicio da súa función pública e o dereito a elixir libremente notario sen máis limitacións que as previstas no ordenamento xurídico (artigos 1 e 3), así como en regular con maior concreción o seguro de responsabilidade civil como medio de que o usuario do servizo

público notarial non sufra, en ningún caso, prexuízo que non se repare (artigos 24 a 34).

Así mesmo, pódense destacar dentro dese ámbito a regulación das substitucións e das xubilacións, conciliando a integración dos notarios no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos co feito de que son funcionarios públicos (artigos 49 a 58). Consecuencia deste carácter funcional, mantense a natureza de oficina pública da notaría como lugar onde se presta unha función pública, e exíxelles aos colexios notariais que mediante sistemas telemáticos informen axeitadamente acerca dos lugares onde se atopan tales oficinas públicas para que, dese modo, se poida facer efectivo o principio de libre elección de notario polo usuario do servizo público notarial.

Respecto do réxime funcional, destaca a reforma do sistema de provisión de prazas, o que obriga, así mesmo, a reformar as oposicións entre notarios, pois para que este sistema siga prestando os indubidables beneficios que proporcionou ao corpo de notarios debe substituírse, como premio, o aboamento de anos de antigüidade en clase polo aboamento de anos de antigüidade en carreira (artigos 88 a 108).

Por último, e dentro deste primeiro punto, merecen especial consideración as modificacións na denominada xurisdición notarial, modernizando o sistema de habilitacións, sen esquecer que o notario é un funcionario público que exerce a súa función nun ámbito territorial predeterminado, o que obriga a conxugar tal carácter consubstancial á función pública notarial cun axeitado sistema de prestación desta. Por iso se adoptan as medidas imprescindibles para reforzar o réxime de libre elección do notario pois este, como funcionario público que controla a legalidade (artigo 17 bis da Lei do notariado), debe prestar a súa función en réxime de plena independencia e imparcialidade, sen que poidan existir circunstancias que poñan en risco ou dificulten tan esencial nota; non obstante, estas medidas débense coordinar de modo axeitado co exercicio da función pública notarial en libre concorrencia pois a eficiencia do sistema depende do necesario equilibrio entre ambas as dúas facetas, primando dese modo o dereito do usuario a elixir o notario que crea conveniente, pois exixindo a función pública notarial o necesario asesoramento ao outorgante do acto ou negocio xurídico, resulta obvio que este debe elixir o notario que maior confianza lle ofrezca. En consecuencia, modifícanse os artigos 117 a 142 do regulamento notarial.

En canto ao réxime disciplinario (artigos 346 a 364 do regulamento notarial), a reforma era obrigada, pois este modificouse na súa integridade mediante a citada Lei 14/2000, do 27 de decembro. Neste sentido, a mesma experiencia exige a modificación dese réxime, pois demostrou a súa obsolescencia.

III

Respecto das formas documentais e prestación da función pública notarial, as reformas son moi intensas, dado que é preciso recoller nun único texto as diversas formas de documentación pública notarial, incluída a regulación das pólizas e do libro rexistro, e tamén as modificacións derivadas da Lei 36/2006, do 29 de novembro, xa que ao modificar o artigo 17 da Lei do notariado, do 28 de maio de 1962, define os tipos documentais –escritura matriz, acta e póliza–, así como, sobre todo, a modificación da «lei de circulación» da póliza, posto que xa non circulan orixinais, senón que o orixinal da póliza debe ser inescusablemente conservado polo notario no seu libro rexistro ou, de ser caso, no protocolo ordinario. Cabe engadir que, por idéntica razón, se modifican outros preceptos do regulamento notarial, para acometer as modificacións derivadas introducidas pola citada Lei 36/2006, do 29 de novembro, nos artigos 23 e 24 da Lei

do notariado. En consecuencia, modifícase gran parte dos artigos 143 a 306 do regulamento notarial.

Pola súa importancia, debemos destacar os seguintes aspectos: modifícase a regulación da comparecencia en liña co disposto no artigo 98 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, modificado pola Lei 24/2005, do 18 de novembro, exixindo do notario un xuízo expreso e explícito acerca da suficiencia das facultades do representante (artigo 166 do regulamento notarial); refórmase o artigo 175 do regulamento notarial, pois exíxese do notario, para que informe axeitadamente os outorgantes, que coñeza a titularidade e o estado de cargas do inmovible. Para tal fin, resulta patente que o telefax, coas súas indubidables deficiencias, supuxo un notable avance, pero incorporadas as novas tecnoloxías ao ámbito da función pública notarial e rexistral, aquel debe ser un medio residual. Por iso, aproveitando a reforma da Lei hipotecaria (esencialmente, artigos 221, 222.10 e 248) exíxese do notario que este acceda aos libros do Rexistro da Propiedade no momento da autorización da escritura, como medio de proporcionar unha seguridade xurídica íntegra a quen adquire un inmovible confiando no sistema notarial e rexistral.

En idéntico sentido, e dadas as obrigas que lle impuxeron ao notario as leis 24/2001, do 27 de decembro, e 24/2005, do 18 de novembro, exíxese que este expida copia autorizada o mesmo día ou o hábil seguinte cando conteña acto ou negocio susceptible de ser inscrito no Rexistro da Propiedade ou Mercantil, dado que, agás que o interesado manifeste o contrario, o notario deberá remitir telematicamente a copia autorizada a tales rexistros (artigos 112 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, e 249 do regulamento notarial). De aí que, de novo, o fax se converta nun medio residual de comunicar ao Rexistro a existencia dunha escritura susceptible de ser inscrita. En liña co exposto, e en obrigado desenvolvemento do artigo 17 bis da Lei do notariado, regúlase a copia autorizada electrónica (artigo 224 do regulamento notarial).

Igualmente, modifícase a regulación das actas, nuns casos como consecuencia da incorporación das novas tecnoloxías (por exemplo, no caso dos artigos 198 e 200 do regulamento notarial) e, noutros, dada a inadecuación do seu réxime xurídico; neste sentido, regúlase as actas de poxa no artigo 220, chamadas a adquirir unha gran relevancia tras a Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil.

Por último, incorpórase ao regulamento notarial (artigos 284 a 286) a regulación dos índices informatizados previstos no artigo 7 do Real decreto 1643/2000, do 22 de setembro, sobre medidas urxentes para a efectividade da integración nun só corpo de notarios e corredores de comercio colexiados, atribuíndolles a estes a finalidade esencial de servir de canle e medio de colaboración coas administracións públicas. Débese recordar que o notario, como funcionario público, está obrigado a colaborar dun modo máis intenso coas administracións públicas; deste modo, experiencias tales como o recente órgano centralizado de prevención contra o branqueo de capitais creado no Consello Xeral do Notariado ou a posibilidade de que se cree nel unha unidade especializada de carácter idéntico no relativo á fraude fiscal (artigo 17 da Lei do notariado), demostraron a utilidade de mellorar a regulación deses índices exixindo unha maior periodicidade, responsabilizando o notario de calquera erro ou discrepancia entre o seu contido e o acto ou negocio xurídico autorizado ou intervido.

IV

O último bloque de reformas refírese á organización corporativa notarial. Como é coñecido, esta está integrada polos colexios notariais e polo Consello Xeral do Notariado.

As modificacións céntranse en acomodar o ámbito territorial dos colexios notariais ás diferentes comunidades autónomas. Non existe razón ou xustificación ningunha que permita o mantemento da situación actual, con colexios notariais que abranguen nalgúns casos ámbitos territoriais de ata tres comunidades autónomas. Por iso, reordénase o ámbito territorial dos colexios notariais e dáselles nova denominación.

Así mesmo, as reformas tenden a mellorar e modernizar a regulación da organización corporativa do notariado; dese modo, intégrase no regulamento notarial o que ata o mesmo Tribunal Constitucional (SSTC 67/1983, do 22 de xullo e 87/1989, do 11 de maio) recoñeceu, isto é, a existencia dunha administración xerarquizada entre o notario e a súa organización corporativa e entre esta e o Ministerio de Xustiza; modifícase o réxime de ingresos colexiais, pois é preciso garantir o seu axeitado financiamento ao exercer esencialmente funcións públicas, dado que os seus colexiados son funcionarios públicos que prestan un servizo público; refórmase o sistema de elección ás xuntas directivas dos colexios notariais, pois o actual sistema é dunha complexidade inusual ao implicar, por exemplo, continuas renovacións parciais e modifícase, ademais, o período de mandato dos membros das xuntas directivas e do Consello, pois o actual, de tres anos, e a imposibilidade de ser reelixido por máis dun mandato resultan inadecuados; por último, regúlanse as relacións que deba manter a unidade especializada a que se refire o artigo 17 da Lei do notariado respecto dos notarios.

Por último, cabe sinalar que no procedemento de elaboración desta norma foron consultadas as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de xaneiro de 2007,

DISPÕÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do articulado do regulamento da organización e réxime do notariado aprobado polo Decreto do 2 de xuño de 1944.*

Un. Modifícase o artigo 1, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 1.

Os notarios son á vez funcionarios públicos e profesionais do dereito, correspondendo a este dobre carácter a organización do notariado. Como funcionarios exercen a fe pública notarial, que ten e ampara un dobre contido:

- a) Na esfera dos feitos, a exactitude dos que o notario ve, oe ou percibe polos seus sentidos.
- b) E na esfera do dereito, a autenticidade e forza probatoria das declaracións de vontade das partes no instrumento público redactado conforme as leis.

Como profesionais do dereito teñen a misión de asesoraren os que reclaman o seu ministerio e aconsellárenlles os medios xurídicos máis axeitados para o logro dos fins lícitos que aqueles se propoñen alcanzar.

O notariado gozará de plena autonomía e independencia na súa función, e na súa organización xerarquica depende directamente do Ministerio de Xustiza e da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado. Sen prexuízo desta dependencia, o réxime do notariado estimarase descentralizado a base de colexios notariais, rexidos por xuntas directivas con xurisdición sobre os notarios do seu respectivo territorio.

En ningún caso o notario, nin no exercicio da súa función pública, nin como profesional do dereito, poderá estar suxeito a dependencia xerárquica ou económica doutro notario.

O ámbito territorial dos colexios notariais deberase corresponder co das comunidades autónomas, de conformidade co previsto no anexo V deste regulamento.

As provincias integradas en cada colexio notarial dividiránse en distritos, cuxa extensión e límites determinará a demarcación notarial.»

Dous. Modifícase o parágrafo segundo do artigo 3, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Os particulares teñen o dereito de libre elección de notario sen máis limitacións que as previstas no ordenamento xurídico. A condición de funcionario público do notario impide que as administracións públicas ou os organismos ou entidades que deles dependan poidan elixir notario, rexendo para eles o disposto no artigo 127 deste regulamento.»

Tres. Engádese unha letra g) ao artigo 5, coa seguinte redacción:

«g) O número de prazas que se reservan para persoas que teñan a condición legal de persoas con discapacidade conforme o disposto na Lei 53/2003, do 10 de decembro, sobre emprego público de discapacitados, e segundo o Real decreto 1557/1995, do 21 de setembro, sobre acceso de minusválidos ás oposicións ao título de notario.»

Catro. Modifícase o artigo 24, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 24.

O notario electo deberá obrigatoriamente acreditar a contratación dun seguro de responsabilidade civil a que se refire o artigo seguinte e constituír a fianza, en cumprimento do preceptuado polo artigo 14 da Lei orgánica do notariado, presentando na Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado os documentos xustificativos de todo iso. A devandita obriga deberase cumprir dentro do prazo de trinta días naturais, contados desde a publicación do nomeamento para unha notaría determinada en virtude de concurso ordinario no Boletín Oficial del Estado ou, de ser o caso, no boletín ou diario oficial da comunidade autónoma correspondente.»

Cinco. Modifícase o artigo 25, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 25.

O seguro de responsabilidade civil terá por obxecto cubrir as responsabilidades desa índole en que puider incurrir o notario no exercicio do seu cargo.

A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, logo de audiencia do Consello Xeral do Notariado, fixará as condicións mínimas do seguro de responsabilidade civil. Non obstante, o Consello Xeral do Notariado poderá solicitar xustificadamente á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado que se modifiquen estas condicións. O centro directivo deberase pronunciar expresamente no prazo máximo dun mes sobre tal solicitude de modificación.»

Seis. Modifícase o artigo 26, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 26.

A fianza que deberá prestar o notario terá unha contía de 1.500 euros, salvo que se trate de

poboacións de máis dun millón de habitantes, caso en que se elevará a 3.000 euros, cuxa contía poderá ser actualizada pola Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado logo de audiencia do Consello Xeral do Notariado.

A fianza poderaa constituír en títulos da débeda pública ou con garantía de predios rústicos ou urbanos o propio notario ou un terceiro, pero neste caso non se poderá retirar senón avisando o notario con seis meses de anticipación, por medio de requirimento en forma legal, para que durante este termo a repoña, entendéndose que, se non o fixer así, se entregará a fianza ao seu dono, logo de liquidación de responsabilidade e na forma determinada neste regulamento, quedando en suspenso o notario mentres non a complete no prazo regulamentario.»

Sete. Modifícase o artigo 27, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 27.

A fianza en títulos ou efectos públicos constituirase na Caixa Xeral de Depósitos ou en establecementos legalmente autorizados para o efecto, en calidade de depósito necesario, á disposición da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

O notario presentará neste centro o xustificante orixinal definitivo do depósito e copia simple deste, ambos os dous documentos con instancia solicitando a aprobación da fianza.

O devandito xustificante, despois de cotexado e conforme coa copia presentada, será devolto, baixo recibo, ao interesado ou ao seu representante legal.

Iguais formalidades se cumpriran no caso de renovación do xustificante.

A fianza con garantía de predios constituirase en escritura pública de hipoteca que outorgará o que for dono do inmovible, por cantidade bastante para producir a renda sinalada para cada caso, capitalizada esta ao cinco por cento, expresándose que queda á disposición da Dirección Xeral para responder do desempeño do cargo polo notario.

Outorgada a escritura, inscribírase no rexistro da propiedade correspondente.

O notario solicitará da Dirección Xeral a aprobación da fianza por medio de instancia, á cal lle xuntará: 1.º A escritura de constitución de hipoteca, debidamente inscrita; 2.º Certificación, en relación, de cargas dos predios hipotecados, expedida con data posterior á da inscrición da escritura da hipoteca; e 3.º Outra certificación expedida pola oficina catastral, pola do Rexistro Fiscal de Edificios e Soares ou pola secretaría municipal correspondente, na falta dalgunhas das expresadas, facendo constar o líquido imponible con que no último quinquenio aparezan os inmoibles hipotecados.

Se o devandito líquido imponible non for igual ou superior á renda expresada no parágrafo primeiro deste artigo, non se poderá aprobar a fianza, salvo que a diferenza se constituíse en títulos da débeda pública.

Iguais formalidades se cumpriran no caso de renovación ou modificación da fianza.»

Oito. Modifícase o artigo 28, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 28.

O notario suspenso no exercicio do seu cargo por falta de fianza, segundo o establecido no artigo 14 da Lei do notariado, estará obrigado a repoñela no termo dun mes, contado desde o día en que se lle notificase ser declarado suspenso, sen prexuízo das súas responsabilidades disciplinarias.»

Nove. Modifícase o artigo 30, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 30.

A fianza que están obrigados a constituír os notarios como garantía para o exercicio do seu cargo, así como os seus xuros ou produtos, estarán afectos ás responsabilidades contraídas no desempeño daquel e preferentemente ás cantidades que deixase de aboar o notario en concepto de multas, encadernación de protocolos, desorganización e deterioración destes pola súa negligencia, primas do seguro de responsabilidade civil e das achegas, cotizacións e, en xeral, calquera pagamento que deba realizar ao colexio notarial ou que teña a súa orixe en causa corporativa.

Para facer efectivas estas obrigas, a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado ordenará ao notario debedor o pagamento do debido, apercibíndoo da execución forzosa da fianza. Notificada a orde de pagamento, o debedor disporá dun prazo dun mes para aboar o seu importe.

Transcorrido o prazo a que se refire o parágrafo anterior sen que o debedor satisfíxese a débeda reclamada, a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado ordenará o embargo e execución da fianza. Se esta for suficiente para solucionar con cargo a ela a cantidade total reclamada por principal, recargas e xuros, a Dirección Xeral disporá o necesario para executala, comunicándollo ao notario debedor co fin de que repoña a fianza con apercibimento de que, de non o facer, quedará suspendido nas súas funcións conforme o artigo 14 da Lei do notariado. Se a fianza for insuficiente para satisfacer todo o debido, a Dirección Xeral declarará a falta de fianza e a suspensión do notario no seu cargo, con nota no protocolo. A devandita suspensión non se alzará ata que fose integramente satisfísta a débeda reclamada e fose repostada a fianza.

No relativo á suspensión da execución da fianza observarase o disposto no artigo 111 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Dez. Modifícase o artigo 34, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 34.

Acordada a devolución da fianza, a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado entregarlle ao interesado escrito xustificativo de tal acordo para a súa presentación nas entidades en que quedase depositada ou constituída.»

Once. Modifícase o parágrafo quinto do artigo 35, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Non poderán obter a posesión os notarios electos que desempeñen os cargos incompatibles determinados no artigo 16 da Lei do notariado, sen acreditar previamente que cesaron naqueles. En caso de exercer cargo incompatible na Administración pública deberán acreditar a excedencia no corpo de orixe, con carácter previo. Se, malia isto, tomaren posesión da notaría, serán declarados renunciantes e dados de baixa no escalafón do corpo tan axiña como se teña noticia de que existe a devandita incompatibilidade.»

Doce. Modifícase o artigo 38, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 38.

Conferida a posesión, o notario, desde a súa residencia, dirixirá oficios aos alcaldes, xuíces de

primeira instancia e demais autoridades das poboacións comprendidas no distrito notarial, notificándolles, para o seu coñecemento e o do público, estar en disposición de exercer o cargo.»

Trece. Modifícase o artigo 40, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 40.

Dentro dos trinta días seguintes á data da posesión, o notario informará a xunta do colexio notarial a que pertenza do estado xeral en que se atopan o protocolo e o libro rexistro da notaría de que tomou posesión, facendo constar se os instrumentos que os forman reúnen os requisitos externos establecidos polas disposicións vixentes. Será persoalmente responsable das deficiencias que no seu día puideren aparecer, de non as facer constar no seu informe.

Mentres non cumpran a expresada obriga, os notarios non se poderán ausentar das súas notarías nin pedir licenza.

O notario deberalle entregar ao seu sucesor no protocolo o libro indicador e os soportes informáticos en que se atopen os ficheiros de titularidade pública a que se refire a Orde JUS/484/2003, do 19 de febreiro, e os que, con idéntico carácter substitúan ou se engadan a estes. No informe a que se refire o parágrafo primeiro deberase facer constar o cumprimento desta obriga, incluíndo a relación dos ficheiros informáticos recibidos.»

Catorce. O artigo 42 terá a seguinte redacción:

«Artigo 42.

O notario deberá residir no lugar en que estea demarcada a súa notaría.

Os notarios deberán ter o seu despacho ou oficina no punto da súa residencia, en condicións axeitadas e decorosas para o exercicio do seu ministerio, tendo alí centralizada a documentación xeral e particular que se lles confie.

Prohíbeselles aos notarios ter máis dun despacho ou oficina na poboación de residencia nin noutra do seu distrito; non obstante, a xunta directiva poderá autorizar algún despacho auxiliar en poboación distinta daquela en que estivese demarcada a notaría, se o aconsellan as necesidades do servizo.

Non poderá haber máis dun despacho notarial nun mesmo edificio, salvo autorización da xunta directiva do colexio, oídos os notarios que con anterioridade teñan establecido o seu despacho naquel. Tamén se exixirá autorización da xunta para que un notario estableza o seu despacho ou oficina no mesmo edificio en que tivese instalado o seu despacho outro notario, a menos de que transcorresen tres anos ou se trate de poboación onde exista demarcada unha soa notaría.

Para que nun mesmo local actúe máis dun notario requirirase, inescusablemente, autorización da xunta directiva, que só a poderá conceder se se dan as condicións necesarias para asegurar o respecto ao principio de libre elección de notario polo público, atendidas as circunstancias da poboación e o número de notarios existentes nela. En todo caso, non se poderá conceder esta autorización nos distritos que contén con menos de cinco prazas de notarios. Nos distritos que contén con máis de cinco prazas de notarios, o número de notarías abertas non poderá ser inferior aos dous terzos das prazas demarcadas.

As autorizacións que se concedan deberán expresar, como mínimo, as condicións relativas á

utilización do local único e á instalación dos respectivos despachos, así como ás consecuencias do seu incumprimento e ás previsións relativas ao cesamento, por calquera causa, dalgún dos notarios autorizados. A autorización por si soa non afectará os contratos de traballo de cada notario cos seus empregados.

En ningún caso poderán as xuntas directivas conceder autorización para que dous ou máis notarios teñan o seu despacho, separadamente, nun mesmo edificio ou para poder actuar nun mesmo local, cando o pretendan todos os notarios da poboación.

As xuntas directivas poderán modificar e mesmo revogar as autorizacións concedidas nos casos de alteración das circunstancias tidas en conta ao concedelas e nos de incumprimento das condicións establecidas, así como dirimir, de conformidade co disposto nos artigos 314 e 327 deste regulamento, as cuestións que se susciten entre os notarios interesados.

As decisións das xuntas directivas concedendo, denegando, modificando ou revogando as autorizacións a que este artigo se refire e resolvendo as dúbidas ou as queixas que nesta materia se produzan serán inmediatamente executivas, sen prexuízo de que contra elas se poidan interpoñer os recursos procedentes conforme o artigo 334 deste regulamento.»

Quince. Modifícase o artigo 43, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 43.

Non se considerarán como casos de ausencia notarial os seguintes:

1.º As saídas que, por razón do seu cargo, fagan os notarios a outras poboacións do seu distrito.

2.º As que realicen en casos de habilitación regulamentaria mentres dure a habilitación.

3.º As de asistencia a sesións de órganos e actos de carácter corporativo.

4.º As que efectúen para tomar parte en oposicións entre notarios.

Neste caso, deberano poñer en coñecemento do decano respectivo, contándose o termo desde catro días antes do sinalado para o sorteo dos opositores e expirando o cuarto día seguinte ao da última actuación do opositor.

5.º As que impliquen asistencia a cámaras lexislativas.

6.º As de asistencia a sesións de organismos xurídicos ou comisións asesoras dependentes ou relacionadas con calquera Administración, sempre que previamente a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado o declarase así ao tempo da súa aceptación.»

Dezaseis. Modifícase o artigo 49, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 49.

Os notarios, nos casos de ausencia, licenza, incluídas as de maternidade ou paternidade, durante o tempo en que fagan uso deste dereito e polo prazo máximo previsto pola normativa aplicable para a baixa por tal concepto, enfermidade temporal ou calquera outro suposto similar, serán substituídos polo que designe o titular entre os do mesmo distrito ou doutro lindante, logo de acordo neste último suposto da xunta directiva. Non mediando estas designacións, polo que corresponda segundo o cadro de substitucións do colexio e, no seu defecto,

polo que designe a xunta directiva do colexio notarial. Non obstante, a xunta directiva poderá encomendar a substitución a varios notarios, de forma alternativa ou sucesiva, en ningún caso simultánea, fixando o seu réxime de actuación.

Se a duración da enfermidade que motivou a substitución exceder un ano e o notario, ou no seu nome, quen o represente non pedise a excedencia voluntaria, a Dirección Xeral instruirá expediente de incapacidade permanente, logo de esgotamento de prazos de ausencias e licenzas regulamentarias.

Malia o anterior, se a enfermidade non for irreversible, o notario poderá optar pola situación de excedencia en calquera momento da instrución do expediente de incapacidade permanente.»

Dezasete. Modifícase o artigo 51, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 51.

A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado poderá nomear en comisión de servizos os notarios en activo, por todo o tempo que proceda segundo a natureza do traballo encomendado:

- a) Para desempeñar as comisións que se lles encomenden en relación cos servizos propios do devandito centro directivo.
- b) Para prestar algún traballo determinado nalgun ministerio ou organismo público.
- c) Para realizar estudos ou proxectos de especialización por instancia do Consello Xeral do Notariado.

Os membros do Consello Xeral do Notariado, os decanos e vicedecanos dos colexios notariais, os secretarios, vicesecretarios e os encargados de sección do citado Consello Xeral do Notariado, consideraranse en comisión de servizo durante todo o tempo do seu mandato.

Os notarios que ocupen cargo público que sexa compatible coa súa condición de tales conforme as leis, poderán solicitar da Dirección Xeral a asimilación da súa situación á de notario en comisión de servizo.

Os notarios que teñan encomendada pola Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado comisión de servizos ou con autorización desta acepten cargo público compatible coa súa condición de tales conforme as leis, os membros do Consello Xeral do Notariado, os decanos e vicedecanos dos colexios notariais, os secretarios, vicesecretarios e os encargados de sección do Consello Xeral do Notariado, poderán designar para que os substitúan en todas as súas funcións notariais, durante o desempeño dos seus citados cargos ou comisión, outro notario en activo, ben con carácter ocasional ou ben con carácter permanente, coa súa conformidade, poñéndoo en coñecemento do colexio notarial que corresponda o antes posible.

En defecto de designación será nomeado pola xunta directiva do colexio notarial correspondente, segundo o cadro de substitucións, ou fóra deste, de acordo co previsto neste regulamento.

Nos casos en que proceda, o substituto entenderase investido de habilitación especial cos fins previstos nos artigos 3, último parágrafo, e 116 deste regulamento.

O substituto permanente, antes de comezar a substitución e ao finalizala, porá nota na última matriz do protocolo do notario substituído, comunicándollo seguidamente ao colexio notarial. Se o substituto non pertencese ao mesmo colexio notarial que o substituído, ou o solicitar á vista das caracte-

terísticas do seu despacho, estimárase para os efectos regulamentarios que está en uso de licenza por ausencia mentres desempeña a substitución, e a súa situación regularase polo establecido no parágrafo primeiro do artigo 49 e o parágrafo primeiro do artigo 54 deste regulamento.

As condicións económicas da substitución serán libremente convidadas entre os interesados. Na falta de convenio, aplicarase o que dispón o parágrafo segundo do artigo 55 deste regulamento.

O notario substituído poderá, se as funcións que ten encomendadas o permiten, e sempre con subordinación ao traballo que poida ter encomendado, actuar e autorizar documentos na súa notaría en calquera momento, sen necesidade de poñer nota ningunha no protocolo nin de comunicalo ao colexio.

Nos supostos de substitución previstos neste artigo, a designación pode recaer nun ou en varios notarios sempre que, neste último caso, o exercicio das funcións notariais por parte dos nomeados sexa alternativo ou sucesivo, non simultáneo.

As disposicións deste artigo serán de aplicación aos notarios adscritos á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado en todo o que non estea regulado na súa normativa específica.»

Dezaoito. Modifícase o artigo 52, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 52.

Os notarios que acepten os cargos a que se refire o artigo 115 deste regulamento poden designar para que os substitúan en todas as súas funcións notariais, mentres desempeñen aqueles, calquera notario en activo.

Se o substituto pertencer a distinto distrito notarial que o substituído, estimárase, para os efectos regulamentarios, que está en uso de licenza por ausencia mentres desempeña a substitución, e a súa situación regularase polo establecido no parágrafo primeiro do artigo 49 e no parágrafo primeiro do artigo 54 deste regulamento.

O substituído, o antes posible, deberá poñer en coñecemento da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, do decano do colexio notarial da súa residencia e do da residencia do substituto, se este pertence a distinto colexio, a circunstancia de facer uso deste dereito, e a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado autorizará o substituto para que exerza as súas funcións como tal, poñéndoo en coñecemento do decano ou decanos correspondentes.»

Dezanove. Modifícase o artigo 53, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 53.

Os documentos autorizados polo notario substituído incorporaranse ao protocolo ou libro rexistro do notario substituído, agás nos casos de vacante e da habilitación prevista polo artigo 121 deste regulamento, nos termos que resultan deste.

O protocolo e o libro rexistro do notario substituído non se trasladarán á notaría do substituto, salvo que este residir en distinta poboación, suposto en que os poderá trasladar ao domicilio da súa notaría, para a súa mellor custodia, logo de autorización da xunta directiva do respectivo colexio.

Tratándose de substitución por notaría vacante, se o substituto residir na mesma poboación, deberá conservar o protocolo e o libro rexistro do substituído, na súa propia notaría ou noutro lugar axeitado, cando así o autorice con carácter previo a

xunta directiva. Se residir en poboación distinta, o protocolo e o libro rexistro deberán permanecer en lugar axeitado da poboación en que estiver demarcada, sen prexuízo de podelos trasladar á súa notaría ou a outro lugar axeitado, coa finalidade e autorización previa a que se refire o parágrafo anterior.»

Vinte. Modifícase o artigo 56, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 56.

Cada catro anos, na primeira quincena do mes de decembro, ou cando as necesidades do servizo o aconsellen, as xuntas directivas dos colexios notariais formarán o cadro de substitucións, que remitirán á Dirección para a súa aprobación.

O cadro de substitucións, unha vez aprobado, remitirase a todos os notarios do colexio.»

Vinte e un. Modifícase o artigo 57, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 57.

Os notarios xubiláranse forzosamente ao cumpriren a idade de 70 anos ou voluntariamente a partir dos 65, sen prexuízo do que estableza no seu momento a lexislación aplicable.

Os notarios que fosen declarados en situación de incapacidade permanente conforme o previsto no segundo parágrafo do artigo 49, poderán obter, logo de expediente análogo ao previsto no citado artigo, a súa incorporación ao corpo, se acreditaren que desapareceu a causa que motivou a incapacidade, considerándose que ata a data estiveron en situación de excedencia. Estes notarios terán dereito a reingresar no servizo pola mesma poboación onde residiren na data en que se declare a súa incapacidade. Non será precisa a reserva expresa deste dereito ao tempo da declaración da súa incapacidade, podendo renunciar en calquera momento mediante escrito elevado á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, e cuxo exercicio se rexerá polo disposto no artigo 109 deste regulamento.

Tomada posesión da súa praza polo notario que se reincorporase, solicitará a súa alta no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, con indicación da base de cotización por que opta, nos termos e condicións establecidos na regulación do devandito réxime, de conformidade co previsto no artigo 2 do Real decreto 1505/2003, do 28 de novembro, polo que se establece a inclusión dos membros do corpo único de notarios nese réxime especial da Seguridade Social.»

Vinte e dous. Modifícase o artigo 58, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 58.

A xubilación implica o cesamento da relación funcional e a perda da condición de funcionario para os efectos do exercicio da función pública notarial e da posibilidade de ser elector ou elixible para órganos colexiados da organización corporativa notarial.»

Vinte e tres. Modifícase o artigo 61, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 61.

O notario requirido para exercer o seu ministerio a quen se impida ou dificulte o libre exercicio das súas funcións con aldraxes, ameazas ou calquera forma de coacción, farao constar, para os efectos do disposto nos artigos 550, 551.1, 552, 553, 555 e 556 do Código penal, por medio de acta, que asinarán el

mesmo e as testemuñas concorrentes e, de ser o caso, a persoa ou persoas que se presten a subscribila, documento do cal se sacarán tres copias que, dentro das vinte e catro horas seguintes, serán remitidas ao xuíz de instrución, ao presidente do Tribunal Superior de Xustiza e á Xunta Directiva do Colexio Notarial. Esta terá lexitimación para exercer as accións civís e criminais que considere convenientes, mesmo para interpoñer a querela en nome propio e no do notario.

De igual modo se procederá, a teor do disposto no artigo 634 do Código penal, cando, sen incorrer en delito, se faltar ao respecto e consideración debida ao notario. Ademais, o notario poderá reclamar directamente, e baixo a súa responsabilidade, a asistencia de axentes da autoridade, os cales virán obrigados a prestala, conforme os seus respectivos regulamentos.»

Vinte e catro. Modifícase o artigo 67, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 67.

Os notarios poderán realizar congresos, asembleas ou reunións xerais.

O Consello Xeral do Notariado, e as xuntas directivas dos colexios notariais, nos seus respectivos ámbitos, promoverán e organizarán a realización dos que consideren convenientes para o cumprimento dos fins corporativos.»

Vinte e cinco. Modifícase o artigo 68, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 68.

A xunta directiva, respecto do notario que se inutilizar no exercicio do cargo para o desempeño da función ou que se xubilar ou renunciar a este, levando, nestes dous últimos casos, trinta e cinco anos de servizos efectivos, poderá solicitar e obter da Dirección Xeral o título de notario honorario, e asistir con voz pero sen voto ás xuntas xerais.»

Vinte e seis. Modifícase o artigo 69, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 69.

O estudio do notario terá a categoría e consideración de "oficina pública". En consecuencia, a oficina pública notarial deberá reunir as condicións axeitadas para a debida prestación da función pública notarial, debendo estar constituída por un conxunto de medios persoais e materiais ordenados para o cumprimento da devandita finalidade.»

Vinte e sete. Modifícase o artigo 70, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 70.

As xuntas directivas, por propia iniciativa ou por solicitude fundada dun notario, poderanlle consultar á Dirección Xeral as dúbidas que teñan sobre a aplicación da Lei do notariado e o regulamento notarial ou as súas disposicións complementarias. Nas consultas consignarase, razoándoa, a opinión do consultante.»

Vinte e oito. Modifícase o artigo 71, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 71.

Como consecuencia do carácter de funcionario público do notario e da natureza da función pública notarial, a publicidade da oficina pública notarial e do seu titular deberase realizar preferentemente a

través dos sitios web dos colexios notariais e do Consello Xeral do Notariado.

Para tal fin, os colexios notariais manterán unha lista actualizada dos notarios que estiveren colexiados no seu ámbito territorial accesible ao público no seu sitio web. Nos devanditos sitios web, e para os efectos da identificación do notario e localización da oficina pública notarial, incluírase o nome e apelidos do notario, a súa fotografía se este o solicitar, e o enderezo, correo electrónico e números de teléfono e fax da oficina pública notarial.

De ningún modo os notarios se poderán anunciar directa ou indirectamente a título de sucesores dun titular da mesma notaría.

Igualmente, o local da oficina pública notarial poderase anunciar mediante unha placa, respecto da cal as xuntas directivas poderán adoptar medidas sobre a forma e dimensións.»

Vinte e nove. Modifícase o artigo 73, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 73.

A demarcación notarial terá en conta o preceptuado polo artigo 3 da lei e adaptarase á delimitación territorial das provincias ou os entes territoriais previstos na lexislación aplicable e municipios conforme os planos do Instituto Xeográfico Catastral e de Estatística, sen que as alteracións na demarcación xudicial poidan influír na notarial, salvo no caso de que, como consecuencia daquela, se modifique tamén a demarcación notarial.

O real decreto en que se aprobe a demarcación deberá facer constar os distritos notariais, indicando os termos municipais comprendidos dentro destes, todo iso sen prexuízo das competencias asumidas polas comunidades autónomas nos seus respectivos estatutos.»

Trinta. Modifícase o artigo 79, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 79.

Os notarios terán, para todos os efectos legais, a categoría que se lle fixe na clasificación á notaría que estiveren desempeñando, coas seguintes excepcións:

a) O notario que desempeñe notaría que en virtude de nova clasificación aumente ou diminúa de clase ou sección, conservará, mentres a sirva, a que tivese ata entón.

b) Para que o notario poida obter a clase da notaría que obtivo por concurso será preciso que teña unha antigüidade na carreira de cinco anos, se a notaría é de praza clasificada de segunda, e de nove se é de praza clasificada de primeira. Se tiver menos antigüidade na carreira, adquirirá a clase correspondente á súa notaría cando transcorra o prazo indicado, sumando para tal efecto a antigüidade en carreira que tivese á que poida obter na praza obtida por concurso.»

Trinta e un. Modifícase o artigo 80, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 80.

As notarías quedan vacantes:

- 1.º Por morte.
- 2.º Por sentenza firme que condene á inhabilitación absoluta ou especial para o cargo de notario.
- 3.º Por renuncia.
- 4.º Por abandono do cargo.
- 5.º Por translación.

6.º Por excedencia, salvo o establecido no artigo 109 deste regulamento.

7.º Por xubilación ou incapacidade permanente.

8.º Cando, por sentenza firme en que non medie inhabilitación, a pena imposta lle impida ao notario durante máis dun ano o exercicio do seu cargo.»

Trinta e dous. Modifícase o artigo 81, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 81.

Os tribunais que lle impuxesen a un notario pena que leve consigo inhabilitación, absoluta ou especial para o cargo de notario, comunicaranllo á Dirección Xeral, remitíndolle copia da sentenza unha vez que esta sexa firme.

Terán a mesma obriga nos casos en que a sentenza condene a unha pena que, sen levar consigo inhabilitación, lle impida ao notario o exercicio do seu cargo.»

Trinta e tres. Modifícase o ordinal 2.º do artigo 83, que pasa a ter a seguinte redacción:

«2.º Cando dentro dos prazos legais non constituír fianza para desempeñar o cargo, ou non a repuxer cando proceda, nos termos previstos neste regulamento, caso en que se observará o previsto no artigo 28 deste.»

Trinta e catro. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 84, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Considerarase que hai abandono do cargo por parte do notario en calquera dos casos comprendidos no punto 3.º do artigo anterior.»

Trinta e cinco. Modifícase o artigo 85, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 85.

Os decanos dos colexios notariais, os delegados e subdelegados das xuntas directivas e os xuíces de primeira instancia manifestarán á Dirección Xeral a data en que ocorrer unha vacante, dentro dos tres días seguintes a esta. A devandita dirección xeral comunicará a respectiva comunidade autónoma para o exercicio das competencias que tiver asumidas estatutariamente.»

Trinta e seis. Modifícase o artigo 88, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 88.

O concurso constitúe o único modo de cubrir as notarías vacantes, sen outras excepcións que a translación forzosa e a volta ao servizo activo do excedente con reserva de vacante para a mesma poboación.

As vacantes que se produzan relativas a notarías da mesma poboación, asignaranse, as dúas primeiras á quenda primeira e a terceira á quenda segunda e así sucesivamente. A orde das quendas especificadas será rotatoria, tendo en conta as quendas que correspondesen en notarías vacantes da mesma poboación nos anteriores concursos. A vacante que no concurso non resulte cuberta pola quenda de clase, segundo o establecido no artigo 92, adxudicárase no mesmo concurso pola quenda de antigüidade na carreira.

Se, en virtude do artigo 57 deste regulamento, existise algún notario con dereito de reingreso preferente á praza que ocupaba no momento da declaración da súa incapacidade permanente, o dito notario,

antes da asignación de quendas para cada praza, deberalle comunicar o exercicio do seu dereito á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado. Exercido o seu dereito, esta praza excluírase do concurso e atribuíráselle na resolución do devandito concurso.»

Trinta e sete. Modifícase o artigo 90, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 90.

Se unha vacante non for cuberta nun concurso anunciarase nos seguintes ata que sexa cuberta.»

Trinta e oito. Modifícase o artigo 92, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 92.

Na quenda segunda de antigüidade na clase ou sección será nomeado o notario solicitante máis antigo na clase igual á da vacante, cando se trate de notarios de primeira ou segunda clase; en defecto de solicitantes da mesma clase, o máis antigo na inmediatamente inferior, e en defecto destes, o máis antigo da restante clase.

A antigüidade nesta quenda contarase desde a data da adquisición da clase ou sección conforme o previsto no artigo 23 deste regulamento, téndose en conta ademais as seguintes regras:

a) Computarase todo o tempo servido en notarías de igual clase, así como, se é o caso, o tempo de antigüidade en clase bonificado pola oposición entre notarios, conforme o sistema vixente no momento da celebración desta.

b) Nos casos previstos no artigo 79 computarase, ademais, todo o tempo servido polo notario coa súa categoría persoal na notaría de clase diferente a que o devandito artigo se refire en cada un dos seus dous supostos.

Se aplicando as regras anteriores a antigüidade na clase for igual, será nomeado o notario que teña o número máis baixo no escalafón do corpo.

Para as vacantes de terceira clase anunciadas nesta quenda será nomeado o notario da devandita categoría que teña o número máis baixo no escalafón e, no seu defecto, o máis antigo na carreira.»

Trinta e nove. Modifícase o artigo 97, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 97.

A promoción no notariado, ademais da que se pode obter pola antigüidade efectiva de cada notario, na carreira ou na clase, ten lugar pola oposición entre notarios, que, mediante a selección dos concorrentes máis aptos, confire unha bonificación de antigüidade na carreira nos termos que se prevén nesta sección.»

Corenta. Modifícase o artigo 99, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 99.

A convocatoria comprenderá un número de prazas que represente o 1,5% de todas as notarías demarcadas en España, con desprezo dos decimais.

En ningún caso poderán resultar aprobados máis opositores que o número de prazas convocadas.»

Corenta e un. Modifícase o artigo 100, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 100.

A bonificación da antigüidade na carreira realizarase nos seguintes termos:

a) Aos tres primeiros da lista de aprobados que obtivesen un mínimo de 60 puntos, vinte anos.

b) Aos que obtivesen un mínimo de 50 puntos e non superen un sexto, calculado por defecto, das prazas convocadas, quince anos.

c) Aos que obtivesen un mínimo de 45 puntos e non superen un terzo, calculado por defecto, das prazas convocadas, dez anos.

d) Aos que obtivesen un mínimo de 40 puntos e non superen dous terzos, calculados por defecto, das prazas convocadas, cinco anos.

A bonificación de antigüidade obtida sumarase á que a cada opositor xa lle corresponda para os efectos de podela aplicar en calquera concurso que se convoque nos cinco anos seguintes á publicación no Boletín Oficial del Estado da lista de aprobados. Transcorrido o termo de cinco anos, quedará sen efecto a bonificación obtida, salvo que non se publiquen ningún concurso durante tal prazo, caso en que a bonificación se prorrogará ata que este se produza. Feita a bonificación e obtida a praza, o notario figurará no escalafón exclusivamente coa antigüidade que orixinariamente lle corresponda, quedando consumida a bonificación pola oposición regulada nesta sección.»

Corenta e dous. Modifícase o artigo 101, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 101.

O tribunal estará composto por un presidente e seis vogais.

Será presidente o director xeral dos Rexistros e do Notariado ou un dos subdirectores do mesmo centro. No seu defecto, o presidente do Consello Xeral do Notariado ou o seu vicepresidente e, na falta de ambos os dous, o decano que o propio Consello Xeral designe.

Serán vogais: o decano que designe o Consello Xeral do Notariado, no caso de que presida o director xeral ou un dos subdirectores xerais do centro directivo e, noutro caso, un avogado do Estado ou letrado adscrito á Dirección Xeral; dous notarios con máis de vinte anos de antigüidade na carreira ou que aprobasen anteriores oposicións entre notarios; un rexistrador da propiedade ou mercantil, con máis de vinte anos de antigüidade na carreira; un catedrático de universidade, en activo ou excedente, dalgunha das seguintes áreas de coñecemento: dereito romano, civil, mercantil, internacional privado, procesual ou financeiro e tributario, e un avogado do Estado.

Fará as veces de secretario o vogal notario máis moderno.

En ausencia do presidente fará as súas veces o primeiro dos vogais; se o ausente for o secretario, substituirá nas súas funcións o outro vogal notario.

O nomeamento do tribunal farase, despois de publicada a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, por orde, por proposta da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, que se inserirá no Boletín Oficial del Estado.

Dentro dos oito días seguintes ao da publicación do nomeamento do tribunal, a Dirección Xeral citará para a súa constitución, que deberá ter lugar no

prazo máximo de quince días, contados desde a citación.»

Corenta e tres. Modifícase o artigo 102, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 102.

Poderán tomar parte nestas oposicións os notarios en activo que contén con máis dun ano de servizos efectivos, debéndoo solicitar á Dirección Xeral mediante instancia presentada dentro do prazo de trinta días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial del Estado.

Coa instancia non será necesario que se xunte documento ningún, pero si se poderán presentar os que acrediten a publicación de estudos sobre calquera disciplina xurídica, fin para o cal deberán xuntar orixinal ou testemuño notarial do seu traballo.

Ao presentaren a instancia os solicitantes entregarán, ou acreditarán entregar, no lugar que fixe a convocatoria, a cantidade establecida en concepto de dereitos de exame que se sinala conforme as disposicións vixentes ao tempo de se publicar aquela.

Se algunha das instancias tiver algún defecto procederase na forma prevista no artigo 8, parágrafo sexto, deste regulamento.»

Corenta e catro. Modifícase o artigo 105, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 105.

Os exercicios serán tres: un oral e dous escritos, todos públicos.

O primeiro consistirá en redactar por escrito un ditame sobre unha consulta de transcendencia xurídica, de entre os casos formulados reservadamente polo tribunal, que versarán sobre dereito civil español, común e foral, dereito mercantil e lexislación hipotecaria.

O segundo consistirá no desenvolvemento oral de tres temas que versarán: un, sobre dereito civil, común e foral; outro, sobre dereito mercantil; e o terceiro, sobre lexislación hipotecaria ou notarial, sacados á sorte dos contidos no cuestionario que redactará a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado e publicará oportunamente no Boletín Oficial del Estado. Neste exercicio poderá investir o opositor hora e media como máximo.

O terceiro consistirá na redacción dun instrumento público de recoñecida dificultade, debendo o opositor razoarse en prego á parte a aplicación dos principios legais que se tivesen en conta para a súa redacción e resolución dos problemas formulados.

Os exercicios primeiro e terceiro poderanse practicar en grupos, composto cada un deles, se fosen varios, do número de opositores que determine o tribunal. Cada grupo actuará o día que se lle designe.

Un dos opositores do grupo sacará á sorte o tema sobre o cal deba versar o exercicio correspondente, e mesmo para todos os individuos que o formen, e durante oito horas, como máximo, deberá escribir cada opositor o seu traballo.

Unha vez rematado, autorizarao e pecharao nun sobre, do modo previsto no artigo 16.

Nestes exercicios só poderá o opositor consultar textos legais.

Os temas sacados á sorte nos exercicios primeiro e terceiro non volverán ser insaculados.»

Corenta e cinco. Modifícase o artigo 106, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 106.

Nos exercicios primeiro e terceiro, cada un dos membros do tribunal poderá conceder 20 puntos como máximo a cada opositor.

No segundo exercicio, cada un dos membros do tribunal poderá conceder de un a dez puntos como máximo por cada un dos temas a que o opositor contestase.

Non se poderá votar en branco, e o escrutinio verificarase na forma establecida nos parágrafos segundo e terceiro do artigo 18 deste regulamento.»

Corenta e seis. Modifícase o artigo 108, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 108.

O cuestionario do segundo exercicio será o que redactase a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado no momento de publicar a convocatoria e deberá constar, polo menos, cun ano de antelación ao día en que se inicie o citado exercicio. O devandito cuestionario non poderá conter máis de vinte e cinco temas de dereito civil, quince de dereito mercantil, dez de dereito notarial e dez de dereito hipotecario.»

Corenta e sete. Modifícase o artigo 111, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 111.

A situación de excedencia voluntaria non a poderán solicitar notarios que estean sometidos a expediente de corrección disciplinaria.»

Corenta e oito. Modifícase a rúbrica do capítulo I do título III que pasa a intitularse:

«CAPÍTULO I

Da xurisdición notarial»

Corenta e nove. Modifícase o artigo 117, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 117.

Os notarios residentes nunha mesma localidade poderán exercer o seu ministerio, indistintamente, dentro do seu termo municipal.

Tamén o poderán exercer nos termos municipais das demais poboacións do mesmo distrito notarial conforme o artigo 8 da lei nos cales non exista notaría demarcada; pero, salvo os casos de substitución e habilitación, só poderán autorizar instrumentos públicos no termo municipal correspondente ao domicilio doutro ou outros notarios cando estes sexan incompatibles ou haxa outra causa que imposibilite a súa intervención, e sempre que en ambos os dous supostos concorra ademais algunha das circunstancias seguintes:

1.º Imposibilidade física permanente dalgún dos outorgantes ou requirentes.

2.º Imposibilidade accidental dos outorgantes, cando se trate de escrituras de testamento, recoñecemento de fillos non matrimoniais, capitulacións matrimoniais ou actas notariais.

3.º Cando exista un caso de verdadeira importancia por vencemento do prazo legal ou contractual.»

Cincuenta. Modifícase o artigo 118, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 118.

Sen prexuízo dos supostos de habilitación regulamentaria, os notarios de calquera residencia poderán actuar nos termos municipais contiguos ao seu e pertencentes a outro distrito notarial, calquera que sexa o colexio a que correspondan, só para o caso de autorizar o testamento do que estea gravemente enfermo, protestos ou documentos de prazo perentorio, sempre que en tal termo non resida notario ou o notario único ou todos os notarios residentes no lugar sexan incompatibles ou haxa outra causa que imposibilite a súa intervención.»

Cincuenta e un. Modifícase o artigo 119, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 119.

En todo caso, ademais de facelo constar no respectivo documento, o notario comunicaralle á xunta directiva, nos dous días hábiles seguintes, a práctica de calquera actuación prevista nos dous artigos anteriores.»

Cincuenta e dous. Modifícase o artigo 120, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 120.

Ademais dos casos de habilitación especial previstos neste regulamento, cando un distrito quede sen notario en servizo activo por morte, xubilación, traslado de titular, ausencia ou calquera outra causa que o faga necesario para a mellor prestación do servizo público e non estiver previsto o caso no cadro de substitucións, o decano do colexio notarial habilitará outro de distrito lindante, dando conta á Dirección Xeral, que poderá ratificar ou modificar a habilitación a favor doutro, atendendo sempre ao servizo público.»

Cincuenta e tres. Modifícase o artigo 121, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 121.

Cando a atención ao servizo público o requira, as xuntas directivas poderán habilitar excepcionalmente un ou varios notarios para poder actuar en termos municipais distintos daqueles onde estea demarcada a súa notaría, aínda que exista outro notario. En todo caso, as xuntas directivas adoptarán as medidas que procedan logo de informe de notario ou notarios afectados.

Os documentos públicos autorizados ou intervidos polo notario habilitado quedarán incorporados ao seu protocolo ou libro rexistro, salvo que a xunta directiva ao acordar a habilitación determine o contrario.

Estas habilitacións especiais serán inmediatamente executivas sen prexuízo de seren impugnables ante a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, que resolverá logo de informe da xunta directiva.»

Cincuenta e catro. Modifícase o artigo 122, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 122.

As habilitacións a que se refire o artigo anterior subsistirán mentres que a xunta directiva non acorde o contrario ou as modifique.»

Cincuenta e cinco. Modifícase o artigo 123, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 123.

O notario que actúe na residencia doutro fará seus os honorarios xerados.»

Cincuenta e seis. Modifícase o artigo 124, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 124.

Nos supostos de habilitación especial observárase o que estableza a xunta directiva en cada caso.»

Cincuenta e sete. Modifícase o artigo 125, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 125.

A infracción do réxime mencionado, actuando indebidamente na residencia doutro notario, ademais da corrección disciplinaria que proceda, motivará a perda total de honorarios, que experimentará o notario infractor en beneficio de titular ou titulares da residencia non respectada.»

Cincuenta e oito. Engádese unha sección 1.^a a continuación da rúbrica do capítulo II do título III, que comprende o artigo 126, coa seguinte redacción:

«SECCIÓN 1.^a DO DEREITO Á LIBRE ELECCIÓN DE NOTARIO»

Cincuenta e nove. Modifícase o artigo 126, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 126.

Todo aquel que solicite o exercicio da función pública notarial ten dereito a elixir o notario que lla preste, sen máis limitacións que as previstas no ordenamento xurídico, constituíndose o devandito dereito en elemento esencial dunha axeitada concorrencia entre aqueles.

Nas transmisións onerosas de bens ou dereitos realizadas por persoas, físicas ou xurídicas, que se dediquen a iso habitualmente, ou baixo condicións xerais de contratación, así como nos supostos de contratación bancaria, o dereito de elección corresponderá ao adquirente ou cliente daquelas quen, non obstante, non poderá impoñer notario que careza de conexión razoable con algúns dos elementos persoais ou reais do negocio.

Salvando o disposto no parágrafo anterior, observarase o disposto na normativa específica. En defecto de tal, o que as partes pactasen e, en último caso, o dereito de elección corresponderalle ao obrigado ao pagamento da maior parte dos aranceis.

Os notarios teñen deber de respectar a libre elección de notario que fagan os interesados e absteranse de toda práctica que limite a liberdade de elección dunha das partes con abuso de dereito ou infrinxindo as exixencias da boa fe contractual.

Sesenta. Engádese unha sección 2.^a ao capítulo II do título III, que comprende os artigos 127 a 137, coa seguinte redacción:

«SECCIÓN 2.^a DA ROTACIÓN DE DOCUMENTOS»

Sesenta e un. Modifícase o artigo 127, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 127.

Malia o previsto no artigo anterior, cando o outorgante, transmitente ou adquirente dos bens ou dereitos for o Estado, as comunidades autónomas, deputacións, concellos, ou os organismos ou socie-

dades dependentes deles, participados en máis dun cincuenta por cento, ou nos cales aquelas administracións públicas teñan facultades de decisión, os documentos rotaranse entre os notarios con competencia no lugar do outorgamento.

Os devanditos documentos deberanse outorgar en poboación en que a entidade, organismos ou empresa teñan o seu domicilio social, ou delegación ou oficina ou, de ser o caso, onde radique o inmovible obxecto do contrato.

Para os documentos en que, pola súa contía, estea permitido que o notario perciba a cantidade que acorde libremente coas partes, as administracións públicas e entes a que se refire o parágrafo primeiro deste artigo poderán elixir notario sen suxeición á quenda, atendendo aos principios de concorrencia e eficiencia no uso de recursos públicos.

Cando o adquirente for un particular, este poderá solicitar do colexio notarial a intervención de notario da súa libre elección, que deberá ser atendida».

Sesenta e dous. Modifícase o artigo 128, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 128.

Cando por consecuencia de actos, dilixencias, procedementos xudiciais ou resolucións administrativas se teña que redactar escritura matriz ou protocolizarse mediante acta, dilixencias ou documentos de calquera clase, a escritura ou acta será redactada, autorizada e protocolizada polo notario, se for único residente no punto onde estea establecido o xulgado ou tribunal, ou teña o seu asento a autoridade administrativa que ditase a resolución.

Se foren varios os notarios que teñen a súa residencia onde radique o xulgado, tribunal ou autoridade administrativa, a elección corresponderalles aos interesados se a designación for unánime; de non haber conformidade na elección, o xulgado, tribunal ou autoridade administrativa nomeará o notario a quen corresponda, conforme unha quenda establecida entre os notarios que residan na capitalidade do xulgado, tribunal ou residencia da autoridade administrativa.

As particións que fosen aprobadas xudicialmente, así como as actuacións ou dilixencias xudiciais que non deren lugar á redacción de escritura matriz protocolizaraas o notario que, residindo dentro do partido xudicial, for designado unanimemente polos interesados.

Na falta de acordo entre estes, o xuíz ou tribunal designará o notario a quen corresponda, conforme unha quenda establecida entre os notarios do distrito notarial.»

Sesenta e tres. Modifícase o artigo 134, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 134.

As xuntas directivas determinarán as bases, xeito ou forma de levar as rotacións de documentos suxeitos considerados nos artigos anteriores, dando conta para a aprobación do sistema que implanten á Dirección Xeral.

En prol do mantemento da imparcialidade do notario, da libre concorrencia entre estes, así como da efectiva elección do particular e dunha mellor prestación do servizo público, os colexios notariais poderán establecer rotacións desiguais entre os notarios dunha mesma praza e, de ser o caso, se as circunstancias así o xustificaren, excluírán da rotación aqueles notarios cuxo volume de traballo non llea permita atender debidamente.

En todo caso, a prestación do seu ministerio é obrigatoria para os notarios en caso de documentos suxeitos a rotación, debendo as xuntas directivas velar pola corrección da prestación da función pública notarial.

A aplicación dos sistemas correspondentes de documentos en ningún caso alterará o réxime arancelario aplicable ao instrumento público de cuxa autorización ou intervención se trate.»

Sesenta e catro. Modifícase o artigo 138, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 138.

Nunha mesma localidade non poderá haber á vez dous notarios unidos en matrimonio ou en situación de convivencia análoga ou parentes dentro do cuarto grao civil de consanguinidade ou segundo de afinidade a non ser que nesta haxa, polo menos, unha notaría servida por notarios non parentes daqueles.

Tampouco será compatible nun mesmo distrito notarial o cargo de notario co de xuíz de primeira instancia ou rexistrador da propiedade, cando sexan desempeñados por parentes daquel dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade, a non ser que concorran a excepción mencionada no parágrafo anterior.

Cando a incompatibilidade por parentesco sexa sobrevida por causa dunha nova demarcación non será de aplicación o establecido nos parágrafos anteriores. En caso de que sexa sobrevida por calquera outra causa, a xunta directiva, logo de expediente en que se dará audiencia aos notarios afectados e ao resto dos da localidade, resolverá atendendo ás súas circunstancias.»

Sesenta e cinco. Modifícase o artigo 139, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 139.

Os notarios non poderán autorizar escrituras en que se consignent dereitos ao seu favor, pero si aquelas en que só contraian obrigas ou extingan ou pospoñan aqueles dereitos, coa antesinatura "por min e perante min".

En tal sentido, os notarios poderán autorizar o seu propio testamento, poderes de todas as clases, cancelación e extinción de obrigas. De igual modo poderán autorizar ou intervir nos actos ou contratos en que sexa parte o seu cónxuxe ou persoa con análoga relación de afectividade ou parentes ata o cuarto grao de consanguinidade e segundo de afinidade, sempre que reúnan idénticas circunstancias.

Non poderán, en cambio, autorizar actos xurídicos de ningunha clase que conteñan disposicións ao seu favor ou ao do seu cónxuxe ou persoa con análoga relación de afectividade ou parentes dos graos mencionados, aínda cando tales parentes ou o propio notario interveñan no concepto de representantes legais ou voluntarios dun terceiro.

Exceptúase o caso de autorización de testamentos en que sexan nomeados testamenteiros ou contadores-partidores e os poderes para preitos a favor dos mencionados parentes.

O notario non poderá autorizar ou intervir instrumentos públicos respecto de persoas físicas ou xurídicas con que manteña unha relación de servizos profesionais.»

Sesenta e seis. Modifícase o artigo 141, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 141.

O cargo de notario é incompatible cos que determina o artigo 16 da Lei do notariado, especialmente

cos de xuíz e fiscal, e aqueloutros que determine o ordenamento xurídico. Para os efectos do citado artigo, as poboacións en que haxa demarcadas dúas ou máis notaría, equipáranse ás que teñan máis de vinte mil habitantes.

A incompatibilidade dos notarios que acepten os cargos de ministro, subsecretario, director xeral e o resto dos citados no artigo 115 deste regulamento, regularase polo disposto nos artigos 52 e 115 deste regulamento.»

Sesenta e sete. Modifícase o artigo 142, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 142.

O notario que admita calquera dos cargos a que se refire o parágrafo primeiro do artigo anterior, porao en coñecemento, por escrito e inmediatamente, da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, e cesará no exercicio das funcións notariais mentres desempeñe aqueles.

A omisión do escrito equivalerá a opción polo cargo incompatible.

Se, tendo dado o coñecemento, a cesación pasar de tres meses, deberá optar, igualmente, por un ou outro cargo.

Se non o fixer, entenderase que acepta o cargo incompatible, a vacante proverase tamén na quenda que proceda e o notario será declarado en situación de excedencia voluntaria se levar un ano, polo menos, de servizos no corpo ou a incompatibilidade for por nomeamento definitivo en cargo activo e permanente, non accidental ou de suplencia; e renunciante e baixa no escalafón, se o cargo incompatible fose doutra clase e non levase o ano de servizos efectivos.»

Sesenta e oito. Modifícase o artigo 143, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 143.

Para os efectos do artigo 1217 do Código civil, os documentos notariais rexeranse polos preceptos contidos neste título.

Os testamentos e actos de última vontade rexeñanse, en canto á súa forma e requisitos ou solemnidades, polos preceptos da lexislación civil, adaptándose a estes a notarial, que terá o carácter de norma supletoria daquela.

Os documentos públicos autorizados ou intervidos por notario gozan de fe pública, e o seu contido presúmese veraz e íntegro de acordo co disposto na lei.

Os efectos que o ordenamento xurídico lle atribúe á fe pública notarial só poderán ser negados ou desvirtuados polos xuíces e tribunais e polas administracións e funcionarios públicos no exercicio das súas competencias.»

Sesenta e nove. Modifícase o artigo 144, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 144.

Conforme o artigo 17 da Lei do notariado son instrumentos públicos as escrituras públicas, as pólizas intervidas, as actas e, en xeral, todo documento que autorice o notario, ben sexa orixinal, en certificado, copia ou testemuño.

As escrituras públicas teñen como contido propio as declaracións de vontade, os actos xurídicos que impliquen prestación de consentimento, os contratos e os negocios xurídicos de todas as clases.

As pólizas intervidas teñen como contido exclusivo os actos e contratos de carácter mercantil e

financeiro que sexan propios do tráfico habitual e ordinario de, polo menos, un dos seus outorgantes, quedando excluídos do seu ámbito os demais actos e negocios xurídicos, e en calquera caso todos os que teñan obxecto inmobiliario; todo iso sen prexuízo, desde logo, daqueles casos en que a lei establece esta forma documental.

As actas notariais teñen como contido a constatación de feitos ou a percepción que destes teña o notario, sempre que pola súa índole non se poidan cualificar de actos e contratos, así como os seus xuízos ou cualificacións.

Os testemuños, certificacións, legalizacións e demais documentos notariais que non reciban a denominación de escrituras públicas, pólizas intervidas ou actas, teñen como delimitación, no relativo ao contido, a que este regulamento lles asigna.»

Setenta. Modifícase o artigo 145, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 145.

A autorización ou intervención do instrumento público implica o deber do notario de dar fe da identidade dos outorgantes, de que ao seu xuízo teñen capacidade e lexitimación, de que o consentimento foi libremente prestado e de que o outorgamento se adecua á legalidade e á vontade debidamente informada dos outorgantes e intervinientes.

A devandita autorización e intervención ten carácter obrigatorio para o notario con competencia territorial a quen se sometan as partes ou corresponda en virtude dos preceptos da lexislación notarial, unha vez que os interesados lle proporcionen os antecedentes, datos, documentos, certificacións, autorizacións e títulos necesarios para iso.

Malia isto, o notario, na súa función de control da legalidade, non só deberá escusar o seu ministerio, senón negar a autorización ou intervención notarial cando ao seu xuízo:

1.º A autorización ou intervención notarial supoña a infracción dunha norma legal, ou non se lle acredite ao notario o cumprimento dos requisitos legalmente exixidos como previos.

2.º Todos ou algún dos outorgantes carezan da capacidade legal necesaria para o outorgamento que pretendan.

3.º A representación do que compareza en nome de terceira persoa natural ou xurídica non estea suficientemente acreditada, ou non lle corresponda polas leis. Non obstante, se o acto documentado for susceptible de posterior ratificación ou reparación o notario poderá autorizar o instrumento facendo a advertencia pertinente conforme o artigo 164.3 deste regulamento, sempre que se dean as dúas circunstancias seguintes:

- a) Que a falta de acreditación sexa expresamente asumida pola parte a que poida prexudicar.
- b) Que todos os comparecentes o soliciten.

4.º Nos contratos de obras, servizos, adquisición e transmisión de bens do Estado, a comunidade autónoma, a provincia ou o municipio, as resolucións ou expedientes bases do contrato non se ditan sen ou tramítasen conforme as leis, regulamentos ou ordenanzas.

5.º O acto ou o contrato en todo ou en parte sexan contrarios ás leis ou á orde pública ou prescindan os interesados dos requisitos necesarios para a súa plena validez ou para a súa eficacia.

6.º As partes pretendan formalizar un acto ou contrato baixo unha forma documental que non se

corresponda co seu contido conforme o disposto no artigo 144 deste regulamento.

Cando por consecuencia de resolucións ou expedientes da Administración central, autonómica, provincial ou local se deba redactar instrumento público, o notario requirido para autorizalo ou intervirlo terá dereito a examinar, sen entrar no fondo dela, se a resolución se ditou e o expediente se tramitou conforme as leis, regulamentos ou ordenanzas que rexan na materia, e que a persoa que interveña en nome da Administración é aquela a quen as leis atribúen a súa representación.

No caso de resolucións xudiciais que dean lugar ao outorgamento ante notario dun instrumento público, de se apreciar a falta de competencia, procedemento, documentación ou trámites necesarios para este, o notario dirixirase con carácter previo ao xulgado ou tribunal poñendo de manifesto a devandita circunstancia. Unha vez recibida a resolución do órgano xurisdiccional, o notario procederá ao outorgamento nos termos indicados polo xulgado ou tribunal, sen prexuízo de formular no momento do outorgamento as precisións que correspondan, co fin de excluír a súa responsabilidade.

A negativa dos notarios a intervir ou autorizar un instrumento público poderá ser revogada pola Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado en virtude de recurso de calquera dos interesados, a cal, logo de informe do notario e da xunta directiva do colexio notarial respectivo, ditará en cada caso a resolución que proceda. Se esta ordenar a redacción e autorización do instrumento público, o notario poderá consignar ao principio deste que o efectúa como consecuencia da resolución da Dirección Xeral co fin de salvar a súa responsabilidade.»

Setenta e un. Modifícase o artigo 147, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 147.

O notario redactará o instrumento público conforme a vontade común dos outorgantes, a cal deberá indagar, interpretar e adecuar ao ordenamento xurídico, e informará aqueles do valor e alcance da súa redacción, de conformidade co artigo 17 bis da Lei do notariado.

O disposto no parágrafo anterior aplicarase mesmo nos casos en que se pretenda un outorgamento segundo minuta ou a elevación a escritura pública dun documento privado.

No texto do documento, o notario consignará, de ser o caso, que aquel foi redactado conforme a minuta e, se lle constar, a parte de quen procede esta e se obedece a condicións xerais da súa contratación.

Así mesmo, o notario intervirá as pólizas presentadas polas entidades que se dedican habitualmente á contratación en masa, sempre que o seu contido non vulnere o ordenamento xurídico e sexan conformes coa vontade das partes.

Sen mingua da súa imparcialidade, o notario insistirá en informar unha das partes respecto das cláusulas das escrituras e das pólizas propostas pola outra, comprobará que non conteñen condicións xerais declaradas nulas por sentenza firme e inscrita no Rexistro de Condicións Xerais e prestará asistencia especial ao outorgante necesitado dela. Tamén asesorará con imparcialidade as partes e velará polo respecto dos dereitos básicos dos consumidores e usuarios.»

Setenta e dous. Modifícase o artigo 148, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 148.

Os instrumentos públicos deberanse redactar empregando neles estilo claro, puro, preciso, sen frases nin termo ningún escuros nin ambiguos, e observando, de acordo coa lei, como regras imprescindibles, a verdade no concepto, a propiedade na linguaxe e a severidade na forma.»

Setenta e tres. Modifícase o artigo 149, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 149.

Os instrumentos públicos redactaranse no idioma oficial do lugar do outorgamento que os outorgantes conviñesen. En caso de discrepancia entre os outorgantes respecto da utilización dunha soa das linguas oficiais o instrumento público deberase redactar nas linguas oficiais existentes. As copias expediranse no idioma oficial do lugar pedido polo solicitante.»

Setenta e catro. Modifícase o artigo 150, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 150.

Cando se trate de estranxeiros que non entendan o idioma español, o notario autorizará o instrumento público se coñece o daqueles, facendo constar que lles traduciu verbalmente o seu contido e que a súa vontade queda reflectida fielmente no instrumento público.

Tamén poderá neste caso autorizar o documento a dobre columna en ambos os dous idiomas, se así o solicitar o outorgante estranxeiro, que poderá facer uso deste dereito mesmo na hipótese de que coñeza perfectamente o idioma español. Poderase substituír a utilización da dobre columna pola incorporación da tradución en idioma oficial ao instrumento público.

Os notarios poderán intervir pólizas redactadas en lingua ou idioma estranxeiro por requirimento das partes, se todas elas e o notario coñecen o devandito idioma. Nestes casos, a dilixencia de intervención e as restantes manifestacións do notario redactaranse no idioma oficial do lugar do outorgamento.

Cando os outorgantes, ou algún deles, non coñeceren suficientemente o idioma en que se redactase o instrumento público, e o notario non puiden por si comunicar o seu contido, precisarase a intervención, en calidade de intérprete, dunha persoa designada para o efecto polo outorgante que non coñeza o idioma, extremo que se expresará na comparecencia e a autorización do documento, que fará as traducións necesarias, declarando a conformidade do orixinal coa tradución e que subscribirá, así mesmo, o instrumento público.

De acordo co que antecede, o notario que coñeza un idioma estranxeiro poderá traducir os documentos escritos no mencionado idioma que precise inserir ou relacionar no instrumento público.

Cando nun instrumento público houber que inserir documento, parágrafo, frase ou palabra doutro idioma ou dialecto, redactarase inmediatamente a súa tradución ou explicarse o que o outorgante entenda pola frase, palabra ou nome exótico. Están fóra desta prescrición as palabras latinas que tanto no foro coma na linguaxe común son usuais e de coñecida significación.»

Setenta e cinco. O artigo 151 terá a seguinte redacción:

«Artigo 151.

As abreviaturas e brancos de que trata o artigo 25 da lei non se refiren ás iniciais, abreviaturas e frases recoñecidas comunmente por tratamento, títulos de honra, expresións de cortesía, de respecto ou de boa memoria, nin se reputarán brancos os espazos que resulten ao final dunha liña cando a seguinte empece formando cláusula distinta; pero neste último caso deberase cubrir o branco cunha liña de tinta.

Nos instrumentos públicos non se poderán usar algarismos en ningún caso e concepto sen que previamente fosen postos en letra. Exceptúanse aqueles que impliquen expresión de cantidades que non afecten o valor ou prezo do contrato, ou que constitúan referencia numérica das datas e datos doutros documentos ou notas de inscrición nos rexistros ou do pagamento do imposto.

Nas actas notariais e nas pólizas intervidas poderanse usar algarismos para a expresión de cantidades e de datas, aínda que o notario, ao seu único xuízo, poderaos poñer en letra mesmo mediante dilixencia redactada por si, baixo a súa responsabilidade. En caso de discrepancia entre a expresión en letra e en algarismos prevalecerá a expresión en letra.»

Setenta e seis. Modifícase o artigo 154, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 154.

Os instrumentos públicos, coa excepción das pólizas, redactaranse no papel timbrado correspondente, comezando cada un en folla ou prego distinto, segundo se empregue unha ou outra clase de papel e, en todo caso, na primeira páxina daqueles. Ao final do instrumento, expresará o notario a numeración de todas as follas ou pregos empregados, que deberá ser estritamente correlativa, salvo que, con carácter excepcional e por causa xustificada, que o notario expresará, non se puider facer así. As sinaturas dos outorgantes deberán figurar a continuación do texto do acto ou negocio xurídico que se autoriza ou intervéñen, sen prexuízo de que cando o número de outorgantes así o exixir se utilice un ou máis folios adicionais, cuxa numeración deberá ser igualmente relacionada polo notario.

Cando por se tratar de provincia exceptuada do uso de papel selado ou cando por algunha circunstancia excepcional se empregue papel común sen sinal ou numeración que o identifique suficientemente, os outorgantes e testemuñas, de ser o caso, deberán asinar en todas as follas ou pregos.

Non será necesaria a sinatura de outorgantes e testemuñas nas particións e demais documentos que se protocolicen, mesmo cando estean redactados en papel común, debidamente reintegrado, se o instrumento público mediante o cal se protocolicen o está en papel timbrado ou que reúna as condicións expresadas.

Ademais, deberán levar numeración correlativa todas as follas, mesmo as en branco, que constitúen o protocolo anual.»

Setenta e sete. Modifícase o artigo 156, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 156.

A comparecencia de toda escritura indicará:

1.º O número de protocolo, a poboación en que se outorga e, se é fóra dela, a aldea, casarío ou lugar,

con expresión do termo municipal. En caso de autorización fóra do despacho notarial indícarase o lugar de outorgamento.

2.º O día, mes e ano, sendo facultativo agregar outros datos cronolóxicos, ademais da hora nos casos en que por disposición legal se deba consignar.

3.º O nome, apelidos, residencia e colexio do notario autorizante, coas oportunas indicacións de substitución, habilitación, requirimento especial exixido en certos casos e designación en quenda oficial.

4.º O nome, apelidos, idade, estado civil e domicilio dos outorgantes, salvo se se tratar de funcionarios públicos que interveñan no exercicio dos seus cargos, casos en que abondará coa indicación deste e do nome e apelidos.

Expresarase a veciñanza civil das partes cando o pidan os outorgantes ou cando afecte a validez ou eficacia do acto ou contrato que se formaliza, así como no suposto do artigo 161.

Na comparecencia dos representantes poderase indicar como domicilio o do representado ou o da sucursal, axencia ou delegación que constitúa o seu centro de traballo, e na comparecencia de profesionais colexiados, que interveñan por razón da súa profesión, poderase indicar como domicilio o do seu despacho ou estudio.

5.º A indicación dos documentos de identificación dos comparecentes, a salvo o disposto no artigo 163. Tamén se deberá facer constar o número de identificación fiscal cando así o dispoña a normativa tributaria.

6.º As mencionadas circunstancias respecto ás persoas individuais ou as que identifiquen as sociais en cuxa representación compareza algún outorgante, se non constan dos documentos que se incorporen ou testemuñen ou se se operou nelas algunha variación.

7.º A fe de coñecemento polo notario ou medios substitutivos utilizados, se non se considera conveniente consignala ao final.

8.º A afirmación de que os outorgantes, a xuízo do notario, teñen a capacidade legal ou civil necesaria para outorgar o acto ou contrato a que a escritura se refira, na forma establecida neste regulamento, así como, se é o caso, o xuízo expreso de suficiencia das facultades de representación.

9.º A cualificación do devandito acto ou contrato co nome coñecido que en dereito teña, salvo que non o tiver especial.

10.º A profesión ou calquera outro dato persoal, cando o solicite o outorgante, o notario o xulgue conveniente por resultar significativa a súa constancia para unha axeitada identificación, ou a súa inclusión sexa exixida por leis ou regulamentos.»

Setenta e oito. Modifícase o artigo 157, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 157.

As circunstancias identificativas dos outorgantes ou comparecentes faranse constar polo que resulte dos documentos de identidade achegados e, de ser o caso, das súas manifestacións.

Cando o outorgante for coñecido cun segundo nome unido ao primeiro, ou cun nome distinto, expresarase tamén esta circunstancia. Se se coñecer un só apelido, farase constar así, non sendo necesario expresar o segundo cando polos outros datos resultar perfectamente identificado. En caso de dúbida, poderase agregar a súa filiación.»

Setenta e nove. Modifícase o artigo 158, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 158.

A idade dos menores expresarase por indicación da data de nacemento.

Tratándose de maiores de idade, abondará con consignar esta expresión, salvo cando a indicación do número de anos de idade cumpridos for indispensable para o acto ou contrato de que se trate, o exixa algunha disposición legal ou regulamentaria, ou o notario o xulgue conveniente.

Os datos relativos á idade faranse constar polo que figure no documento de identificación do comparecente, do cal resulte a representación, ou tratándose de menores de idade polo que resulte das declaracións dos comparecentes, acreditándose esta circunstancia, se houber dúbida sobre iso, co seu documento de identificación, con certificación do Rexistro civil ou co libro de familia.»

Oitenta. Modifícase o artigo 159, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 159.

As circunstancias relativas ao estado de cada comparecente expresaranse dicindo se é solteiro, casado, separado xudicialmente, viúvo ou divorciado.

Tamén se poderá facer constar por instancia dos interesados a súa situación de unión ou separación de feito.

Se o outorgante for casado, separado xudicialmente ou divorciado, e o acto ou contrato afectar ou puiden afectar no futuro as consecuencias patrimoniais do seu matrimonio actual ou, de ser o caso, anterior, farase constar o nome e apelidos do cónxuxe a quen afecte ou poida afectar, así como o réxime económico matrimonial.

As circunstancias a que se refire este artigo faraan constar o notario polo que resulte das manifestacións dos comparecentes.

Expresarase, en todo caso, o réxime económico dos casados non separados xudicialmente. Se for o legal abondará coa declaración do outorgante. Se for o establecido en capitulacións matrimoniais será suficiente, para todos os efectos legais, que se lle acredite ao notario o seu outorgamento en forma auténtica. O notario identificará a escritura de capitulacións e, de ser o caso, a súa constancia rexistral, e testemuñará, brevemente, o réxime acreditado, salvo que for algún dos regulados na lei, en que abondará con facer constar cal deles é.

Nas escrituras de capitulacións matrimoniais o notario fará constar que as modificacións do réxime económico matrimonial realizadas durante o matrimonio non prexudicarán en ningún caso os dereitos xa adquiridos por terceiros.»

Oitenta e un. Modifícase o artigo 161, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 161.

Respecto de españois, a nacionalidade e a súa identidade acreditarana mediante pasaporte ou o documento nacional de identidade e a veciñanza polo lugar de outorgamento, salvo que manifeste o interesado outra cousa. Respecto de estranxeiros residentes en territorio nacional, a súa nacionalidade e identidade acreditarase mediante pasaporte ou permiso de residencia expedido por autoridade española. Por último, respecto de estranxeiros non residentes a súa nacionalidade e identidade acreditarase mediante pasaporte ou mediante calquera

outro documento oficial expedido por autoridade competente do seu país de orixe que sirva para os efectos de identificación, o que certificará en caso de dúbida a autoridade consular correspondente.

En todo caso, o documento utilizado deberá conter fotografía e sinatura do outorgante.»

Oitenta e dous. Modifícase o artigo 162, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 162.

Os que teñan a súa veciñanza nun punto e a súa residencia ou domicilio noutro deberán consignar expresamente un deles para as notificacións e dilixencias a que poida dar lugar o cumprimento do negocio ou acto documentado.»

Oitenta e tres. Modifícase o artigo 163, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 163.

A indicación dos documentos de identidade será obrigatoria para a redacción das escrituras cando o exixa expresamente a lei.

Exceptúanse os casos de testamentos e aqueles nos cales non poida diferirse, a xuízo do notario, a autorización do instrumento.

Non será preciso achegar documentos de identidade cando o comparecente manifeste carecer deles e a finalidade do documento outorgado sexa exclusiva e precisamente a de facer manifestacións ou outorgar poderes en relación cun expediente administrativo ou xudicial de asilo, acollida de refuxiados, repatriación ou outro similar, sempre que quede constancia da marca dixital e de fotografía do comparecente.

Tampouco se necesitará a indicación do documento de identidade cando se trate de funcionarios públicos que interveñan por razón do seu cargo.»

Oitenta e catro. Modifícase o artigo 164, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 164.

A intervención das outorgantes expresarase dicindo se o fan no seu propio nome ou en representación doutro, sinalando neste caso o dato identificativo do documento do cal xorde a representación, salvo cando emane da lei, caso en que se expresará esta circunstancia, non sendo preciso que a representación legal se xustifique se lle consta por notoriedade ao autorizante.

Se o outorgante actúa en representación voluntaria doutra persoa física ou xurídica, o notario, antes da autorización do acto ou negocio xurídico de que se trate, consultará o Arquivo de Revogación de Poderes ou o que o substitúa do Consello Xeral do Notariado, para os efectos de comprobar que non consta a revogación salvo que, baixo a súa responsabilidade, non considere necesario realizar a consulta.

Se a representación non resultar suficientemente acreditada a xuízo do notario autorizante e todos os comparecentes fixeren constar expresamente a súa solicitude de que se autorice o instrumento con tal advertencia, o notario indicará os devanditos extremos e os medios necesarios para a perfección do xuízo de suficiencia. En tal caso, cando lle sexan debidamente acreditados, o notario autorizante ou o seu sucesor no protocolo así o farán constar por dilixencia, expresando nela o seu xuízo positivo de suficiencia das facultades expresadas. En todas as copias que se expidan con anterioridade á devandita dilixencia o notario fará constar claramente que a

representación non quedou suficientemente acreditada.

Tamén se fará constar o carácter con que interveñen os outorgantes que só comparezan para o efecto de completar a capacidade ou de dar a súa autorización ou consentimento para o contrato.»

Oitenta e cinco. Modifícase o artigo 165, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 165.

Cando algún dos outorgantes concorra ao acto en nome dunha sociedade, establecemento público, corporación ou outra persoa social, expresarase esta circunstancia, designando, ademais das relativas á personalidade do representante, o nome da devandita entidade e o seu domicilio, datos de inscrición e número de identificación fiscal, de ser o caso, e indicando os datos do título do cal resulte a expresada representación. O representante subscribirá o documento coa súa propia sinatura, sen que sexa necesario que antepoña o nome nin use a sinatura ou razón social da entidade que represente.»

Oitenta e seis. Modifícase o artigo 166, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 166.

Nos casos en que así proceda, de conformidade co artigo 164, o notario sinalará no corpo da escritura que autorice os datos identificativos do documento auténtico que se lle achegou para acreditar a representación alegada e expresará obrigatoriamente que, ao seu xuízo, son suficientes as facultades representativas acreditadas para o acto ou contrato a que o instrumento se refira. A indicación polo notario dos datos identificativos do documento auténtico e a súa valoración da suficiencia das facultades representativas farán fe abonda, por si soas, da representación acreditada, baixo a responsabilidade do notario. En consecuencia, o notario non deberá inserir nin transcribir, como medio de xuízo de suficiencia ou en substitución deste, facultade ningunha do documento auténtico do cal nace a representación.

Nos supostos en que o documento de que resulte a representación figure en protocolo legalmente a cargo do notario autorizante, a exhibición da copia auténtica poderá quedar suplida pola constancia expresa de que o apoderado está facultado para obter copia do documento e que non consta nota da súa revogación.

Deberán ser unidos á matriz, orixinal ou por testemuño, os documentos complementarios da representación cando así o exixa a lei e poderán selo aqueles que o notario autorizante xulgue conveniente. Nos casos de unión, incorporación ou testemuño parcial, o notario dará fe de que no omitido non hai nada que restrinja nin, en forma ningunha, modifique ou condicione a parte transcrita.»

Oitenta e sete. Modifícase o último parágrafo do artigo 168, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Cando na redacción dalgunha escritura o notario teña que cualificar a legalidade de documentos outorgados en territorio estranxeiro, poderá exixir, á súa satisfacción, que se acredite a capacidade legal dos outorgantes e a observancia das formas e solemnidades establecidas no país de que se trate. Noutro caso, o notario deberá denegar a súa función conforme o artigo 145 deste regulamento.»

Oitenta e oito. Modifícase o artigo 169, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 169.

Cando para a plena eficacia do acto ou negocio xurídico que se pretenda formalizar sexa precisa a concorrencia do consentimento do cónxuxe ou convivente non intervinientes, o notario poderá autorizar o documento sempre que, facéndolles a oportuna advertencia ás partes, estas insistiren niso e prestaren a súa conformidade, todo o cal se consignará expresamente conforme o artigo 164.»

Oitenta e nove. Modifícase o artigo 170, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 170.

Nos documentos suxeitos a rexistro, o notario fará a descrición dos bens que constitúan o seu obxecto expresando coa maior exactitude posible aquelas circunstancias que sexan imprescindibles para realizar a inscrición.

Por requirimento dos outorgantes ou cando o notario o xulgue conveniente, poderase engadir calquera outra circunstancia descritiva non exixida pola lexislación rexistral que facilite unha mellor determinación do obxecto do negocio xurídico formalizado.

Tratándose de bens inmoables, a descrición incluirá a referencia catastral que lles corresponda, así como a certificación catastral descritiva e gráfica, nos termos establecidos na normativa catastral.»

Noventa. Modifícase o artigo 171, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 171.

Na descrición dos inmoables, os notarios rectificaran os datos equivocados de acordo co que resulte da certificación catastral descritiva e gráfica que reflecta a súa realidade material.

Ao realizar a rectificación consignaranse cos datos novos os que aparezan no título para a debida identificación do predio cos asentos do Rexistro; e nos documentos posteriores só será preciso consignar a descrición actualizada, rectificándoa de novo se for preciso.»

Noventa e un. Modifícase o artigo 175, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 175.

1. Para os efectos de informar debidamente as partes acerca do acto ou negocio xurídico, o notario, antes de autorizar o outorgamento dunha escritura de adquisición de bens inmoables ou constitución de dereito real sobre eles, deberá comprobar a titularidade e o estado de cargas daqueles.

2. O coñecemento da titularidade e estado de cargas do inmovible efectuarase por medios telemáticos nos termos previstos na Lei hipotecaria. Excepcionalmente, en supostos de imposibilidade técnica, poderase efectuar mediante un escrito co seu selo que se poderá remitir por calquera procedemento, mesmo telefax, caso en que se observará o disposto no punto cuarto deste artigo.

3. Sen prexuízo de que como medio de preparación para a redacción da escritura se acceda aos libros do Rexistro da Propiedade, o notario deberá efectualo tamén no momento inmediato máis próximo á autorización da escritura pública baixo a súa responsabilidade. En calquera caso, o acceso realizarase sen intermediación do rexistrador mediante o emprego da sinatura electrónica recoñe-

cida do notario e nos termos previstos no artigo 222.10 da Lei hipotecaria.

O devandito acceso só se poderá efectuar no cumprimento estrito das funcións que a lexislación vixente lle atribúe ao notario.

O notario testemuñará e incorporará á matriz o contido do acceso telemático, indicando o día e a hora deste.

4. Se se empregar telefax ou calquera outro medio escrito, o outorgamento da escritura debe realizarse dentro dos dez días naturais seguintes ao da recepción polo notario da información rexistral, ben que en tal caso o notario advertirá as partes da posible existencia de discordancia entre a información rexistral e os libros do Rexistro, ao non se producir o acceso telemático a estes no momento da autorización.

A solicitude de información, que se poderá referir a un ou varios predios, conterá, ademais do nome do notario, o seu domicilio e número de telefax, a descrición do predio ou predios cos seus datos rexistrais e situación coñecida de cargas, ou ben soamente indicación identificadora en que se faga constar a súa natureza, termo municipal da súa situación, extensión e lindeiros, con expresión, segundo os casos, do sitio ou lugar en que estiver se é rústico, nome da localidade, rúa, praza ou barrio, o número, se o tiver, e o piso ou local, se é urbano, e se foren coñecidos, os datos rexistrais deles e os do titular rexistral ou, polo menos, os do transmitente.

A información poderá ser solicitada sen expresión de prazo ou para un día determinado dentro dos quince naturais seguintes ao da petición.

5. Exceptúanse do deber a que se refiren os puntos anteriores, os seguintes supostos:

a) Cando se trate de actos de liberalidade.

b) Cando o adquirente do ben ou beneficiario do dereito se declare satisfeito da información resultante do título, das afirmacións do transmitente e polo pactado entre eles sempre que, ademais, faga constar a urxencia da formalización do acto na escritura que autorice e todo isto sen prexuízo de que o notario poderá denegar a súa actuación se non considera suficientemente xustificada a urxencia alegada ou se alberga dúbidas sobre a exactitude da información que posúe o adquirente.»

Noventa e dous. O artigo 177 terá a seguinte redacción:

«Artigo 177.

O prezo ou valor dos dereitos determinarase en efectivo, conforme o sistema monetario oficial de España, podéndose tamén expresar as cantidades en moeda ou valores estranxeiros, pero reducíndolos simultaneamente a moeda española. De igual modo, os valores públicos ou industriais estimaranse en efectivo metálico, conforme os tipos oficiais ou contractuais.

Os notarios deberán identificar nas escrituras relativas a actos ou contratos por que se constituán, declaren, transmitan, graven, modifiquen ou extingan a título oneroso o dominio e os demais dereitos reais sobre bens inmobles o prezo, facendo constar se este se recibiu con anterioridade ou no momento do outorgamento da escritura, a contía, así como o medio ou medios de pagamento empregados e o importe de cada un deles.

Respecto do momento do pagamento, o notario fará constar, se se produciu con anterioridade, a data ou datas en que se realizou e o medio de pagamento empregado en cada unha delas.

Igualmente, se o outorgante se nega a identificar o medio de pagamento, en todo ou en parte, o notario deberá facer constar tal circunstancia na escritura pública.

O notario deberá testemuñar na escritura pública os cheques, instrumentos de xiro ou documentos xustificativos dos medios de pagamento empregados, que exhiban os outorgantes.

Se os outorgantes non puidesen presentar, en todo ou en parte do prezo, os documentos acreditativos do medio de pagamento empregado, o notario deberá non só preguntar as causas polas cales non se achegan os documentos xustificativos de pagamento, senón tamén as datas e os medios de pagamento empregados, facendo constar na escritura, baixo a responsabilidade nos termos que procedan dos outorgantes, as súas manifestacións ao respecto.

Se o outorgante se negar a identificar na escritura pública, en todo ou en parte, o medio de pagamento empregado, o notario advertiralle, facéndoo constar na escritura pública, que lle subministrará á Administración Tributaria, de acordo co disposto no artigo 17 da Lei do notariado e a través do Consello Xeral do Notariado, a información relativa á devandita escritura.»

Noventa e tres. Modifícase o artigo 178, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 178.

Farase constar ao final ou na marxe da escritura matriz, por medio de nota, que deberá ser transcrita en cantas copias de calquera clase sexan expedidas a partir deste momento:

1.º A escritura ou escrituras polas cales se cancelen, rescindan, modifiquen, revoguen, anulen ou queden sen efecto outras anteriores, de conformidade co disposto no artigo 1.219 do Código civil.

2.º As de cesión de dereitos ou subrogación de obrigas.

3.º As de adhesión a que se refire o parágrafo 2.º do artigo 176 anterior, cando aquela conste en escritura independente.

4.º Os endosos que constan na primeira copia do instrumento público de actos ou contratos non inscribibles no Rexistro da Propiedade.

O notario que autorice algunha das escrituras comprendidas nos tres primeiros números anteriores comunicarallo telematicamente ao notario en cuxo protocolo estean as matrizes que conteñan os negocios a que a nova escritura afecte mediante o sistema de información central do Consello Xeral do Notariado. O notario que reciba a comunicación farao constar á marxe por nota indicativa da data da segunda escritura e o nome e residencia do notario autorizante. Se a primitiva matriz constar no mesmo protocolo do notario autorizante do último documento, el mesmo porá a nota.

Cando ao notario que custodie o protocolo en que conste a escritura matriz obxecto de calquera das notas previstas nos números primeiro ao cuarto deste artigo lle presente unha copia auténtica da devandita escritura e o requira para iso persoa interesada, el transcribirá, ao final da devandita copia, a nota correspondente.

Tratándose dunha escritura de revogación de poder, o notario autorizante da revogación comunicarlle telematicamente esta mediante o sistema de información central do Consello Xeral do Notariado ao Arquivo de Revogación de Poderes do Consello Xeral do Notariado. A devandita comunicación deberase efectuar no mesmo día ou no hábil

seguinte ao de autorización da devandita escritura. Así mesmo, o notario comunicará telematicamente e a través do mesmo sistema de información ao Consello Xeral e para o devandito arquivo calquera suposto de extinción de poderes que lle conste de forma que faga fe.»

Noventa e catro. Modifícase o artigo 179, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 179.

Os notarios que autoricen ou eleven a escritura pública testamentos nos cales conste algunha disposición de carácter benéfico ou benéfico-docente, ou que teña por obxecto fins de interese xeral, como os de asistencia social, cívicos, educativos, culturais, científicos, deportivos, sanitarios, de cooperación para o desenvolvemento, de defensa do medio ou de fomento da economía ou da investigación, de promoción do voluntariado, ou calquera outro de natureza análoga, remitirán aos órganos administrativos competentes que exerzan o protectorado sobre as fundacións creadas para o cumprimento dos devanditos fins, unha copia simple da cláusula ou cláusulas testamentarias correspondentes, logo que chegue ao seu coñecemento o falecemento do testador.

De igual modo, os notarios que autoricen ou eleven a escritura pública particións ou manifestacións de herdanza fundadas en testamentos que conteñan algunha disposición das expresadas no parágrafo anterior, notificaránlles, mediante acta, aos órganos administrativos competentes a que se refire o punto anterior, o texto íntegro do testamento, con cargo á herdanza, sendo responsables, se non o fixeren, dos prexuízos que poidan ocasionar coa súa negligencia. Non se admitirán en ningún rexistro ou oficina as devanditas particións se non aparecen outorgadas precisamente en escritura pública, e nesta non consta o cumprimento do disposto anteriormente.»

Noventa e cinco. Modifícase o artigo 182, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 182.

Son incapaces ou inhábiles para intervir como testemuñas na escritura:

1.º As persoas con discapacidade psíquica, os invidentes, os xordos e os mudos.

2.º O cónxuxe ou persoa con análoga relación de afectividade e os parentes dentro do cuarto grao de consanguinidade ou segundo de afinidade, do notario autorizante ou do notario autorizado para actuar no seu mesmo despacho de conformidade co artigo 42 deste regulamento.

3.º Os empregados do notario autorizante ou do autorizado para actuar no seu mesmo despacho de conformidade co artigo 42 deste regulamento.

4.º Os cónxuxes e os parentes dos outorgantes, dentro do cuarto grao de consanguinidade ou segundo de afinidade.

5.º Os que fosen condenados por falsidade en documento público ou mercantil ou por falso testemuño.»

Noventa e seis. Modifícase o artigo 183, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 183.

As testemuñas instrumentais serán designadas polos outorgantes ou, se estes non o fixeren, polo notario; pero tanto este, no primeiro caso, como aqueles, no segundo, poderán opoñerse a que o sexan determinadas persoas, salvo os casos en que

por mandado xudicial ou por disposicións especiais se estableza o contrario.»

Noventa e sete. Modifícase o artigo 193, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 193.

Os notarios darán fe de lles ter lido ás partes e ás testemuñas instrumentais a escritura íntegra ou de lles ter permitido que a lean, á súa escolla, antes de que a asinen, e aos de coñecemento o que a elas se refira, e de lles advertir a unhas e a outras que teñen o dereito de a ler por si.

Para os efectos do artigo 25 da Lei do notariado, e con independencia do procedemento de lectura, entenderase que esta é íntegra cando o notario comunicou o contido do instrumento coa extensión necesaria para o cabal coñecemento do seu alcance e efectos, atendidas as circunstancias dos comparecentes.

Igualmente darán fe de que, despois da lectura, os comparecentes fixeron constar que quedaron debidamente informados do contido do instrumento e que prestaron a este o seu libre consentimento.

Se algún dos outorgantes for completamente xordo ou xordomudo, deberá ler en por si; se non o puider ou souber facer será precisa a intervención dun intérprete, designado para o efecto polo outorgante, coñecedor da linguaxe de signos, cuxa identidade deberá consignar o notario e que subscribirá, así mesmo, o documento; se for cego, será suficiente que preste a súa conformidade á lectura feita polo notario.»

Noventa e oito. Modifícase o artigo 195, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 195.

Asinaranse as escrituras matrices conforme o parágrafo segundo do artigo 17 da lei, pero se os outorgantes ou algún deles non souber ou non puider asinar, expresará así o notario e asinará polo que non o faga a persoa que el designe para iso ou unha testemuña, sen necesidade de que escriba en antesinatura que o fai por si e como testemuña, ou polo outorgante ou outorgantes que non saiban ou non o poidan verificar, sendo o notario quen coidará de expresar estes conceptos no mesmo instrumento.

Os que subscriban un instrumento público, en calquera concepto, farano asinando na forma que habitualmente empreguen.

O notario, a continuación das sinaturas de outorgantes e testemuñas, autorizará a escritura e en xeral os instrumentos públicos, signando, asinando e rubricando. Deberá estampar ao lado do signo o selo oficial da súa notaría.

A ningún notario se lle concederá autorización nin para signar nin asinar con estampilla.»

Noventa e nove. Modifícase o artigo 196, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 196.

Salvo indicación expresa en contrario dos interesados, os documentos susceptibles de inscrición nos rexistros da propiedade, mercantís ou de bens mobles poderán ser presentados nestes por vía telemática e con sinatura electrónica recoñecida do notario autorizante, interveniente ou responsable de protocolo. O notario deberá inescusablemente remitir tal documento a través do sistema de información central do Consello Xeral do Notariado debidamente conectado co sistema de información

corporativo do Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España.

O notario deberá deixar constancia diso na matriz así como, de ser o caso, da correspondente comunicación do rexistro destinatario.

Esta regra será de aplicación respecto dos documentos susceptibles de inscrición noutros rexistros públicos con efectos xurídicos cando os seus sistemas de información estean debidamente conectados co do Consello Xeral do Notariado.»

Cen. A sección 3.^a do capítulo II do título IV, que comprende os artigos 197 a 197 sexies, pasa a intitularse:

«SECCIÓN 3.^a DAS PÓLIZAS»

Cento un. Modifícase o artigo 197, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 197.

Poderán ser intervidas as pólizas que documenten os actos e contratos a que se refire o artigo 144 deste regulamento, e reúnan os requisitos e consignan as circunstancias legalmente exixidas, en xeral ou para o contrato que conteñan.

O notario só intervirá o orixinal da póliza que conservará no libro rexistro de operacións e, de ser o caso, no protocolo ordinario. Prohíbese que o notario se desprenda do orixinal da póliza, salvo os supostos legalmente previstos.

Salvo nos casos de substitución regulamentaria, respecto da intervención do mesmo suposto comercial ante distintos notarios, poderase utilizar o sistema de póliza desdobrada consistente en redactar tantas pólizas completas como notarios competentes existan. Cada notario conservará a póliza que interviñese no seu libro rexistro e, de ser o caso, no protocolo ordinario.

A póliza para ser intervida deberá expresar, polo menos, os seguintes extremos:

a) O lugar e data desta, salvo que tales circunstancias figuren xa no texto da póliza.

b) O nome, apelidos, residencia e colexio do notario autorizante, coas oportunas indicacións de substitución, habilitación, requirimento especial exixido en certos casos e designación en quenda oficial, así como o nome e apelidos do notario a quen, de ser o caso, substitúa e a cuxo libro rexistro ou protocolo se incorporará a póliza intervida.

c) O nome e apelidos ou a denominación dos contratantes ou intervinientes, e o seu domicilio, e cantos outros datos exixa a lei para a identificación daqueles. No suposto de representación ou de apoderamento indícarase o nome e apelidos das persoas físicas intervinientes. A indicación identificativa do documento auténtico que se achegase para acreditar a representación e o xuízo de suficiencia das facultades representativas, se é o caso, regulado polo artigo 166 deste regulamento. O notario poderá facer constar cantos outros datos considere oportunos.

d) A cualificación do acto ou contrato co nome coñecido que teña en dereito ou lle atribúan os usos mercantís, salvo que non tiver denominación especial.

e) O contido do acto ou negocio xurídico de que se trate segundo as manifestacións e acordos dos outorgantes.

f) A conformidade e aprobación dos outorgantes ao contido da póliza tal como aparece redactada, e as súas sinaturas. Os outorgantes subscribirán a póliza coa súa propia sinatura, sen que sexa necesario que o representante antepoña o nome, nin use a

sinatura ou razón social da entidade que represente. Tampouco será necesario que asine máis dunha vez o outorgante que interveña na póliza en varios conceptos.

g) Se constar de varias follas, e, tamén salvo que tales circunstancias figuren xa no texto da póliza, o número total de follas, incluídos os anexos, que compoñen o texto contractual, incluíndo os documentos unidos, de ser o caso, que numerará, rubricará e selará.

No relativo á consulta ao Arquivo de Revogación de Poderes observárase o disposto no artigo 164 deste regulamento.

Se a póliza presentada ao notario para a súa intervención non consignar algún dos requisitos cuxa constancia nela sexa exixida pola lei ou por este regulamento, faraos constar o notario antes da dilixencia de intervención.

As pólizas deberanse redactar con caracteres perfectamente lexibles de maneira que os tipos resulten marcados no papel de forma indeleble. Para os efectos das marxes dos lados esquerdo e dereito, necesarias para a súa encadernación e posterior reprodución, serán aplicables a estas as normas contidas nos tres primeiros parágrafos do artigo 155 deste regulamento. Igualmente, deberase deixar un espazo en branco de, polo menos, 10 centímetros ao principio da primeira folla da póliza para os efectos de escribir nel as determinacións que sexan procedentes e, especialmente e de xeito visible, o número do asento.

O notario poderá redactar as circunstancias relativas ao outorgamento da póliza polas partes e á intervención notarial.

A intervención da póliza verificarase por dilixencia, mediante a fórmula "Coa miña intervención", que o notario autorizará co seu signo, sinatura, rúbrica, estampando o seu selo. A devandita dilixencia poderá incorporar de modo sucinto os extremos previstos nas letras a) a g) precedentes.

O notario poderá anexar á póliza folios de uso exclusivo notarial de papel de uso exclusivo para documentos notariais, identificando nestes a póliza a que se anexan.

Se a póliza constar de varias follas, abondará con que os outorgantes asinen ao final do texto contractual. O notario deberá expresar na dilixencia de intervención o número total de follas que compoñen o texto contractual e, de ser o caso, os documentos unidos, debéndoo numerar todas elas, e o notario rubricarás e selarás.

Sen prexuízo do disposto nos artigos 272 e 283 deste regulamento, a póliza incorporárase ao protocolo ou ao libro rexistro indicando na súa cabeceira o número de protocolo ou de libro rexistro. Tamén se poderá incorporar mediante dilixencia redactada en folio anexado onde constará o número de protocolo ou de libro rexistro e, ademais, incluírá unha exposición sucinta da póliza que se incorpora a este.

Intervida e incorporada a póliza ao protocolo ou ao libro rexistro de operacións, o notario poderá expedir traslados dela só con efectos informativos, con suxeición ao disposto no artigo 224 deste regulamento respecto das copias simples.»

Cento dous. Engádese un novo artigo 197 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 197 bis.

As pólizas obxecto de intervención deberanse subscribir en presenza do notario.

Non obstante, nos contratos realizados por representantes de entidades financeiras, no que atinxe exclusivamente aos outorgamentos polas devanditas entidades de operacións propias do seu tráfico ordinario referidas no parágrafo terceiro do artigo 144 deste regulamento, abundará con que o notario, se non concorren persoalmente, se asegure, previamente á intervención, da lexitimidade das sinaturas, e da suficiencia dos poderes de tales representantes, deixando constancia na póliza destas circunstancias.

Mentres non se faga constar outra cousa, entenderase que a sinatura foi posta en presenza do notario, no mesmo lugar e na mesma data da intervención.»

Cento tres. Engádesse un novo artigo 197 ter, coa seguinte redacción:

«Artigo 197 ter.

Nas pólizas obxecto de intervención non se requirirá a concorrencia simultánea ante o notario dos distintos outorgantes, e pode ter lugar en momentos diferentes, salvo que unha disposición legal ou regulamentaria, ou o notario ou calquera dos interesados, a exixa.

No caso de outorgamentos sucesivos, en cada un deles o notario baixo a rúbrica “coa miña intervención” indicará o nome do outorgante, a data do outorgamento e calquera outra circunstancia que considere necesaria e signará, asinará e selará. A incorporación ao protocolo ou ao libro rexistro prodúcese coa primeira intervención do notario.

Entre a data do primeiro outorgamento e a do último non poderá mediar nunca un prazo superior a dous meses. Transcorrido o devandito prazo sen concorreren as circunstancias precisas para formalizar e intervir a operación, non a poderá o notario intervir, debendo, de ser o caso, volver outorgar e asinar os interesados un novo documento.»

Cento catro. Engáse un novo artigo 197 quater, coa seguinte redacción:

«Artigo 197 quater.

Como consecuencia do artigo 17 bis da Lei do notariado, a expresión “coa miña intervención” implica o control de legalidade polo notario e, en particular:

a) A identificación polo notario dos contratantes polos seus documentos de identidade indicados, salvo que se consigne outro medio de identificación dos establecidos no artigo 23 da Lei do notariado.

b) A indicación das circunstancias dos outorgantes conforme o previsto no artigo 197 bis, parágrafo segundo, deste regulamento.

c) O xuízo de capacidade dos outorgantes para o acto ou contrato intervido e, de ser o caso, que os poderes relacionados son suficientes para o acto ou contrato intervido. Será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 164 deste regulamento.

d) Que a cualificación do acto ou contrato é a que figura neste, co nome coñecido que teña en dereito ou lle atribúan os usos mercantís, salvo que non tiver denominación especial.

e) Que o contido do negocio xurídico de que se trate se realiza de acordo coas declaracións de vontade dos intervenientes.

f) Terlles feito aos outorgantes as reservas e advertencias legais na forma exixida polas leis ou por este regulamento. Non obstante, o notario

podará incluír as reservas e advertencias legais que xulgue oportunas.

g) A conformidade e aprobación do contido da póliza tal como aparece redactada, polos outorgantes, e de teren estampado eles ou as testemuñas instrumentais, de ser o caso, a sinatura ante o notario, ou xuízo de lexitimidade desta tratándose de representantes de entidades financeiras, cando legalmente estea permitido.

Se for requirida a actuación dun notario e este se negar motivadamente a intervir, os interesados, se consideran inxustificada a negativa, poderano poñer en coñecemento da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, a cal, oído o notario, resolverá no prazo de quince días. A resolución será susceptible de recurso de alzada ante o ministro de Xustiza.»

Cento cinco. Engádesse un novo artigo 197 quinquies, coa seguinte redacción:

«Artigo 197 quinquies.

Serán aplicables ás pólizas intervidas as disposicións da sección 1.^a e 2.^a anteriores sobre o instrumento público, salvo o establecido no artigo 152, parágrafo segundo deste regulamento e as especialidades contidas nesta sección e as derivadas da súa respectiva natureza.

Facúltase a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado para que, mediante instrución, poida establecer ou modificar as determinacións físicas que en canto a papel, numeración ou forma de redacción, confección e configuración formal, deban ter as pólizas para os efectos do mellor funcionamento de protocolos e libros rexistro ou para a expedición de copias, testemuños ou traslados delas só con efectos informativos.»

Cento seis. Engádesse un novo artigo 197 sexies, coa seguinte redacción:

«Artigo 197 sexies.

Os notarios poderán intervir ou autorizar as distintas declaracións cambiarias, asegurándose da identidade, capacidade e declaración de vontade dos outorgantes, así como das súas facultades se actuaren en representación doutras persoas, e velarán por que se expidan, se é o caso, no modelo oficial e co timbre correspondente.

A dilixencia de intervención será do seguinte ou parecido teor: “coa miña intervención respecto do... (libramento, aceptación, endoso, aval) de don/dona... lugar, data, signo, sinatura e rúbrica do notario e selo da súa notaría”»

Cento sete. A continuación do artigo 197 engádesse unha sección 4.^a ao capítulo II do título IV, que comprende os artigos 198 a 220, que se intitula:

«SECCIÓN 4.^a ACTAS NOTARIAIS»

Cento oito. Modifícase o artigo 198, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 198.

1. Os notarios, logo de instancia de parte en todo caso, redactarán e autorizarán actas en que se consignen os feitos e circunstancias que presencien ou lles consten, e que pola súa natureza non sexan materia de contrato.

Serán aplicables ás actas notariais os preceptos da sección segunda, relativos ás escrituras matrices, coas modificacións seguintes:

1.º Na comparecencia non se necesitará afirmar a capacidade dos requirentes, nin se precisará

máis requisito para requirir o notario para o efecto que o interese lexítimo da parte requirente e a licitude da actuación notarial, salvo que por se tratar do exercicio dun dereito o notario deba facer constar de modo expreso a capacidade e lexitimación do requirente para os efectos do seu control de legalidade.

2.º Non exixen tampouco a dación de fe de coñecemento, coas excepcións previstas no parágrafo anterior, e salvo o caso de que a identidade das persoas for requisito indispensable en consideración ao seu contido.

3.º Non requiren unidade de acto nin de contexto, e poden ser redactadas no momento do acto ou posteriormente. Neste caso distinguirase cada parte da acta como dilixencia diferente, con expresión da hora e sitio, e con cláusula de subscripción especial e separada.

4.º As dilixencias, salvo que, habendo medios para iso, a persoa con quen se entendan pida que se redacten no lugar, poderaas redactar o notario no seu estudio con referencia ás notas tomadas sobre o terreo, facéndoo constar así, e poderá aquela persoa comparecer na notaría para se informar do contido da dilixencia. Cando se redacte a dilixencia no lugar onde se practique, invitará o notario a que a subscriban os que nela teñan interese, así como a calquera outra persoa que estea presente no acto.

5.º As manifestacións contidas nunha notificación ou requirimento e na súa contestación terán o valor que proceda conforme a lexislación civil ou procesual, pero a acta que as recolla non adquirirá en ningún caso a natureza nin os efectos da escritura pública. Non será necesario que o notario dea fe de coñecemento das persoas con quen entenda a dilixencia nin da súa identificación, salvo nos casos en que a natureza da acta exixa a identificación do notificado ou requirido.

6.º En todo caso e calquera que sexa o tipo de acta, o notario deberá comprobar que o contido desta e dos documentos a que faga referencia, con independencia do soporte utilizado, non é contrario á lei ou á orde pública.

7.º As manifestacións verbais percibidas polo notario durante a realización dunha acta só poderán ser recollidas nela coa advertencia previa do notario ao autor da existencia e finalidade da acta, do carácter potestativo da manifestación e da posibilidade de diferila á comparecencia na notaría nos dous días hábiles seguintes ao da entrega da cédula ou copia da acta que as insta. O requirimento para levantar a acta non se poderá referir en ningún caso a conversacións telefónicas, nin comprender a realización de preguntas por parte do notario.

Cando a acta deba ser realizada no interior dun establecemento o notario deberá advertir a persoa responsable, ou que xulgue máis idónea, da súa condición e do obxecto da acta e non consignará feito ningún senón os que comprobe unha vez autorizada a súa actuación. Se lle for negada, limitarase a facelo constar así.

8.º As actas notariais asinaranas os requirentes e signaraas e rubricaraas o notario, salvo que algún daqueles non puidese ou non soubese asinar, caso en que se fará constar así. Quedarán a salvo aqueles supostos de urxencia libremente apreciados polo notario.

9.º Os notarios absteranse de dar fe de incidencias acontecidas en actos públicos sen poñelo en coñecemento da persoa que os presida, pero esta non se poderá opoñer a que aqueles, despois de cumprido este requisito, exerzan as funcións propias do seu ministerio; se esta se opuser, limitarase a facelo constar así.

2. Cando un notario sexa requirido para deixar constancia de calquera feito relacionado cun arquivo informático, non será necesaria a transcripción do contido deste en soporte papel, abondando con que na acta se indique o nome do arquivo e a identificación deste conforme as normas técnicas dadas polo Ministerio de Xustiza. As copias que se expidan da acta deberán reproducir unicamente a parte escrita da matriz, achegándose unha copia en soporte informático non alterable segundo os medios tecnolóxicos axeitados do arquivo relacionado. A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, de conformidade co artigo 113.2 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, determinará os soportes en que se deba realizar o almacenamento, e a periodicidade con que o seu contido debe ser trasladado a un soporte novo, tecnoloxicamente axeitado, que garanta en todo momento a súa conservación e lectura.»

Cento nove. A continuación do artigo 198 do regulamento engádesse unha subsección 1.ª á sección 4.ª do capítulo II do título IV que se intitula:

«Subsección 1.ª Actas de presenza»

Cento dez. Modifícase o artigo 199, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 199.

As actas notariais de presenza acreditan a realidade ou verdade do feito que motiva a súa autorización.

O notario redactará o concepto xeral nun ou varios actos, segundo o que presencie ou perciba polos seus propios sentidos, nos detalles que interesen ao requirente, ben que non se poderá estender a feitos cuxa constancia requira coñecementos periciais.

Na autorización de actas de presenza que constaten feitos susceptibles de publicidade comercial, o notario, ao expresar o alcance concreto da fe pública notarial, fará constar que esta non se pode estender a cousas ou feitos distintos dos que foron obxecto da súa percepción persoal.

Prohíbese o uso publicitario de toda acta que non se instase expresamente coa finalidade de tal uso e, de ser o caso, será necesaria a aprobación previa, por parte do notario autorizante, dos textos e imaxes en que a publicidade se concrete. O nome do notario non deberá aparecer en publicación autorizada dos devanditos textos e imaxes. Deberá o notario, igualmente, denegar a autorización cando poida inducir a confusión aos consumidores e usuarios sobre o alcance da intervención notarial. O Consello Xeral do Notariado creará un arquivo telemático de libre consulta polos notarios e os usuarios en que conste a intervención notarial e as bases dos concursos para os cales se requira aquela. O notario requirido advertirá o requirente da incorporación desa acta ao arquivo telemático indicado para os efectos do exercicio dos dereitos a que se refire a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Se se negar, non poderá facer constar a intervención notarial no devandito arquivo.»

Cento once. Modifícase o artigo 200, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 200.

Serán tamén materia das actas de presenza:

1.º A entrega de documentos, obxectos, diñeiro ou outras cousas, así como os ofrecementos de

pagamento. O texto destas actas comprenderá, no pertinente, a transcripción do documento entregado, a descrición completa da cousa, a natureza, as características e as notas individuais dos obxectos.

2.º O feito da existencia dunha persoa, logo da súa identificación polo notario.

3.º A exhibición ao notario de documentos ou de cousas co fin de que, examinados, os describa na acta tal e como resulten da súa percepción.

4.º Conforme o establecido no artigo 114.2 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, os notarios deberán deixar constancia en acta, por solicitude dos interesados, tanto das comunicacións electrónicas recibidas destes como das que, polo seu requirimento, envíen os notarios a terceiros. A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado queda habilitada para regular mediante instrución a forma en que o notario debe almacenar no seu arquivo electrónico o contido das actas a que se refire este parágrafo, determinando os soportes en que se debe realizar o almacenamento e a periodicidade con que o seu contido debe ser trasladado a un soporte novo, tecnoloxicamente axeitado, que garanta en todo momento a súa conservación e lectura.»

Cento doce. A continuación do artigo 200 do regulamento engádese unha letra (a) á subsección 1.ª da sección 4.ª do capítulo II do título IV que se intitula:

«a. Actas de remisión de documentos por correo.»

Cento trece. Modifícase o artigo 201, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 201.

O simple feito do envío de cartas ou outros documentos por correo ordinario, procedemento telemático, telefax ou calquera outro medio idóneo poderase facer constar mediante acta, que acreditará o contido da carta ou documento e, segundo o medio utilizado, a data da súa entrega, ou a súa remisión por procedemento técnico axeitado e, de ser o caso, a expedición do correspondente xustificante de imposición como certificado, entrega ou remisión, así como a recepción polo notario do aviso de recepción, ou do documento ou comunicación de recepción.

Na carta ou documentos remitidos quedará sempre constancia da intervención notarial.

As sucesivas actuacións notariais a que se refire este artigo faranse constar por dilixencias.

As actas de remisión de documentos non confíren dereito a contestar na mesma acta e á custa do requirente.

O notario non admitirá requirimentos para envío de sobres pechados cuxo contido non apareza reproducido na acta.»

Cento catorce. A continuación do artigo 201 do regulamento engádese unha letra (b) á subsección 1.ª da sección 4.ª do capítulo II do título IV que se intitula:

«b. Actas de notificación e requirimento.»

Cento quince. Modifícase o artigo 202, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 202.

As actas de notificación teñen por obxecto transmitir a unha persoa unha información ou unha decisión do que solicita a intervención notarial, e as de requirimento, ademais, intimar o requirido para que adopte unha determinada conduta.

O notario, discrecionalmente, e sempre que dunha norma legal non resulte o contrario, poderá efectuar as notificacións e os requirimentos

enviando ao destinatario a cédula, copia ou carta por correo certificado con aviso de recepción.

Sempre que non se utilice o procedemento a que fai referencia o parágrafo anterior, o notario comparecerá no domicilio ou lugar en que a notificación ou o requirimento deban practicarse, segundo a designación efectuada polo requirente, dando a coñecer a súa condición de notario e o obxecto da súa presenza. De non estar presente o requirido, poderase facer cargo da cédula calquera persoa que se atope no lugar designado e faga constar a súa identidade. Se ninguén se fixer cargo da notificación, farase constar esta circunstancia. Cando o edificio teña porteiro poderase entender a dilixencia con este.

A dilixencia executarase mediante entrega de cédula que, subscripta polo notario con media sinatura polo menos, conterá o texto literal da notificación ou o requirimento e expresará o dereito de contestación do destinatario e o seu prazo, conforme o artigo 204. Se a dilixencia se entender con persoa distinta deste, a cédula deberase entregar en sobre pechado en que se fará constar a identidade do notario e o domicilio da notaría. O notario advertirá, en todo caso, ao receptor da obriga de facer chegar a poder do destinatario o documento que lle entrega, consignando na dilixencia este feito, a advertencia e a resposta que reciba.

A cédula poderá ir redactada en papel común e non será necesario deixar na matriz nota da súa expedición; abondará con indicar o carácter con que se expide e a data da súa entrega.

O notario sempre que non poida facer entrega da cédula deberá enviar esta por correo certificado con aviso de recepción, tal e como establece o Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, ou por calquera outro procedemento que permita deixar constancia que faga fe da entrega.

A dilixencia poderase practicar en calquera lugar distinto do designado, sempre que o destinatario se preste a iso e sexa identificado polo notario.

De se conseguir executar a acta, farase constar así, o xeito en que se produciu a notificación e a identidade da persoa con que se entendeu a dilixencia; se esta se negar a manifestar a súa identidade ou a súa relación co destinatario ou a se facer cargo da cédula, farase igualmente constar. Se se utilizou o correo, ou calquera outro medio de envío dos previstos neste artigo, consignaranse sucesivamente as dilixencias correspondentes.

A notificación ou o requirimento quedarán igualmente executados e teranse por feitos en calquera das formas expresadas neste artigo.»

Cento dezaseis. Modifícase o artigo 203, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 203.

Cando o interesado, o seu representante ou persoa con quen se entendese a dilixencia se negar a recoller a cédula ou prestar resistencia activa ou pasiva á súa recepción, farase constar así, e terase por realizada a notificación. Igualmente, farase constar calquera circunstancia que lle faga imposible ao notario a entrega da cédula; neste caso procederase na forma prevista no parágrafo sexto do artigo 202.»

Cento dezasete. Modifícase o artigo 204, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 204.

O requirido ou notificado ten dereito a contestar ante o notario dentro da mesma acta, pero sen introducir na súa contestación outros requirimentos ou

notificacións que deban ser obxecto de acta separada.

A contestación deberase facer dunha soa vez, baixo a sinatura do que contesta, e no prazo improrrogable dos dous días hábiles seguintes a aquel en que se practicase a dilixencia ou se recibise o envío postal. Non se consignará na acta ningunha contestación que der o destinatario antes de ser advertido polo notario do seu dereito a contestar e do prazo regulamentario para iso.

Para estes efectos non se considerarán días laborables os sábados.

Os dereitos e gastos notariais da contestación serán a cargo do requirente, pero se a súa extensión exceder o dobre do requirimento ou notificación iniciais, o exceso será a cargo do que contesta.

O notario non poderá expedir copia dunha acta de notificación ou requirimento sen facer constar naquela a contestación, se a houber. Tampouco poderá expedir, antes de caducar o prazo, copia da acta pendente de contestación, salvo que o solicite, baixo a súa responsabilidade, quen teña interese lexítimo para exercer desde logo calquera acción ou dereito, todo o cal se fará constar na cláusula de subscripción da copia e na nota de expedición que se debe consignar na matriz, entendéndose reservado o dereito a contestar mentres non caduque o prazo.»

Cento dezaquito. Engádese un parágrafo ao artigo 206, coa seguinte redacción:

«Artigo 206.

Os notarios, salvo nos casos taxativamente previstos na lei, non aceptarán requirimentos dirixidos a autoridades públicas, xudiciais, administrativas e funcionarios, sen prexuízo de que poidan deixar constancia en acta notarial de presenza da realización polos particulares de accións ou actuacións que lles competan conforme as normas administrativas.»

Cento dezanove. A continuación do artigo 206 do regulamento engádese unha letra (c) á subsección 1.^a da sección 4.^a do capítulo II do título IV que se intitula:

«c. Actas de exhibición de cousas ou documentos».

Cento vinte. A continuación do artigo 207 do regulamento engádese unha subsección 2.^a á sección 4.^a do capítulo II do título IV que se intitula:

«Subsección 2.^a Actas de referencia»

Cento vinte e un. A continuación do artigo 208 do regulamento engádese unha subsección 3.^a á sección 4.^a do capítulo II do título IV que se intitula:

«Subsección 3.^a Actas de notoriedade»

Cento vinte e dous. Modifícase o último parágrafo do artigo 209, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 209.

Por acta de notoriedade poderanse lexitimar feitos e situacións de toda orde, cuxa xustificación, sen oposición de parte interesada, se poida realizar por medio de calquera outro procedemento non litixioso. A declaración que poña fin á acta de notoriedade será firme e eficaz, por si soa, e inscribible onde corresponda, sen ningún trámite ou aprobación posterior. O requirimento a que se refire o requisito primeiro formalizárase mediante acta coa data e número de protocolo do día do requirimento. Concluída a tramitación da acta, incorporárase ao protocolo como instrumento independente na data

e baixo o número que corresponda no momento da súa terminación, deixando constancia desta na acta que recolla o requirimento.»

Cento vinte e tres. Modifícanse as regras 5.^a e 6.^a do artigo 209 bis, que pasan a ter a seguinte redacción:

«5.^a Na acta deberá constar necesariamente, polo menos, a declaración de dúas testemuñas que aseveren que de ciencia propia ou por notoriedade lles constan os feitos positivos e negativos cuxa declaración de notoriedade se pretende. As devanditas testemuñas poderán ser, de ser o caso, parentes do falecido, sexa por consanguinidade ou afinidade, cando non teñan interese directo na declaración. Practícaranse, tamén, as probas propostas polo requirente así como as que se consideren oportunas, en especial as dirixidas a acreditar a nacionalidade e veciñanza civil e, de ser o caso, a lei estranxeira aplicable.

6.^a Ultimadas as anteriores dilixencias e transcorrido o prazo previsto na regra 3.^a fará constar o notario o seu xuízo de conxunto sobre se quedan acreditados por notoriedade os feitos en que se funda a declaración de herdeiros.

En caso afirmativo declarará qué parentes do causante son os herdeiros ab intestato, sempre que todos eles sexan daqueles en que a declaración corresponde ao notario. Na declaración expresaranse as circunstancias de identidade de cada un e os dereitos que por lei lle corresponden na herdanza.»

Cento vinte e catro. Modifícase o artigo 210, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 210.

Na tramitación das actas de notoriedade complementarias do título público conforme os artigos 205 da Lei hipotecaria e 298 do seu regulamento observaranse os seguintes requisitos:

1.^o Con carácter previo, o notario requirido deberá obter do colexio notarial ou Consello Xeral do Notariado documento acreditativo de autorizarse ou non outra acta de notoriedade complementaria de título público de adquisición, relativa ao mesmo predio. O devandito documento poderase obter en soporte papel ou electrónico mediante a correspondente aplicación telemática. En caso de ser positiva a información, o notario deberase abster de aceptar el, facéndolle saber ao interesado a causa da denegación.

2.^o A acta terá por obxecto comprobar e declarar a notoriedade de que o transmitente ou causante dos predios que se pretenden inmatricular é tido como dono deles no termo municipal onde estes radiquen.

3.^o Será notario hábil para efectual a calquera que sexa competente para actuar na poboación en cuxo termo municipal estea o predio obxecto de inmatriculación e, en caso de pertencer a máis dun, a calquera dos notarios con competencia nalgún deles, indistintamente.

4.^o O requirimento para a instrución da acta será feito ao notario por persoa que demostre interese lexítimo en acreditar os feitos que constitúen o seu obxecto.

5.^o O notario practicará, para comprobación da notoriedade pretendida, cantas probas considere necesarias, sexan ou non propostas polo requirente, e especialmente as seguintes:

a) Documental. O interesado deberá presentar ao notario:

1.º O título público de adquisición que a acta debe complementar.

2.º Os documentos que posúa relativos á titularidade do predio polo transmitente ou causante, tales como certificacións catastrais, recibos, acreditación do pagamento do imposto de bens inmobles, documentos privados, e outros, de calquera natureza.

3.º Cando for exixible, a certificación catastral descritiva e gráfica dos predios, en termos totalmente coincidentes coa descrición destes no título público que se debe complementar, e das cales resulte ademais que o predio está catastrado a favor do transmitente ou adquirente.

4.º Certificación ou nota simple informativa do Rexistro da Propiedade acreditativa de que o predio cuxa inmatriculación se pretende non está inscrito no Rexistro da Propiedade.

b) Testemuñal. Así mesmo, na acta deberá constar necesariamente, polo menos, a declaración de dúas testemuñas, veciñas do lugar, que aseveren que, de ciencia propia ou por notoriedade, lles consta que o transmitente ou causante é tido como dono no termo municipal en que radica o predio.

c) Edictos. Publicaranse edictos comunicando a tramitación da acta, o seu obxecto e o predio ou predios a que esta se refire, co fin de que calquera interesado no prazo de vinte días naturais poida alegar o que considere oportuno en defensa dos seus dereitos, debendo o notario interromper a instrución da acta, cando así proceda, por aplicación do número quinto do artigo 209 do regulamento notarial.

Os edictos fixaranse no taboleiro de anuncios do concello da poboación a que corresponda o predio.

6.º O notario autorizante da acta de notoriedade a que se refire este artigo deberá poñer en coñecemento do respectivo colexio notarial ou Consello Xeral do Notariado, o mesmo día en que admítise o requirimento, a iniciación da tramitación da acta, mediante comunicación, en soporte papel ou electrónico, en que se indicará:

- a) Data do requirimento.
- b) Datos persoais do transmitente ou causante que supostamente é tido como dono.
- c) Descrición do predio a que se refire a acta.

Así mesmo e do mesmo modo, deberá o notario autorizante comunicar ao colexio notarial ou ao Consello Xeral do Notariado a conclusión da acta, con expresión do seu resultado.

Nos colexios notariais ou no Consello Xeral do Notariado, levarase un ficheiro ou arquivo informatizado das actas de notoriedade complementarias de título público de adquisición, integrado polas comunicacións remitidas polos notarios.»

Cento vinte e cinco. A continuación do artigo 210 do regulamento engádese unha subsección 4.ª á sección 4.ª do capítulo II do título IV que se intitula:

«Subsección 4.ª *Actas de protocolización*»

Cento vinte e seis. O artigo 215 terá a seguinte redacción:

«Artigo 215.

Os documentos privados cuxo contido sexa materia de contrato poderanse protocolizar por medio de acta cando algún dos contratantes desexe evitar o seu extravío e dar autenticidade á súa data, expresándose en tal caso que tal protocolización se

efectúa sen ningún dos efectos da escritura pública e só para os efectos do artigo 1.227 do Código civil.

Cando non sexan materia de acto ou contrato poderanse protocolizar mediante acta para os efectos que manifesten os interesados.

Os documentos privados suxeitos ao imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, e ao imposto de sucesións e doazóns, non poderán ser obxecto de acta de protocolización se non consta neles a nota que corresponda da oficina liquidadora ou entidade bancaria colaboradora.»

Cento vinte e sete. A continuación do artigo 210 do regulamento engádese unha subsección 5.ª á sección 4.ª do capítulo II do título IV que se intitula:

«Subsección 5.ª *Actas de depósito ante notario*»

Cento vinte e oito. Modifícase o artigo 216, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 216.

Os notarios poden recibir en depósito os obxectos, valores, documentos e cantidades que se lles confíen, ben como garantía de contratos, ben para a súa custodia.

A admisión de depósitos é voluntaria por parte do notario, quen poderá impoñer condicións ao depositante, salvo que o depósito notarial estea establecido nalgunha lei, caso en que se observará o que nela se dispoña.

O depósito notarial de documentos que estean expedidos en soporte informático rexeráse ademais polas seguintes normas:

1.º O soporte dixital que conteña un documento electrónico entregárase en depósito ao notario, polo prazo e condicións que conveña este co requirente ou requirentes; na acta de depósito, ou no documento en que deba quedar unido, abundará con facer referencia ao depósito con indicación das características do documento electrónico e do seu soporte, tales como a súa data, formato e a súa extensión, se as ten, a unidade de medida, de ser o caso, así como as demais características técnicas que os permitan identificar.

2.º A Dirección Xeral dos Registros e do Notariado nos termos previstos no artigo 113.3 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, poderá acordar, cando innovacións técnicas o fagan aconsellable, o traslado sistemático do contido de documentos informáticos depositados a un novo soporte, máis adecuado para a súa conservación, lectura ou reprodución, ditando as normas que garantan a fiabilidade das copias. En todo caso, deberánse citar os interesados, os cales se poderán opoñer retirando o documento.

Tamén poderá realizarse, coa mesma finalidade, o traslado a un novo soporte por instancia da persoa que depositou o documento ou os seus habentes causa. O traslado do contido do documento deberáse facer por medios técnicos axeitados que aseguren a fiabilidade da copia.

Cando proceda a devolución dun depósito redactarase na mesma acta nota expresiva de telo efectuado asinada pola persoa que impuxese o depósito ou por quen traía dela o seu dereito ou exerza a súa representación legal ou voluntaria.

Cando o depósito estiver constituído baixo algunha condición convida cun terceiro, o notario non efectuará a devolución mentres non se lle acredite suficientemente o cumprimento da condición estipulada.

Para a devolución do depósito o solicitante teralle que acreditar ao notario o dereito que o asiste.

O notario rexeitará todo depósito que se pretenda constituír en garantía dun acto ou contrato contrario ás leis ou á orde pública.

Se o obxecto depositado for un programa informático cuxo contido non poida ser razoablemente coñecido polo notario, este só admitirá o depósito se o requirente depositante manifesta que o contido daquel programa non é contrario á lei ou á orde pública.»

Cento vinte e nove. Modifícase o artigo 217, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 217.

Cando os notarios aceptaren os depósitos en metálico, valores, efectos e documentos a que se refire o artigo anterior, redactarase unha acta que terán que asinar o depositante ou persoa ao seu rogo, se non souber ou non puider asinar, e o notario. Na devandita acta consignaranse as condicións propostas polo notario e aceptadas polo depositante para a constitución e devolución do depósito, así como tamén todo canto for preciso para a súa identificación.

Os depósitos dos obxectos en que sexa necesaria a súa identificación entregaranse ao notario, pechándoos e selándoos na súa presenza en forma que ofrezga garantía de non seren abertos. Respecto dos depósitos en efectivo a que se refire este artigo, o notario non poderá obter para si, o depositante ou terceiro rendemento das cantidades depositadas. Para tal fin, deberá abrir unha conta específica non remunerada, sen que o notario poida desempeñar funcións de xestión respecto do devandito efectivo, cheque ou fondos.

Sempre que o notario o considere conveniente para a súa seguridade, poderá conservar os depósitos que se lle confíen nun banco, e en caixa de aluguer arrendada ao seu nome como tal notario, advertíndollo así ao depositante e consignándoo na acta. A devandita caixa só poderá ser aberta polo notario ou polo seu substituto legal, ou mediante orde escrita da xunta directiva do colexio notarial respectivo ou da Dirección Xeral, de ser o caso. Queda a salvo o anteriormente previsto.»

Cento trinta. A continuación do artigo 217 do regulamento engádese unha subsección 6.^a á sección 4.^a do capítulo II do título IV que se intitula:

«Subsección 6.^a Documento que fai fe de liquidación»

Cento trinta e un. Modifícase o artigo 218, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 218.

Cando para despachar execución polo importe do saldo resultante das operacións derivadas de contratos formalizados en escritura pública ou en póliza intervida, conforme o artigo 572.2 da Lei de axuizamento civil, sexa necesario xuntarlle á demanda executiva, ademais do título executivo o documento que faga fe de que se practicou a liquidación na forma pactada polas partes no devandito título, tal como establece o artigo 573.1.2.^a da Lei de axuizamento civil, o notario farao constar mediante documento que faga fe en que se exprese a liquidación, que se rexerá polas normas xerais e especialmente, polas seguintes:

1.^o Xunto co requirimento, que se poderá efectuar mediante carta dirixida ao notario, quen lexiti-

mará a sinatura do remitente e incorporará á acta, a entidade acreedora entregará ou remitirá ao notario o título con efectos executivos da escritura pública ou da póliza intervida que deba servir de título para a execución ou, de ser o caso, testemuño notarial dos devanditos documentos, salvo que o contido do título executivo resulte do seu protocolo ou libro rexistro, así como unha certificación por ela expedida, en que se especifique o saldo exixible ao debedor, ademais dos extractos contables correspondentes, debidamente asinados, que lle permitan ao notario efectuar as verificacións técnicas oportunas. Quedará incorporada ao documento que faga fe a certificación do saldo e inserirase ou unirase testemuño literal ou en relación dos documentos contables que serviron para a súa determinación.

2.^o Se no contrato non se reflectiron, de forma explícita, os tipos de xuro ou comisións aplicables, a entidade requirente deberalle acreditar ao notario cales foron estes, facendo constar todo iso na acta de liquidación.

3.^o O notario deberá comprobar, e expresar no documento que faga fe, que no título executivo as partes acordaron empregar o procedemento establecido no artigo 572.2 da Lei de axuizamento civil para fixar a contía líquida da débeda.

4.^o Cos documentos contables presentados o notario comprobará se a liquidación se practicou, ao seu xuízo, na forma pactada polas partes no título executivo.

Se o saldo for correcto, o notario fará constar por dilixencia o resultado da súa comprobación, expresando:

a) Os datos e referencias que permitan identificar as persoas interesadas, o título executivo e a documentación examinada polo notario.

b) Que, ao seu xuízo, a liquidación se efectuou conforme o pactado polas partes no título executivo. Así mesmo, poderá facer constar calquera precisión de carácter xurídico, contable ou financeiro que o notario considere oportuno.

c) Que o saldo especificado na certificación expedida pola entidade acreedora, que se incorporará á acta de liquidación, coincide co que aparece na conta aberta ao debedor.

d) Que o documento que faga fe comprensivo da liquidación se redacta para os efectos previstos nos artigos 572.2 e 573.1.2.^o da Lei de axuizamento civil.»

Cento trinta e dous. Modifícase o artigo 219, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 219.

Os notarios, por requirimento de parte interesada, poderán autorizar actas de liquidación relativas a calquera conta ou contrato non comprendido no artigo anterior. Esta clase de actas, segundo o alcance do requirimento, deberán conter os apuntamentos contables e o saldo final, así como a expresión das condicións en que se practicou a liquidación.

Estas actas de liquidación acomodaranse aos requisitos formais, materiais e de rexistro, establecidos no artigo anterior, coas especialidades derivadas do requirimento.»

Cento trinta e tres. A continuación do artigo 217 do regulamento engádese unha subsección 6.^a á sección 4.^a do capítulo II do título IV, que se intitula:

«Subsección 6.^a Actas de poxas»

Cento trinta e catro. Modifícase o artigo 220, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 220.

1. As actas notariais de poxa rexeranse polas normas xerais e polas seguintes regras:

1.^a O requirimento ao notario farao o propietario do ben ou dereito que se vaia poxar, a persoa lexitimada para dispoñer del, ou o representante daquel ou deste.

O requirente presentarlle ao notario o prego de condicións a que se deba suxeitar a poxa, que se unirá á acta, e no cal necesariamente se consignarán: a descrición da cousa que se vaia poxar e o seu estado de cargas e de arrendamentos; o tipo de poxa; o depósito que sexa necesario para tomar parte nesta; o procedemento de poxa; o prazo para presentar os sobres pechados; o lugar, día e hora de realización da poxa; a posibilidade de realizar, de ser o caso, unha segunda e unha terceira poxa, os seus tipos, lugares e datas; os lugares ou xornais en que se deba anunciar a poxa, e a súa duración ou antelación; se se admiten ofertas coa condición de ceder a un terceiro; o prazo en que se deba completar o pagamento do prezo; e cantas condicións ou outros extremos lícitos se consideren oportunos. O prego de condicións deberá respectar as mínimas establecidas neste artigo.

O requirente aseverará baixo a súa responsabilidade, e acreditará o notario, a propiedade da cousa que se vaia poxar ou a súa lexitimación para dispoñer dela; a súa liberdade ou estado de cargas; situación arrendaticia e posesoria; estado físico en que se atopa; obrigas pendentes; e cantas circunstancias teñan influencia no seu valor; así como, se é o caso, a representación, voluntaria, orgánica ou legal con que o requirente actúe. Para todo iso, e para a súa constancia na acta, o notario aplicará as normas que contén este regulamento para os instrumentos públicos.

O notario non aceptará o requirimento ata que, estudada a documentación presentada, e emendada ou completada, de ser o caso, identificase o requirente, apreciase a súa capacidade legal para o requirimento que efectúa, comprobase a concorrencia das autorizacións, consentimentos ou requisitos necesarios e estimase, conforme o artigo 145 deste regulamento, que non concorre ningunha outra causa de denegación de funcións.

2.^a A poxa deberá ser anunciada con dez días de antelación como mínimo respecto do sinalado para a súa realización e, de ser o caso, para a presentación dos pregos que conteñen as ofertas.

O anuncio levarase a cabo, como mínimo, na forma seguinte, segundo a contía do tipo da primeira poxa:

a) Ata 6.000 euros, no taboleiro de anuncios do concello en que se atopen situados todos ou a maioría dos bens.

b) Ata 60.000 euros, nun dos xornais de maior circulación da respectiva localidade e, no seu defecto, da provincia.

c) Ata 120.000 euros, no boletín oficial da provincia ou, no seu defecto, da comunidade autónoma respectiva.

d) E de máis de 120.000 euros, no Boletín Oficial del Estado.

O anuncio conterá, cando menos, a expresión sucinta do obxecto da poxa; local, día, hora e notario autorizante da poxa; tipo de licitación; local en que

están de manifesto ao público a documentación e o prego de condicións, e aquel en que, de ser o caso, poderá ser visitada a cousa poxada. Poderanse engadir a indicación do local, día e hora en que terían lugar a segunda e a terceira poxa, se foren procedentes, e os seus tipos.

Iniciada a publicación da poxa, non poderá o requirente desistir da súa rogación.

3.^a Sempre que o requirente da poxa non sexa o propietario da cousa que se vai poxar ou o seu representante, o requirimento deberá ser efectuado a notario competente territorialmente por razón do domicilio do devandito propietario ou da situación do ben ou da maior parte dos bens obxecto da poxa.

O tipo da licitación na primeira poxa que non estiver contractualmente establecido, será fixado neste caso por perito oficial designado polo requirente; no seu defecto, tomarase como tipo o maior valor dos ditaminados por dous peritos prácticos, igualmente designados polo requirente. En todo caso os peritos deberán comparecer ante o notario para entregar os seus ditames e ratificarse neles, así como para acreditar, se é o caso, a súa titulación. O tipo da segunda poxa será o setenta e cinco por cento do tipo da primeira; a terceira poxa, cando proceda, efectuarase sen suxeición a tipo.

O notario notificaralle ao propietario do ben, salvo que sexa o propio requirente, a tramitación da poxa e todo o contido que, conforme a regra anterior, debe ter o anuncio, así como o procedemento seguido para a fixación do tipo de poxa; e requirirao para que compareza na acta en defensa dos seus intereses. A dilixencia practicarase conforme o artigo 202 deste regulamento, no domicilio fixado contractualmente ou, no seu defecto, no habitual do notificado e, se non for coñecido, no que resulte de documento ou rexistro público.

4.^a Se o propietario da cousa ou un terceiro que se considera con dereito a iso, compareceren oponéndose á realización da poxa, o notario fará constar sucintamente na correspondente dilixencia a súa petición e as razóns e documentos que para iso aduzan e reservarlles os seus posibles dereitos para que os exerzan xudicialmente.

5.^a A poxa realizarase polo procedemento de sobres pechados, que deberán ser entregados ao notario con tres días laborables de antelación ao sinalado para o acto de poxa, xunto co depósito necesario para tomar parte nela ou xustificante de o ter consignado nunha entidade de crédito.

Este depósito ascenderá ao dez por cento do tipo de licitación que non exceda os tres mil euros, máis o cinco por cento do exceso, de ser o caso.

6.^a A poxa realizarase ante o notario no lugar, día e hora, e polo procedemento anunciado, con estrita suxeición ao prego de condicións.

O notario expedirá a correspondente dilixencia, en que sinteticamente se recollerán os aspectos de transcendencia xurídica; as reclamacións que se presentasen e a reserva dos dereitos correspondentes ante os tribunais de xustiza; a persoa do mellor ofertante e o prezo ofrecido por ela; o xuízo do notario de que na poxa se observaron as normas legais que a regulan e o prego de condicións baixo o cal foi convocada; e a adxudicación da cousa poxada polo requirente ou pola mesa.

Se estes non concorreren, abondará o xuízo do notario para que a poxa quede concluída e a cousa adxudicada.

O adxudicatario asinará a dilixencia, despois de que o notario o identificase e apreciase a súa capacidade conforme a lexislación notarial.

7.^a A tramitación e o acto de poxa só poderán ser interrompidos por mandado xudicial.

8.^a En dilixencias sucesivas, e dentro dos prazos sinalados no prego de condicións, faranse constar a devolución dos depósitos feitos para tomar parte na poxa por persoas que non resultasen adxudicatarias; a cesión do remate a un terceiro, de ser o caso; o pagamento do resto do prezo polo adxudicatario; e a entrega polo notario ao requirente das cantidades que percíbese do adxudicatario.

9.^a Se a cousa poxada for inmoble, o requirente, conforme o disposto no artigo 1280.1.º do Código civil, outorgará ante o notario escritura pública de venda a favor do adxudicatario ao tempo de completar este o pagamento do prezo. O mesmo se fará nos demais casos en que a lei exige documento público como requisito de validez ou eficacia da transmisión, así como en calquera outro caso en que o adxudicatario o solicite. Nos demais supostos, a copia autorizada da acta servirá de título ao rematante.

2. As poxas voluntarias poderanse convocar coa reserva do dereito do requirente a aprobar o remate ao seu libre arbitrio, ou baixo outras condicións especiais, debéndose consignar todo iso nos anuncios.

O requirente, no prego de condicións, poderá incrementar ou diminuír os anuncios da poxa ou a súa antelación; fixar libremente o tipo de poxa; aumentar, diminuír ou suprimir o depósito previo; ordenar un procedemento distinto de poxa; reducir a unha soa, ou a dúas, o número de poxas; e tomar calquera outra determinación análoga ás expresadas.

En todo o demais, aplicaranse ás poxas voluntarias as regras xerais establecidas para as poxas notariais no número anterior deste artigo.

3. As poxas que se fixesen en cumprimento dunha disposición legal, dunha resolución xudicial ou administrativa, ou de cláusula contractual ou testamentaria, rexeranse en primeiro lugar polas normas que respectivamente establezan e, no seu defecto, polas deste artigo.

4. As poxas poderanse encomendar aos colexios notariais, caso en que estes designarán, por quenda, os notarios que as deban levar a cabo, e poderán ter lugar nos locais habilitados para o efecto polos devanditos colexios notariais.»

Cento trinta e cinco. A sección 4.^a («Das copias») do capítulo II do título IV, que comprende os artigos 221 a 249, pasa a numerarse como sección 5.^a coa seguinte redacción:

«*Sección 5.^a Das copias*»

Cento trinta e seis. Modifícase o artigo 221, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 221.

Considéranse escrituras públicas, ademais da matriz, as copias desta mesma expedidas coas formalidades de dereito. Igualmente, terán o mesmo valor as copias de pólizas incorporadas ao protocolo. As copias deberán reproducir ou trasladar fielmente o contido da matriz ou póliza. Os documentos incorporados á matriz poderanse facer constar na copia por relación ou transcripción.

As copias autorizadas poden ser totais ou parciais, podendo constar en soporte papel ou electrónico. As copias autorizadas en soporte papel deberán estar signadas e asinadas polo notario que as expide; se estiveren en soporte electrónico, deberán estar autorizadas coa sinatura electrónica recoñecida do notario que as expide.»

Cento trinta e sete. Modifícase o artigo 222, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 222.

Só o notario en cuxo poder estea legalmente o protocolo estará facultado para expedir copias ou outros traslados ou exhibilo aos interesados.

Nin de oficio nin por instancia de parte interesada decretarán os tribunais que os secretarios xudiciais expidan, por dilixencia ou testemuño, copias de actas, escrituras matrices e pólizas, senón que baixo a súa responsabilidade as exibirán do notario que as deba dar, conforme a lei do notariado e este regulamento, é dicir, xustificando ante o notario, e a xuízo deste coa documentación necesaria, o dereito dos interesados a obtelas, e sempre que a finalidade da petición sexa a prescrita no artigo 256 da Lei de axuízamento civil. Para os cotexos ou recoñecementos destas copias observarase o disposto no parágrafo terceiro do artigo 32 da lei.»

Cento trinta e oito. Modifícase o artigo 224, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 224.

1. Ademais de cada un dos outorgantes, segundo o artigo 17 da lei, teñen dereito a obter copia, en calquera tempo, todas as persoas a cuxo favor resulte da escritura ou póliza incorporada ao protocolo algún dereito, xa sexa directamente, xa adquirido por acto distinto dela, e os que acrediten, a xuízo do notario, ter interese lexítimo no documento.

2. Os notarios darán tamén copias simples sen efectos de copia autorizada, pero soamente por petición de parte con dereito a esta. En ningún caso se poderá facer constar na copia simple a sinatura dos outorgantes. Hábilitase o Consello Xeral do Notariado para que estableza as características do papel para copia simple que deberá ser utilizado na súa expedición, tendo carácter de ingreso corporativo as cantidades que o devandito consello obteña pola súa utilización. Para tal fin, o Consello por si ou a través dos colexios notariais deberá prover os notarios do devandito papel.

O Consello comunicarlle á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado as características do devandito papel, así como das súas modificacións, que se entenderán admitidas se a dirección non resolve o contrario no prazo de quince días computados desde esa comunicación.

3. Igualmente darán lectura do contido de documentos do seu protocolo aos que demostren, ao seu xuízo, interese lexítimo.

4. As copias electrónicas, autorizadas e simples, entenderanse sempre expedidas para todos os efectos, mesmo o arancelario, polo notario titular do protocolo de que formen parte as correspondentes matrices, e non perderán o seu carácter, valor e efectos polo feito de que o seu traslado a papel o realice o notario ao cal se lle enviase. As devanditas copias só se poderán expedir para a súa remisión a outro notario ou a un rexistrador ou a calquera órgano xudicial ou das administracións públicas, sempre no ámbito da súa respectiva competencia e por razón do seu oficio. O notario que expida a copia autorizada electrónica será o mesmo que a remita.

Na expedición das copias autorizadas electrónicas farase constar expresamente a finalidade para a cal se expide, sendo só válidas para a devandita finalidade, e o seu destinatario, debéndose deixar constancia destas circunstancias por nota na matriz

As copias autorizadas electrónicas, unha vez expedidas, terán un prazo de validez de sesenta días contados desde a data da súa expedición. Transcorrido este prazo poderase expedir nova copia electrónica con igual finalidade que a caducada. A expedición desta nova copia autorizada electrónica con idéntico destinatario e finalidade non producirá arancel ningún.

O traslado a papel das copias autorizadas expedidas electronicamente, cando así se requira, só o poderá facer o notario ao cal se lle remitisen, para que conserven a autenticidade e a garantía notarial. O devandito traslado expedirase en folios timbrados de papel de uso exclusivo notarial, con expresión do seu nome, apelidos e residencia, notario que expide a copia, data da súa expedición e de traslado a papel e números dos folios que comprende, baixo a súa sinatura, selo e rúbrica.

O notario destinatario dunha copia autorizada electrónica poderá, segundo a súa finalidade:

1.º Incorporar á matriz por el autorizada o traslado a papel daquela, facéndoo constar no corpo da escritura ou acta ou en dilixencia correspondente.

2.º Trasladar a soporte papel nos termos indicados, deixando constancia no libro indicador, mediante nota expresiva do nome, apelidos e residencia do notario autorizante da copia electrónica, a súa data e número de protocolo, así como os folios en que se expide o traslado e a súa data.

3.º Indicar o seu contido no legalmente procedente na escritura ou acta matriz ou póliza intervida.

Unha vez realizado o traslado a papel, o notario remitiralle telematicamente ao que expedise a copia electrónica, o traslado a papel, para que aquel o faga constar por nota na matriz.

A coincidencia da copia autorizada expedida electronicamente co orixinal matriz será responsabilidade do notario que a expide electronicamente, titular do protocolo de que forma parte a correspondente matriz. A responsabilidade da coincidencia da copia autorizada electrónica coa trasladada ao papel será responsabilidade do notario que realizou o devandito traslado.

De conformidade co artigo 17 bis da Lei do notariado, os rexistradores, así como os funcionarios competentes dos órganos xurisdiccionais e administrativos, destinatarios das copias autorizadas electrónicas notariais poderanas trasladar a soporte papel dentro do seu prazo de vixencia, para os únicos e exclusivos efectos de as incorporar aos expedientes ou arquivos que corresponda por razón do seu oficio no ámbito da súa respectiva competencia. A rodapé do traslado a papel, os ditos funcionarios deberán indicar o seu nome e apelidos, cargo, data do traslado, número de folios que o integran e o seu limitado efecto á citada incorporación ao expediente ou arquivo.

A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado poderá determinar o formato telemático en que se deba expedir a copia autorizada electrónica, utilizando para iso criterios de seguridade.

No relativo ás copias simples electrónicas, estas poderanse remitir a calquera interesado cando a súa identidade e interese léxítimo lle consten con certeza ao notario, utilizando para o seu envío un procedemento tecnolóxico axeitado que garanta a súa confidencialidade ata o destinatario.»

Cento trinta e nove. Modifícase o artigo 225, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 225.

As copias de testamentos solicitadas polas administracións públicas, con ocasión de expedien-

tes ou informes sobre solvencia ou en procedementos de constrinximento sobre bens de determinadas persoas ás cales o testamento lles recoñeza dereitos hereditarios, expediranse só parcialmente, limitadas ás cláusulas patrimoniais en que aquelas sexan beneficiarias, e logo de xustificación que faga fe do falecemento do testador e da existencia dos citados expedientes e procedementos.

As notificacións previstas no artigo 223 do Código civil efectuaranse mediante testemuño relativo á designación de titores.»

Cento corenta. Modifícase o artigo 226, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 226.

En vida do outorgante, só este ou o seu apoderado especial poderán obter copia do testamento.

Falecido o testador, terán dereito a copia:

a) Os herdeiros instituídos, os legatarios, testamenteiros, contadores partidores, administradores e demais persoas ás cales no testamento se lles recoñeza algún dereito ou facultade.

b) As persoas que, de non existir o testamento ou ser nulo, serían chamadas en todo ou en parte na herdanza do causante en virtude dun testamento anterior ou das regras da sucesión intestada, incluídos, se é o caso, o Estado ou a comunidade autónoma con dereito a suceder.

c) Os lexitimarios.

As copias de testamentos revogados só poderán ser expedidas para os efectos limitados de acreditar o seu contido, deixando constancia expresa da súa falta de vigor.»

Cento corenta e un. Modifícase o artigo 228, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 228.

Cando se trate de copias de testamentos autorizados polos párrocos de Cataluña, non se expedirán as copias, aínda que se trate de segundas ou posteriores, sen a previa protocolización da matriz conforme a lexislación civil que corresponde.»

Cento corenta e dous. Modifícase o artigo 230, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 230.

Poderase pedir copia por carta ou outra comunicación dirixida ao notario, e se a este lle consta a autenticidade da solicitude ou aparece a sinatura léxitimada e, de ser o caso, legalizada, expedirá a copia para entregarlla á persoa designada ou remítilla por correo e certificada ao solicitante, sen responsabilidade pola remisión.»

Cento corenta e tres. Modifícanse os dous primeiros parágrafos do artigo 233 coa seguinte redacción:

«Artigo 233.

Para os efectos do artigo 517.2.4.º da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, considérase título executivo aquela copia que o interesado solicite que se lle expida con tal carácter. Expedida a devandita copia, o notario inserirá mediante nota na matriz a súa data de expedición e interesado que a pediu. En todo caso, na copia de toda escritura que conteña obriga exixible en xuízo deberase facer constar se se expide ou non con eficacia executiva e, de ser o caso, e de ter este carácter, que con anterioridade non se lle expediu copia con eficacia executiva.

Expedida unha copia con eficacia executiva, só poderá obter nova copia con tal eficacia o mesmo

interesado con suxeición ao disposto no artigo 517.2.4.º da Lei de axuízamento civil.»

Cento corenta e catro. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 237, que pasa a ter a seguinte redacción:

«É copia parcial a que expide o notario por instancia de parte lexitimada para solicitala reproducindo ou trasladando parte da matriz, atendido o seu contido, o requirimento e o interese do solicitante.»

Cento corenta e cinco. Modifícase o artigo 241, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 241.

No rodapé ou subscrición da copia farase constar, ademais das circunstancias expresadas nos artigos 233, 238 e 244, a súa correspondencia co protocolo, o concepto en que a ten quen a expide, se non é o mesmo autorizante; a persoa por cuxa instancia se expide, se é o caso, o fundamento do seu interese lexitimo, o número de pregos, ou folios, clase, serie e numeración, lugar e data, e irán autorizadas co signo, sinatura, rúbrica e selo do notario, que rubricará todas as follas, en que constará o seu selo.

Igualmente sinalarán, rubricarán e selarán o folio ou prego que se agregue á copia para a consignación de notas polos rexistros e oficinas públicas.

Nas copias de testamento non pedidas polo outorgante ou apoderado especial farase mención de se ter acreditado o notario ou lle constar de ciencia propia o falecemento do testador e, se é o caso, o parentesco dos peticionarios ou o seu dereito a obtelas, en caso de que non resulte xustificado no testamento.

Cando se trate de copias autorizadas de pólizas expedidas para o efecto da súa execución, ademais das mencións previstas no primeiro parágrafo deste artigo, farase constar a rodapé que estas coinciden exactamente co orixinal, entendéndose así cumprido o requisito de conformidade da póliza a que fai referencia o artigo 517.2.5.º da Lei de axuízamento civil, todo iso sen prexuízo de xuntar, se así se pactase, a certificación a que se refire o artigo 572.2 da Lei de axuízamento civil.

Tanto a rodapé de copia de escrituras e actas coma nos testemuños, ademais do seu selo, o notario imporá o selo de seguridade creado para tal efecto polo Consello Xeral do Notariado»

Cento corenta e seis. Modifícase o artigo 243, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 243.

As copias en soporte papel non poderán conter interpolacións, riscadas, raspaduras ou emendas, nin sequera no seu rodapé ou subscrición. Cando foren advertidos erros ou omisións, emendaranse mediante dilixencia posterior autorizada de igual modo que a copia, facendo constar, ademais, por nota á marxe desta, a rectificación.»

Cento corenta e sete. Modifícase o artigo 244, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 244.

A rodapé ou na marxe da matriz ou na seguinte se non quedar espazo, anotarase a expedición da copia, facendo constar a súa clase, carácter, persoa para quen se expediu, data e número dos pregos ou folios, autorizándose a nota con media sinatura do notario.

Faranse constar por nota en matriz, por solicitude dos interesados ou cando ao notario lle conste,

as circunstancias de se teren pagado os impostos e os datos de inscrición no rexistro correspondente.»

Cento corenta e oito. Modifícase o artigo 248, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 248.

Os notarios están obrigados a expedir as copias que soliciten os que sexan parte lexitima para iso, aínda cando non lles fosen satisfeitos os honorarios debidos pola matriz, sen prexuízo de que para facer efectivos estes honorarios utilicen a acción que lles corresponda conforme as leis.»

Cento corenta e nove. Modifícase o artigo 249, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 249.

1. As copias deberán ser expedidas polos notarios no prazo máis breve posible, dándolles preferencia ás máis urxentes. En todo caso, deberase expedir nos cinco días hábiles posteriores ao da autorización.

2. Tratándose de copias autorizadas que conteñan actos susceptibles de inscrición no Rexistro da Propiedade ou no Rexistro Mercantil, de conformidade co artigo 112 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, salvo que o interesado manifeste o contrario, deberanse presentar telematicamente.

En consecuencia, o notario deberá expedir e remitir a copia autorizada electrónica no prazo máis breve posible e, en todo caso, no mesmo día de autorización da matriz ou, no seu defecto, no día hábil seguinte. Exceptúase o suposto de imposibilidade técnica, do cal deberá quedar constancia na copia que se expida en soporte papel da causa ou causas que xustifican esa imposibilidade, caso en que se poderá presentar mediante telefax nos termos previstos no punto seguinte. O notario deberá facer constar na matriz mediante dilixencia a data e hora do aviso de recepción dixital do rexistro correspondente, sen prexuízo de facer constar tales extremos, de ser o caso, no libro indicador.

O notario será responsable dos danos e perdas que se lle causen ao interesado como consecuencia do atraso na expedición de copia electrónica e a súa presentación telemática, agás nos supostos de imposibilidade técnica.

3. Sen prexuízo do disposto no punto precedente, o notario poderá remitir por telefax, o mesmo día do outorgamento ao rexistro da propiedade competente, comunicación selada e subscrita, de ser o caso, de ter autorizado escritura susceptible de ser inscrita pola cal se adquiran bens inmobles ou se constitúa un dereito real sobre eles, e nos demais casos en que o solicite algún outorgante, ou o considere conveniente o notario. De ser o caso, o notario será responsable dos danos e perdas que se causen como consecuencia da presentación telemática de calquera título relativo a este ben e dereito con anterioridade á presentación por telefax da comunicación, salvo que se utilizase esta vía por imposibilidade técnica ou como consecuencia de que así o solicitase o interesado. A devandita comunicación dará lugar ao correspondente asento de presentación e nela constarán testemuñados en relación, polo menos, os seguintes datos:

- a) A data da escritura matriz e o seu número de protocolo.
- b) A identidade dos outorgantes e o concepto en que interveñen.
- c) O dereito a que se refira o título que se pretende inscribir.

d) A indicación identificadora do inmoble, facendo constar a súa natureza e o termo municipal da súa situación, con expresión da súa referencia catastral e, segundo os casos, do sitio ou lugar en que estiver se é rústico, nome da localidade, rúa, praza ou barrio, o número se o tiver, e o piso ou local, se é urbana e, salvo nos supostos de inmatriculación, os datos rexistráis.

O notario fará constar na escritura matriz ou na copia, se xa estiver expedida esta, a confirmación da recepción polo rexistrador e a súa decisión de practicar ou non o asento de presentación, que este deberá enviar o mesmo día ou o seguinte hábil.»

Cento cincuenta. Engádesse unha sección 6.^a ao capítulo II do título IV, que comprende o artigo 250, que se intitula:

«SECCIÓN 6.^a TESTEMUÑOS DO LIBRO REXISTRO

Cento cincuenta e un. Modifícase o artigo 250, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 250.

Para os efectos do disposto no artigo 517.2.5.^o da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, considérase título executivo o testemuño expedido polo notario do orixinal da póliza debidamente conservada no seu libro rexistro, acompañada, se así estiver pactado, da certificación a que se refire o artigo 572.2 da devandita Lei de axuízamento civil.

Os testemuños do libro rexistro expediranse logo de petición de persoa con dereito a solicitala e nun prazo non superior a dez días hábiles. Teñen dereito a elas os contratantes ou outorgantes, os seus habentes causa, os seus apoderados con poder bastante e a autoridade xudicial, así como as persoas a cuxo favor resulte da póliza ou do documento algún dereito, xa sexa directamente, xa adquirido por acto distinto dela e os que acrediten, a xuízo do notario, ter interese lexítimo.

Os testemuños só poderán ser expedidos polo notario, respecto dos libros rexistro da súa notaría, polo seu substituto, sucesor, habilitado ou polo arquivado de protocolos tratándose de libros depositados no arquivo do colexio notarial.

En todo testemuño de póliza e, de ser o caso, de asento do libro rexistro se fará constar:

1.^o O nome e apelidos do notario que a expide así como, se é o caso, o carácter con que actúe.

2.^o A indicación do solicitante por cuxa petición se expide.

3.^o A referencia ao número e data a que corresponde o asento do libro rexistro obxecto de testemuño.

4.^o O contido literal, total ou parcial, ou en extracto, do asento a que se refira o testemuño, segundo proceda, podéndose utilizar calquera procedemento de reprodución.

5.^o A súa finalidade ou non executiva. Se se solicitar con efecto executivo, farase constar na póliza mediante nota e, así mesmo, no testemuño que o dito interesado non solicitou outro con tal carácter.

6.^o O lugar, data da súa expedición, dación de fe pública e signo, sinatura, rúbrica e selo do notario.

A expedición do testemuño farase constar no asento do libro rexistro e con expresión da persoa para quen se expedise e a data, autorizando a nota con media sinatura. Cando na mesma data se expidisen varios testemuños do mesmo documento, rexistrárase a expedición de todos nunha soa nota.

Sen prexuízo dos seus efectos previstos na Lei de axuízamento civil, o testemuño do libro rexistro

relativo á incorporación dun documento intervido terá o mesmo valor e eficacia que este, salvo que as leis dispoñan outra cousa.

Os testemuños en extracto acreditan os extremos que nelas se comprendan, por instancia do solicitante, debendo o notario indicar se no omitido existe algún elemento que puider afectar, modificar ou alterar os efectos dos extremos certificados.

En ningún caso incluírán os testemuños sinaturas dos outorgantes, sendo de aplicación a estes, en todo o que sexan compatibles coa súa natureza relativas a documentos non matrices, as disposicións referentes ás copias contidas na sección 4.^a anterior. Os testemuños expediranse en folios de papel exclusivo para documentos notariais e deberán superpoñer o selo de seguridade. Se non for posible expedir testemuño en folio de papel exclusivo notarial, poderase expedir en papel común, caso en que, e ademais dos extremos previstos neste artigo, se asinarán e selarán todos e cada un dos folios empregados.

Tratándose de libros rexistro depositados nos colexios notariais, os testemuños das pólizas serán expedidos polos notarios arquivados.

As xuntas directivas dos colexios para un mellor cumprimento da súa función poderán dispoñer que, en distritos notariais distintos do de residencia do colexio, os libros rexistro que teñan en depósito sexan custodiados por un notario en exercicio naqueles. As devanditas disposicións das xuntas directivas poderán ser revogadas en calquera momento. Tanto as disposicións como as revogacións deberán ser postas en coñecemento do Consello Xeral. Os notarios aos cales se lles encomende a custodia dos libros rexistro estarán facultados para expedir por designación da xunta directiva testemuños dos documentos contidos nestes.

O importe arancelario que se perciba por estes testemuños considerárase ingreso do colexio.»

Cento cincuenta e dous. A continuación da rúbrica do capítulo III do título IV introdúcese unha sección 1.^a, que comprende os artigos 251 a 254, coa seguinte redacción:

«SECCIÓN 1.^a TESTEMUÑOS POR EXHIBICIÓN»

Cento cincuenta e tres. Modifícase o artigo 251, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 251.

Mediante os testemuños por exhibición os notarios efectúan a reprodución auténtica dos documentos orixinais que lles son exhibidos para tal fin ou dan fe da coincidencia dos soportes gráficos que lles son entregados coa realidade que observen.

O testemuño por exhibición non implica o xuízo do notario sobre a autenticidade ou autoría do documento testemuñado. Se o orixinal testemuñado for pola súa vez copia doutro documento, o testemuño tampouco implicará a concordancia entre ambos os dous, salvo que o notario a faga constar expresamente.

Tamén poderán ser utilizados estes testemuños para dar fe da presenza dunha persoa ante o notario.»

Cento cincuenta e catro. Modifícase o artigo 252, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 252.

Non poderán ser testemuñados:

1.^o Os documentos matrices que conforman o protocolo, sen máis excepcións que as previstas neste regulamento. Os documentos unidos a unha matriz poderán ser obxecto de testemuño identificando neste a matriz a que están incorporados.

2.º Os redactados en lingua que non sexa oficial no lugar de expedición do testemuño e que o notario descoñeza, salvo que os acompañe a súa tradución oficial.

Os documentos privados que deban ser obrigatoriamente presentados ante a Administración tributaria só poderán ser testemuñados cando conste a súa presentación.»

Cento cincuenta e cinco. Modifícase o artigo 253, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 253.

Os notarios poderán testemuñar en soporte papel, baixo a súa fe, as comunicacións ou notificacións electrónicas recibidas ou efectuadas conforme a lexislación notarial, debendo almacenar en soporte informático axeitado as procedentes doutros notarios, rexistradores da propiedade e mercantís e outros órganos da Administración estatal, autonómica, local e xudicial.

A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado determinará os soportes en que se deba realizar o almacenamento e a periodicidade con que o seu contido deba ser trasladado a un soporte novo, tecnoloxicamente axeitado, que garanta en todo momento a súa conservación e lectura.»

Cento cincuenta e seis. Modifícase o artigo 254, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 254.

Cando nunha escritura matriz ou nunha póliza deba servir como documento complementario algún que estea no protocolo ou libro rexistro a cargo do notario autorizante ou dos seus antecesores, poderá este inserilo, relacionalo ou reproducilo total ou parcialmente naquela, referíndose á correspondente matriz ou asento sen necesidade de obter copia ou testemuño independente deste, e abondará con que así o faga constar no orixinal.

Tamén poderá o notario facer referencia no documento que autorice ou interveña á existencia do documento complementario no protocolo ou libro rexistro e reproducilo unicamente nas copias que expida.»

Cento cincuenta e sete. A continuación do artigo 254 introdúcese unha sección 2.ª no capítulo III do título IV, que comprende o artigo 255, coa seguinte redacción:

«SECCIÓN 2.ª TESTEMUÑO POR VIXENCIA DE LEIS»

Cento cincuenta e oito. Modifícase o artigo 255, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 255.

Os notarios poderán expedir testemuños cuxo obxecto sexa acreditar no estranxeiro a lexislación vixente en España ou o estatuto persoal do requirente.»

Cento cincuenta e nove. A continuación do artigo 255 introdúcese unha sección 3.ª no capítulo III do título IV, que comprende os artigos 256 a 263, coa seguinte redacción:

«SECCIÓN 3.ª TESTEMUÑOS DE LEXITIMACIÓN DE SINATURAS»

Cento sesenta. Modifícase o artigo 256, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 256.

A lexitimación de sinaturas é un testemuño que acredita o feito de que unha sinatura foi posta en

presenza do notario, ou o xuízo deste sobre a súa pertenza a persoa determinada.

O notario non asumirá responsabilidade polo contido do documento cuxas sinaturas lexitime.»

Cento sesenta e un. Modifícase o artigo 257, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 257.

A nota de visto e lexitimado, coa data e todos os elementos de autorización notariais posta a rodapé de calquera documento oficial, ou expedido por funcionario público no exercicio do seu cargo, é testemuño de que o notario considera como auténticas, por coñecemento directo ou identidade con outras indubitadas, as sinaturas dos funcionarios autorizantes, e de estaren estes, segundo as súas noticias, no exercicio dos seus cargos na data do documento.»

Cento sesenta e dous. Modifícase o artigo 258, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 258.

Só poderán ser obxecto de testemuños de lexitimación de sinaturas os documentos e as certificacións que cumprisen os requisitos establecidos pola lexislación fiscal, sempre que estes documentos non sexan dos comprendidos no artigo 1280 do Código civil, ou en calquera outro precepto que exixa a escritura pública como requisito de existencia ou de eficacia. Queda a salvo o disposto no artigo 207 deste regulamento.

Non poderán ser obxecto dos devanditos testemuños a prestación unilateral de garantías nin os contratos de carácter mercantil que o artigo 144 deste regulamento define como propios das pólizas cando exista pluralidade de partes con intereses contrapostos.»

Cento sesenta e tres. Modifícase o artigo 259, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 259.

O notario poderá basear o testemuño de lexitimación no feito de ser posta a sinatura na súa presenza, no recoñecemento feito na súa presenza polo asinante, no seu coñecemento persoal, no cotexo con outra sinatura orixinal lexitimada ou no cotexo con outra sinatura que conste no protocolo ou libro rexistro ao seu cargo, debendo sinalar expresamente na dilixencia de testemuño o procedemento utilizado.

Dentro do ámbito dos documentos susceptibles de testemuño, só poderán ser lexitimadas cando sexan postas ou recoñecidas en presenza do notario as sinaturas de letras de cambio e demais documentos de xiro, de pólizas de seguro e reaseguro e, en xeral, as dos documentos utilizados na práctica comercial ou que conteñan declaracións de vontade.»

Cento sesenta e catro. Modifícase o artigo 260, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 260.

Se o que tiver que subscribir un documento que deba ser lexitimado non sabe ou non pode asinar, ou en calquera outro suposto en que proceda a lexitimación da marca dactilar, o interesado, precedendo a súa identificación, imprimirá a marca dactilar na forma prevista no artigo 191 deste regulamento en presenza do notario, quen o fará constar así na dilixencia de testemuño.»

Cento sesenta e cinco. Modifícase o artigo 261, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 261.

1. O notario poderá lexitimar as sinaturas electrónicas recoñecidas postas nos documentos en formato electrónico comprendidos no ámbito do artigo 258. Esta lexitimación notarial terá o mesmo valor que a que efectúe o notario respecto de documentos en soporte papel. A lexitimación notarial de sinatura electrónica queda suxeita ás seguintes regras:

1.^a O notario identificará o signatario e comprobará a vixencia do certificado recoñecido en que se basee o asinamento electrónico xerado por un dispositivo seguro de creación de sinatura.

2.^a O notario presenciará o asinamento polo signatario do arquivo informático que conteña o documento.

3.^a A lexitimación farase constar mediante dilixencia en formato electrónico, expedida polo notario con sinatura electrónica recoñecida.

2. A lexitimación a que se refire o punto anterior entenderase sen prexuízo daqueles procedementos de lexitimación, distintos do notarial, previstos na lexislación vixente.»

Cento sesenta e seis. Modifícase o artigo 262, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 262.

Para realizar testemuños ou lexitimacións o notario deberá apreciar nos solicitantes interese lexitimo na súa pretensión. Igualmente deberá coñecer o contido dos documentos testemuñados para os efectos de apreciar o interese lexitimo e que o devandito contido non é contrario ás leis ou á orde pública. No caso contrario, ou se non apreciase o interese lexitimo, denegará fundadamente o solicitado, resultando de aplicación o previsto no último parágrafo do artigo 145 deste regulamento.

A dilixencia do testemuño expedirase no propio documento testemuñado. De non ser posible, unírase a este un folio de papel exclusivo para documentos notariais en que se realizará a dilixencia, indicando no documento testemuñado a numeración do folio que a contén. Nun e noutro caso, se o documento contiver varios folios obxecto de testemuño, sexa de exhibición ou de lexitimación das sinaturas que estes conteñen, en todos deberá constar a identificación do folio que contén a dilixencia ou a referencia ao asento correspondente no libro indicador. Se o testemuño estiver totalmente expedido en folios de papel exclusivo para documentos notariais, abondará con indicar a súa numeración na dilixencia.

Os testemuños por exhibición deberanse realizar en papel de uso exclusivo para documento notarial, salvo que o formato do documento testemuñado o impida.

Na dilixencia de testemuño farase constar lugar, data, signo, sinatura rúbrica e selo do notario e o de seguridade creado polo Consello Xeral do Notariado. Se o documento constase no libro indicador, consignarase o número que lle corresponda.»

Cento sesenta e sete. Modifícase o artigo 263, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 263.

Tamén teñen a consideración de testemuños as reproducións obtidas polo notario de documentos exhibidos para a súa incorporación a un instrumento

público, así como as lexitimacións de sinaturas practicadas no corpo do devandito instrumento.

Os devanditos testemuños non se incorporarán ao libro indicador.»

Cento sesenta e oito. A continuación do artigo 263 introdúcese unha sección 4.^a no capítulo III do título IV, que comprende o artigo 264, coa seguinte redacción:

«SECCIÓN 4.^a DISPOSICIÓN COMÚNS ÁS SECCIÓNS ANTERIORES»

Cento sesenta e nove. Modifícase o artigo 264, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 264.

Os notarios levarán un libro indicador para cada ano natural, integrado por dúas seccións, na primeira páxina de cada unha das cales porán nota de apertura e na final outra de peche, ambas as dúas autorizadas con sinatura enteira.

A sección primeira deste libro levarase mediante asentos numerados con carácter consecutivo para cada anualidade, autorizados con media sinatura, que conterán a data e as circunstancias necesarias para a debida identificación da actuación que motive o asento.

Non será necesaria a inclusión nos supostos en que o traslado a papel dunha copia electrónica quedase incorporado a unha escritura ou acta matriz, así como dos xustificantes de recepción dixitais que consten por nota nunha escritura ou acta matriz.

Na devandita sección anotarase:

a) A data de traslado a papel das copias electrónicas indicando a identidade do notario que expide a copia autorizada electrónica, conforme os parágrafos cuarto e quinto do artigo 17 bis da Lei do notariado.

b) Os testemuños en soporte papel das comunicacións ou notificacións electrónicas recibidas ou efectuadas polos notarios conforme a lexislación notarial que se relacionen directamente con determinado documento autorizado ou intervido.

c) As lexitimacións de sinaturas electrónicas recoñecidas nos documentos en formato electrónico, previstas no artigo 261 deste regulamento. Nestes casos o notario deixará constancia da identidade dos particulares cuxas sinaturas electrónicas recoñecidas foron lexitimadas e, se é o caso, a data de remisión do arquivo informático a un rexistro público e os datos de presentación que sexan remitidos polo rexistrador ao notario amparados coa súa sinatura electrónica recoñecida; cando tales actuacións se realicen na data do testemuño, faranse constar mediante asento complementario, con numeración propia, relacionado co principal.

A sección segunda deste libro levarase mediante a incorporación de follas numeradas en que se reproduzan os documentos testemuñados que constitúen o seu ámbito. Esta sección comprenderá os testemuños por exhibición, de vixencia de leis, de lexitimación de sinaturas, as certificacións de saldo e de asento que se realicen en soporte papel.

O notario poderá, baixo a súa responsabilidade, excluír a incorporación dos testemuños por exhibición que teñan por obxecto documentos suficientemente identificables.

A incorporación da reprodución ao libro indicador presuporá a dación de fe de coincidencia respecto do testemuño correspondente por parte do notario.

Transcorrido un ano desde o peche anual de cada unha das seccións, o notario poderá reproduci-

las nun arquivo informático que garanta a súa conservación e reprodución, procedendo en tal caso á destrución do soporte papel correspondente.»

Cento setenta. A continuación do artigo 264 introdúcese unha sección 5.^a no capítulo III do título IV, que comprende os artigos 265 a 271, coa seguinte redacción:

«SECCIÓN 5.^a LEGALIZACIÓNS»

Cento setenta e un. Modifícase o artigo 265, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 265.

Pola legalización declárase que o signo, sinatura e rúbrica dun notario expedido nun documento coincide co que habitualmente usa e figura rexistrado no colexio notarial. É competente para efectuar a legalización o decano do colexio notarial, o membro ou os membros da xunta directiva aos cales para estes efectos expresamente faculte e o delegado ou subdelegado daquela a quen expresamente o decano lle atribúa esta competencia.»

Cento setenta e dous. Modifícase o artigo 266, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 266.

Para a legalización utilizaranse as fórmulas previstas nos tratados internacionais ou a seguinte: "O decano do ilustre colexio notarial legalizou o signo, sinatura e rúbrica que anteceden, do notario. N.N. (Aquí a data)!"

Esta fórmula empregárase sempre que a sinatura legalizada sexa igual, ao parecer, á que o notario adoita usar, e que na data do documento estea en exercicio do cargo, sen que lle conste nada en contrario.

Cando a legalización se poña ou conclúa en prego ou folio distinto, farase nela sucinta relación do documento cuxo signo, sinatura e rúbrica se legalizase, e, se é o caso, o número do prego ou folio en que aparezan as sinaturas legalizadas.»

Cento setenta e tres. Modifícase o artigo 267, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 267.

As legalizacións levarán sobreposto un selo dos colexios notariais, así como o selo de seguridade creado polo Consello Xeral do Notariado, coas características que determine o devandito órgano.

A xunta directiva disporá as tiraxes destes dous tipos de selos, únicos, que se poderán unir ás legalizacións e de que estará provisto o colexio notarial.»

Cento setenta e catro. Modifícase o artigo 268, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 268.

Cando se trate de documentos que deban producir efecto no estranxeiro e o cónsul do país respectivo non legalice directamente a sinatura do notario autorizante, o decano do colexio notarial, ou quen o substitúa, facendo constar necesariamente, neste caso, a súa calidade de decano accidental, legalizará a sinatura do notario.

A sinatura dos decanos será legalizada pola Dirección Xeral.

Para este efecto, as xuntas directivas remitirán á Dirección Xeral a sinatura do decano e de quen legalmente o substitúa, para que poidan ser comprobadas.»

Cento setenta e cinco. Modifícase o artigo 269, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 269.

O disposto no artigo anterior enténdese sen prexuízo da legalización realizada mediante a apostila establecida no Real decreto 2433/1978, do 2 de outubro, ditada en aplicación do Convenio internacional da Haia do 5 de outubro de 1961.»

Cento setenta e seis. Modifícase o artigo 270, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 270.

Ningún decano ou substituto para os efectos de legalizacións se poderá negar a legalizar sen xusta causa; pero se prudentemente dubidar do signo e sinatura, poderá diferir a súa legalización por vinte e catro horas, co fin de disipar as súas dúbidas.

Se non o conseguir, poderase negar a legalizar, retendo o documento e dando parte inmediatamente á Xunta Directiva, con expresión da causa, para que adopte con urxencia as medidas que procedan.»

Cento setenta e sete. A sección 1.^a do capítulo IV do título IV, que comprende os artigos 272 a 288, ambos os dous inclusive, levará como rúbrica a seguinte:

«SECCIÓN 1.^a DOS PROTOCOLOS, DO LIBRO REXISTRO E DOS ÍNDICES»

Cento setenta e oito. Créase unha subsección 1.^a, rubricada «Dos protocolos» dentro da sección 1.^a do capítulo IV do título IV, que comprenderá os artigos 272 a 282, ambos os dous inclusive.

Cento setenta e nove. O artigo 272 terá a seguinte redacción:

«Artigo 272.

O protocolo notarial comprenderá os instrumentos públicos e demais documentos incorporados a este en cada ano, contado desde o primeiro de xaneiro ao trinta e un de decembro, ambos os dous inclusive, aínda que no seu transcurso quedase vacante a notaría e se nomease novo notario.

Así mesmo, incorporaranse ao protocolo as pólizas sempre que o notario así llo comunicase ao colexio notarial nos prazos e modo previsto no artigo 283 deste regulamento.

As pólizas incorporadas ao protocolo numeráranse conforme o previsto na normativa notarial.

As xuntas directivas dos colexios notariais, dando conta á Dirección Xeral, poderán autorizar os notarios daquelas poboacións en que se autorice habitualmente un número de instrumentos elevado, para abriren, ademais do protocolo ordinario, un especial de protestos de letras de cambio e doutros documentos mercantís, con numeración propia e con apertura e peche nas mesmas datas indicadas no parágrafo anterior. A Dirección Xeral poderá dar instrucións especiais sobre a conservación e encadernación deste protocolo.»

Cento oitenta. A continuación do artigo 282 introdúcese unha subsección 2.^a na sección 1.^a do capítulo IV do título IV, que comprende o artigo 283, coa seguinte redacción:

«Subsección 2. Do libro rexistro»

Cento oitenta e un. Modifícase o artigo 283, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 283.

Os notarios estarán obrigados a levar e conservar un libro rexistro de operacións mercantís cos requisitos establecidos nas leis e neste regulamento. O libro rexistro consta de dúas seccións. A sección A está constituída pola colección, ordenada por datas, das pólizas orixinais de contratos mercantís intervidas durante un ano, que se deberá encadernar por anos nun ou máis tomos. Para tal fin, presúmese que as pólizas se incorporan ao libro rexistro, salvo que o notario lle comunique ao colexio notarial que opta por incorporalas ao protocolo. A devandita comunicación deberase realizar no mes de decembro, para a totalidade do ano inmediato posterior, e non poderá ser modificada durante este. Na sección B asentaranse por orde de data e correlativamente as intervencións daqueles documentos orixinais que pola súa natureza non se poida conservar en poder do notario o orixinal.

As condicións de confección, mantemento e conservación do libro rexistro serán as mesmas establecidas para o protocolo, en canto non se opongan á natureza e requisitos dos documentos incorporados.

O libro rexistro terá carácter de rexistro oficial.

O contido do libro rexistro non poderá ser revelado polo notario salvo nos mesmos supostos que o protocolo.

O notario custodiará na súa oficina, baixo a súa responsabilidade, o seu libro rexistro, debendo realizarse, precisamente na devandita oficina, os cotexos procedentes cos mesmos requisitos que se establecen para o cotexo de protocolo.

Os documentos e, de ser o caso, asentos a que se refire o parágrafo primeiro deste artigo incorporaranse ou practícaranse no libro rexistro por orde cronolóxica en cada unha das súas seccións numeradas correlativamente, empezando cada ano natural polo número un, sen que o cesamento do notario e a toma de posesión do seu substituto interrompa a numeración. O paso dun tomo a outro farase respectando a correlación de números e datas.

Ao principio de cada ano natural efectuarase unha dilixencia de apertura do libro rexistro e ao final do último documento e, de ser o caso, asento de cada ano natural unha dilixencia de peche.

Ao final do tomo do libro rexistro de operacións correspondente á sección A exprésase o número de pólizas e de folios de que constar. No tomo relativo á sección B exprésase o número de asentos e de folios de que constar.

Cando proceda, poderanse realizar anotacións nas follas do libro rexistro, manualmente, en forma mecanográfica ou utilizando calquera outro procedemento de reprodución. As anotacións deberaa autorizar o notario con media sinatura.

O libro rexistro levarase ao día, sen facer interpolacións, riscadas, raspaduras ou emendas. Cando fosen advertidos erros ou omisións, expediranse asentos de rectificación ou complementarios, con data corrente, efectuándose a correspondente nota á marxe do asento orixinario.

Os tomos numeraranse correlativamente a partir da unidade. Cada tomo non poderá exceder as seiscentas follas.

A encadernación efectuarase polos procedementos técnicos que impidan que, nun uso normal

dos libros, as follas que os compoñen poidan chegar a soltarse ou separarse deles.

As seccións A e B do libro rexistro de operacións encadernaranse en tomos separados, dando a cada póliza ou asento o número correlativo que na respectiva sección corresponda.

En todo o non regulado neste artigo serán de aplicación ao libro rexistro as normas establecidas sobre os aspectos materiais do protocolo ordinario, incluídas as relativas á confección e remisión de índices, en canto o permita a súa respectiva natureza.»

Cento oitenta e dous. A continuación do artigo 283 suprímese o texto «b. Dos índices» e introdúcese unha subsección 3.^a na sección 1.^a do capítulo IV do título IV, que comprende os artigos 284 a 288, coa seguinte redacción:

«Subsección 3.^a Dos índices»

Cento oitenta e tres. Modifícase o artigo 284, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 284.

Os notarios deberán remitir índices dos documentos protocolizados, intervidos e demais asentos do libro rexistro ás xuntas directivas, que os arquivarán baixo a súa máis estrita responsabilidade. Se non houbo actividade durante o período de que se trate, o notario enviará unha certificación negativa. Tales índices remitiranse en soporte informático, mediante sinatura electrónica recoñecida dos notarios e a través da rede telemática que o Consello Xeral do Notariado teña establecida conforme o disposto no artigo 107 da Lei 24/2001. Estes índices terán a mesma consideración, en canto á información que conteñen, que o protocolo de que se considerarán parte.

Así mesmo, o notario deberá velar pola máis estrita veracidade dos devanditos índices, así como pola súa correspondencia cos documentos públicos autorizados e intervidos, sendo responsables de calquera discrepancia que exista entre aqueles e estes. Igualmente, serán responsables do incumprimento dos prazos de remisión de tales índices.

O notario confeccionará un índice en soporte papel para encadernalo ao final do protocolo, formándose deste modo o seu índice cronolóxico. O devandito índice e a súa encadernación deberase efectuar no mes de xaneiro de cada ano, respecto dos documentos autorizados ou intervidos no ano precedente.

O notario conservará os correspondentes ficheiros electrónicos comprensivos dos índices, nun soporte tecnoloxicamente seguro, con suxeición ás mesmas obrigas e responsabilidades do protocolo. Habilítase o Consello Xeral do Notariado para que acorde as características técnicas de conservación.

Os índices en soporte informatizado remitiranse ás xuntas directivas quincenalmente. Para tal fin, os do día 1 ao 15 de cada mes remitiranse antes do día 22 deste e os do día 16 ao 30 antes do 7 do mes seguinte. Habilítase a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado para que mediante instrución poida reducir o prazo antes indicado. Estes índices remitiranse mediante sinatura electrónica recoñecida dos notarios e a través da rede telemática que o Consello Xeral do Notariado teña establecida conforme o disposto no artigo 107 da Lei 24/2001.

Sen prexuízo do disposto no artigo 286 deste regulamento, os colexios notariais conservarán os índices baixo a súa máis estrita responsabilidade.»

Cento oitenta e catro. Modifícase o artigo 285, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 285.

O Ministerio de Xustiza determinará o contido básico dos índices con independencia do seu soporte, podendo delegar no Consello Xeral do Notariado o desenvolvemento de tal contido, así como a incorporación de novos datos que se deban expresar respecto de cada instrumento.

En calquera caso, nos índices expresarase, respecto de cada instrumento, o número de orde, o lugar do outorgamento, a data, o nome e apelidos ou denominación social de todos os outorgantes ou requirentes e das testemuñas cando as houber e o domicilio daquelas; o obxecto e a contía do documento e o número de folios que comprende e, de ser o caso, o nome do notario autorizante que actúe por substitución do titular do protocolo. Tamén se expresarán neles os datos relativos á suxeición do documento á quenda de repartición, de ser o caso, e ás achegas corporativas.

Na formalización do índice anual en soporte papel, os notarios acomodaranse ao modelo que determine o Consello Xeral do Notariado. Respecto dos índices informatizados, compételle, igualmente, ao Consello Xeral do Notariado a determinación das características técnicas de elaboración, remisión e conservación.

En toda esta materia observarase o disposto na lexislación especial en materia de protección de datos.»

Cento oitenta e cinco. Modifícase o artigo 286, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 286.

Para os efectos da debida colaboración coas administracións públicas, créase o índice único informatizado notarial. É titular e responsable deste o Consello Xeral do Notariado, como consecuencia da súa dependencia xerárquica respecto da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, de conformidade co artigo 336 do Regulamento notarial, así como da dependencia dos notarios respecto do Consello a través das xuntas directivas dos colexios notariais, en virtude do disposto no artigo 307 do Regulamento notarial.

O devandito índice único informatizado é a agregación dos índices informatizados que deben confeccionar e remitir os notarios ás súas xuntas directivas. Os colexios notariais deberán remitir tales índices informatizados ao Consello Xeral do Notariado na terceira semana de cada mes do mes anterior.

Habilitase o Consello Xeral do Notariado a que trate o índice único informatizado para os efectos da remisión da información de que se trate ás autoridades xudiciais e administracións públicas que conforme a lei teñan dereito a iso, como consecuencia do deber de colaboración do notario na súa condición de funcionario.

En todo caso, o Consello Xeral do Notariado poderá acceder a esa información para efectos estatísticos.»

Cento oitenta e seis. Modifícase o parágrafo quinto do artigo 304, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Cando o concello dunha cabeza de distrito non proporcionar local axeitado para a instalación do arquivo, a xunta directiva, por proposta do arquivado, poderá acordar o seu traslado á capital do colexio, á da provincia, ou a outra poboación do territorio do colexio onde se dispoña de local suficiente para a conservación dos protocolos. Para tal efecto, as xuntas directivas poderán construír, adquirir ou arrendar edificios en tales poboacións,

co fin de instalar debidamente os arquivos, e solicitar dos concellos e doutras corporacións públicas a axuda económica necesaria para iso.»

Cento oitenta e sete. Modifícase o artigo 307, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 307.

Os notarios, na súa organización xerárquica, dependen do ministro de Xustiza, da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, das xuntas directivas dos colexios notariais e, a través destes, do Consello Xeral do Notariado.»

Cento oitenta e oito. Modifícase o ordinal sétimo do artigo 313, que pasa a ter a seguinte redacción:

«7.º Exercer a alta inspección e vixilancia en todas as notarías, colexios notariais, Consello Xeral do Notariado e arquivos xerais de protocolos.»

Cento oitenta e nove. Modifícase o artigo 314, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 314.

Os colexios notariais son corporacións de dereito público, amparadas pola lei e recoñecidas polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. No exercicio das funcións públicas atribuídas respecto da prestación da función pública notarial quedan subordinados xerárquicamente ao ministro de Xustiza e á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

Son fins esenciais destas corporacións a ordenación do exercicio da profesión, sen prexuízo das atribucións do Goberno, do ministro de Xustiza, da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado e do Consello Xeral do Notariado, a representación exclusiva daquela, a defensa dos intereses profesionais dos colexiados e o cumprimento da función social que ao notario lle corresponde.

Os colexios notariais, para o exercicio dos seus fins, teñen atribuídas con carácter xeral, no seu ámbito territorial, as funcións de colaborar coa Administración, por solicitude desta ou por propia iniciativa; estar representados nos seus consellos ou organismos consultivos cando proceda; organizar actividades e servizos comúns de interese para os colexiados na orde formativa, cultural, asistencial, de previsión e outros análogos. Especialmente correspóndelles:

1. Exercer no seu ámbito a representación e defensa da profesión notarial ante a Administración, institucións, tribunais, entidades e particulares, con lexitimación para ser parte en cantos litixios afecten os intereses profesionais e exercer o dereito de petición conforme a lei.

2. Ordenar no seu respectivo ámbito territorial a actividade profesional dos notarios nas seguintes materias: correcta atención ao público, tempo e lugar da súa prestación, concorrencia leal e publicidade, continuidade da prestación de funcións, mesmo en días festivos e períodos de vacacións. Non obstante, no exercicio desta competencia a xunta directiva deberá cumprir cos acordos e circulares do Consello Xeral do Notariado, así como co que dispoña este cando a materia obxecto da devandita ordenación, pola súa transcendencia ou interese, afecte un ámbito territorial superior ao do colexio respectivo. Así mesmo, e nos termos legalmente previstos, corrixirán as infraccións disciplinares dos seus colexiados, deixando a salvo as facultades do ministro de Xustiza e da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

3. Adoptar as medidas conducentes a evitar o intrusismo profesional.

4. Conciliar as posturas dos colexiados. Igualmente e de ser o caso, dirimir as cuestións que por motivos profesionais se susciten entre os colexiados cando así llelo soliciten. Non obstante, exclúense de ambas as dúas actuacións aquelas cuestións que por afectaren a función pública notarial deban decidir os colexios notariais no exercicio das competencias que a lexislación notarial lles atribúe.

5. Cumprir e facer cumprir aos colexiados as leis xerais e especiais, o Regulamento notarial, os regulamentos de réxime interior, así como as normas e decisións adoptadas polos órganos xerárquicos competentes, incluídas as circulares de orde interna do Consello Xeral do Notariado que se refiran a aspectos de ordenación da función pública notarial.

Os colexios notariais rexeranse pola lexislación notarial e, no que non estea previsto naquela e non constituía especialidade derivada do exercicio da función pública notarial atribuída aos notarios ou aos colexios, pola de colexios profesionais. O Regulamento notarial terá o carácter de regulador da actividade pública notarial e de estatuto xeral da profesión.

Cada un dos notarios de España deberá estar integrado, con carácter exclusivo, no colexio a cuxo territorio pertenza a poboación onde teña a súa residencia regulamentaria.

Son órganos dos colexios a xunta xeral, a xunta directiva e o decano.

O decano exerce a representación do colexio.»

Cento noventa. O artigo 315 terá a seguinte redacción:

«Artigo 315.

A xunta xeral reunirse na capital do colexio cando a convoque a xunta directiva, que o deberá facer, polo menos, unha vez ao ano para aprobar as contas do ano anterior e o orzamento do que corre. Tamén a deberá convocar, sempre que o solicite máis da décima parte dos colexiados, expresando na solicitude os asuntos que se vaian tratar e a información que sobre tales asuntos teña que dar a xunta directiva. Neste último caso a xunta xeral deberá ser convocada para realizarse dentro do prazo máximo dun mes, contado desde a solicitude.

O anuncio da convocatoria, con expresión da orde do día, deberase facer por escrito con quince días, polo menos, de antelación, salvo casos de urxencia en que se fará por telegrama remitido corenta e oito horas antes. Igualmente, a dita remisión poderase facer por medios telemáticos, caso en que deberá ser asinada electronicamente e remitida aos enderezos de correo corporativo dos membros do colexio. No devandito anuncio poderase indicar que, na falta de quórum, se realizará a xunta en segunda convocatoria, unha hora despois, como mínimo, da fixada para a primeira.

Presidirá a xunta xeral o decano e, con el, constituirán a mesa os membros da xunta directiva, a cal poderá designar escrutadores, se o considera procedente, en calquera momento da sesión. Actuará de secretario o que o sexa da xunta directiva, que levantará acta da sesión e que a asinará co presidente.

Todos os notarios do colexio terán dereito de asistir, con voz e voto, procurando que non quede desatendido o servizo público. Tamén terán o dereito de conferir a súa representación por escrito a outro colexiado.

Para que se considere legalmente constituída a xunta xeral fará falta a concorrencia, en primeira convocatoria, da metade, polo menos, dos colexiados en exercicio. En segunda convocatoria, quedará

constituída a xunta calquera que sexa o número de notarios concorrentes.

Compételle á xunta xeral:

1.º Aprobar as contas e orzamentos.

2.º Aprobar os actos de adquisición, alleamento e cantos signifiquen constitución, modificación ou extinción de dereitos reais sobre bens inmobles.

3.º Apreciar a xustificación das causas invocadas polos membros da xunta directiva para admitir a súa renuncia ao desempeño do cargo.

4.º Adoptar acordos sobre censura da xestión da xunta directiva. A censura poderá ser simple ou cualificada, supoñendo esta última o cesamento da xunta. Tratándose de censura simple, exixírase para a súa inclusión na orde do día a sinatura de, polo menos, o cinco por cento dos notarios con dereito a voto. Se fose cualificada esa porcentaxe será, polo menos, do dez por cento.

A petición da convocatoria farase por escrito asinado polos solicitantes, que no caso de censura simple deberá ser o cinco por cento dos colexiados e no de cualificada o dez por cento, expresando a causa da moción. A xunta deberá ser convocada para este único efecto e nela poderanse consumir as quendas en pro e en contra que se consideren necesarias.

5.º Adoptar acordos sobre mocións de confianza que lles someta a xunta directiva sobre aprobación ou rexeitamento de actuacións específicas xa realizadas en curso ou meramente proxectadas, que non fosen votadas anteriormente pola xunta xeral. A non-aprobación terá o carácter de censura simple.

6.º Propoñerlle á xunta de decanos a adopción de acordos sobre materias de interese xeral para o notariado no que sexan da súa competencia, ou propoñer a súa elevación á Dirección Xeral, ou ao ministro de Xustiza cando sexan da competencia destes.

7.º Elaborar os regulamentos ou estatutos de réxime interior do colexio.

8.º Acordar o aumento ou redución do número de censores da xunta directiva nos termos previstos polo artigo 318.

9.º Adoptar os acordos sobre asuntos que someta á súa consideración a xunta directiva e calquera outro previsto nas leis e regulamentos.

Os acordos adoptaranse por maioría simple de votos, salvo os dos números 4.º e 5.º deste artigo, para os cales se requirirá o voto favorable dun terzo, polo menos, dos colexiados.»

Cento noventa e un. Modifícase o artigo 316, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 316.

Constitúen ingresos dos colexios notariais:

1.º Os derivados dos seus patrimonios respectivos, e as doazóns, subvencións e legados que se lles fixeren.

2.º A participación no importe íntegro dos selos de lexitimacións e legalizacións, conforme estableza a lexislación vixente, e o total importe das legalizacións e apostilas que efectúen os membros da xunta directiva con este carácter.

3.º A cota fixa anual que deba achegar cada colexiado, podendo as xuntas directivas fraccionar o seu pagamento. Non obstante, e respecto de notarias de entrada, esta cota poderase bonificar logo de acordo da xunta directiva nunha porcentaxe non superior ao 50%. Excepcionalmente e logo de solicitude fundada de interesado, poderá a xunta directiva, mediante acordo motivado, eximir do pagamento da cota fixa.

En todo caso, a xunta directiva poderá acordar a modificación da cota fixa anual atendendo á evolución dos custos a que vai destinada. Se se pretendese unha elevación superior a estes, a xunta directiva deberao someter a aprobación da xunta xeral do colexio notarial.

4.º Unha cantidade mensual, que en ningún caso poderá ter carácter progresivo, nin se poderá determinar conforme o volume de ingresos dos notarios. Na determinación desta cota será preciso que a xunta directiva do colexio identifique o servizo e financiamento que este exixa.

5.º As cotas suplementarias precisas para custear o sostemento de servizos específicos.

Cando estes servizos, pola súa natureza ou pola poboación en que se presten, beneficien soamente unha parte dos colexiados, as cotas serán a cargo exclusivo destes.

6.º As cantidades que as xuntas xerais determinen ao aprobaren un orzamento extraordinario conforme a facultade segunda do artigo 328.

7.º Calquera outro ingreso recoñecido pola lexislación en vigor ou a que a substitúa, sen prexuízo da súa adscrición a fins determinados legalmente.»

Cento noventa e dous. Modifícase o artigo 317, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 317.

Os colexios notariais poderán elaborar, en xunta xeral, regulamentos de réxime interior nas materias que sexan da súa competencia. Estes regulamentos terán que ser aprobados polo Consello Xeral do Notariado, que o deberá facer no prazo de trinta días, sempre que aqueles estean de acordo con este regulamento. Unha vez aprobados, as xuntas directivas darán conta do texto destes á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado. O Consello Xeral do Notariado deberá denegar motivadamente a súa autorización, sendo impugnabile o seu acordo nos prazos e modo previstos para o dealzada ante a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado en canto á interpretación e aplicación da lexislación notarial. Na votación relativa á aprobación do regulamento de réxime interior non deberá participar o decano do colexio a que se refira tal regulamento.»

Cento noventa e tres. Modifícase o artigo 318, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 318.

A xunta directiva de cada colexio estará integrada por un mínimo de tres e un máximo de nove membros. Estará composta necesariamente dun decano-presidente, un censor e un secretario. A xunta xeral do colexio determinará o número de membros da xunta directiva, así como a existencia dun vicedecano, número de censores, tesoureiro e vicesecretarios, dando conta diso á Dirección Xeral.

Ao decano substituirao o vicedecano; a ambos os dous, os censores pola súa orde; estes substituiranse mutuamente; ao tesoureiro, un censor, o vicedecano ou o decano, e ao secretario, un vicesecretario e, de non existir este, un censor ou o tesoureiro. Non obstante, e en todo caso, o decano poderá delegar as funcións do seu cargo, para actuacións concretas, en calquera membro da xunta directiva.

Todos os cargos da xunta serán gratuítos, honoríficos e voluntarios. Os membros da xunta directiva cesarán no exercicio do seu cargo polo transcurso do seu mandato, por renuncia que deberá ser aceptada pola xunta xeral, por perda da calidade de colexiado e por elección para outro cargo da mesma xunta, así como pola establecida no penúltimo parágrafo do

artigo 353 e as que o sexan de suspensión no exercicio do cargo de notario conforme este regulamento.»

Cento noventa e catro. Modifícase o artigo 319, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 319.

O mandato da xunta directiva é de catro anos, podendo ser reelixidos os seus membros por iguais períodos, sexa para este ou para distinto cargo.

A renovación da xunta será total ou parcial. Será total nos supostos de transcurso do mandato previsto ou por se aprobar a súa censura cualificada. En ambos os dous casos, a xunta cesante seguirá desempeñando as súas funcións básicas ata a toma de posesión da nova xunta. A renovación será parcial cando afecte un ou varios dos membros da xunta. En caso de renovación parcial, o elixido desempeñará a súa función polo tempo que falte ata completar o período normal de catro anos.

Todos os cargos da xunta directiva se proverán mediante elección, por maioría de votos, sendo elixidos como membros da xunta directiva os integrantes daquela candidatura que obteña máis votos. Non se poderá incluír en máis dunha candidatura un mesmo notario sexa para este ou para distinto cargo da xunta directiva.

A elección poderá ser ordinaria ou extraordinaria. Será ordinaria a elección que se produza como consecuencia do transcurso do mandato. En calquera outro suposto, a elección será extraordinaria.

Serán electores e poderán ser candidatos todos os notarios que estean colexiados o día da convocatoria das eleccións.»

Cento noventa e cinco. Modifícase o artigo 320, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 320.

Compételles ás xuntas directivas a convocatoria de eleccións para prover a súa renovación, sexa total ou parcial. Se a renovación for parcial, o anuncio da convocatoria expresará todos os cargos que se deban prover.

O anuncio da convocatoria para elección ordinaria efectuarase nos dez primeiros días de setembro do ano en que expire o mandato da xunta directiva. Se se tratar de elección extraordinaria, o anuncio efectuarase dentro dos vinte días seguintes ao da data en que se acordase a censura cualificada da xunta ou en que se producise a vacante, coa única excepción de que faltasen tres meses ou menos para a elección ordinaria, caso en que se observará esta debéndoo poñer en coñecemento da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

Durante os dez días seguintes ao do anuncio da convocatoria procederáse á formación das candidaturas e á súa presentación á xunta directiva. Cando o decano pretendese a súa reelección por terceiro ou ulterior mandato consecutivo, a candidatura en que estea incluído deberá ser presentada por, polo menos, o vinte e cinco por cento dos colexiados. As candidaturas expresarán o nome do candidato ou candidatos e o cargo para o cal sexan propostos. As candidaturas deberán incluír todos os cargos obxecto de elección; noutro caso, serán rexeitadas.

Se durante o anterior prazo se presentase unha soa candidatura, abrírase outro extraordinario de cinco días, contados desde a expiración daquel, para que se poidan presentar outras candidaturas.

A xunta directiva, concluído o prazo de presentación de candidaturas, faraas públicas, podéndose utilizar para tal fin medios telemáticos ou calquera outro procedemento que permita a súa difusión e coñecemento entre os colexiados. En calquera caso,

a xunta directiva, no día hábil inmediato posterior, comunicarlle ao Consello Xeral do Notariado as candidaturas, xa se trate de elección ordinaria ou extraordinaria, debéndose publicar no mesmo día ou o inmediato hábil posterior no sitio web do Consello Xeral do Notariado.

Publicadas as candidaturas no sitio web do Consello, poderanse impugnar ante este nos dous días hábiles seguintes. O Consello dará traslado do recurso á candidatura impugnada para que esta alegue o que ao seu dereito conveña no prazo dun día hábil. A resolución do Consello esgota a vía administrativa.

A elección ordinaria terá lugar o terceiro domingo do mes de novembro seguinte e a extraordinaria, o terceiro domingo seguinte a aquel en que se publique a candidatura no sitio web do Consello.

O programa de actuación das candidaturas só se poderá poñer de manifesto no período comprendido entre a publicación das candidaturas no sitio web do Consello o día anterior ao domingo fixado para a elección.

Fixado o domingo en que se ten que realizar unha elección extraordinaria, se antes de se iniciar a semana precedente ao devandito día se producise unha vacante imprevista, poderase aprazar a elección por un período máximo de dous meses, para os efectos de cumprir co disposto neste artigo.

Habilitase a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado para que determine mediante instrución as regras e requisitos a que debe quedar suxeita a emisión do voto electrónico.»

Cento noventa e seis. O artigo 321 terá a seguinte redacción:

«Artigo 321.

Todas as eleccións se realizarán na capital do colexio. As ordinarias, no día, hora e local sinalados na convocatoria, e nas extraordinarias a xunta directiva anunciará estas circunstancias o antes posible, conforme o previsto no artigo anterior.

A mesa estará constituída, polo menos, por tres membros da xunta directiva e presidiráa o decano ou quen legalmente o substitúa.

Quen encabece cada unha das candidaturas presentadas poderá designar un escrutador, cuxa identidade deberá ser posta en coñecemento da xunta directiva, polo menos dous días hábiles antes do día da elección. En calquera caso haberá, como mínimo, dous escrutadores, que serán nomeados pola mesa en defecto da devandita designación.

Os escrutadores terán que ter a calidade de electores.

A mesa terá papeletas de todas as candidaturas. As papeletas confeccionaranse conforme un modelo externamente uniforme para todas as candidaturas presentadas, aprobado pola xunta directiva, de modo que, unha vez dobradas aquelas, non se poidan distinguir unhas doutras.

A votación, sempre secreta, realizarase persoalmente ou por correo. O voto emitido por correo enviarase baixo dobre sobre. O exterior dirixirase ao decano e o sobre interior, coa papeleta dobrada no seu interior, expresará o nome e residencia do elector e irá autorizado coa súa sinatura e rúbrica. Comprobadas estas por un membro da xunta directiva, logo de cotexo, de ser o caso, co libro a que se refire o artigo 36, o secretario da mesma xunta ou quen faga as súas veces relacionará os sobres recibidos ata as catorce horas do día anterior ao da votación, únicos que serán admitidos a esta.

Durante unha hora votarán os electores presentes mediante papeleta que entregarán dobrada ao presidente, quen, ante o propio votante, depositará

aquela na urna destinada para o efecto, situada á vista de todos.

Rematada a votación dos presentes, o presidente da mesa abrirá os sobres remitidos por correo e depositará as papeletas na urna.»

Cento noventa e sete. Modifícase o artigo 322, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 322.

Para realizar o escrutinio, o presidente extraerá as papeletas da urna e leraas en voz alta, unha por unha, do que os escrutadores tomarán nota. Serán nulas as papeletas que non conteñan o nome do candidato ou o cargo para o cal é votado.

Feito o escrutinio e publicado o seu resultado, se houber conformidade e non se suscitase reclamación ningunha, inutilizaranse todas as papeletas extraídas da urna. Non habendo conformidade, repetirase o escrutinio, consignando o seu resultado e as diferenzas que houber.

En caso de empate entenderase gañadora aquela candidatura que inclúa como candidato a decano o de maior antigüidade na carreira. Se se tratar de elección extraordinaria para cubrir outro posto da xunta, aplicarase o mesmo criterio.

As dúbidas sobre a intelixencia ou validez de votos ou sobre o resultado do escrutinio serán resoltas no acto pola mesa.

Non se admitirá discusión sobre ningunha das protestas ou reclamacións que durante a elección se fixeren, pero a mesa, non obstante, acordará sobre elas o que xulgue conveniente, antes ou despois de verificado o escrutinio.

O presidente proclamará os nomes dos candidatos electos e o cargo para o cal foron elixidos.

De todo iso levantarase acta, en que se consignarán os acordos sobre a intelixencia e validez dos votos, o resultado do escrutinio e as reclamacións ou protestas que se fixesen.»

Cento noventa e oito. Modifícase o artigo 324, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 324.

O día seguinte ao da elección, a xunta directiva participará o resultado á Dirección Xeral e ao Consello Xeral do Notariado e fixará a data da toma de posesión dos elixidos, que deberá ter lugar dentro do prazo de trinta días, contados desde a data da elección.

Unha vez que tomen posesión dos seus cargos os elixidos, comunicaráselles á Dirección Xeral e ao presidente do Consello Xeral do Notariado e a todos os notarios do colexio.»

Cento noventa e nove. Modifícase o artigo 325, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 325.

A xunta directiva reunirse cando o decano considere que o require a necesidade do despacho dos asuntos pendentes, sempre polo menos unha vez ao mes, e cando o soliciten dous dos seus vogais.

A xunta directiva de cada colexio reunirse ordinariamente na poboación que sexa capital deste, sen prexuízo da posibilidade de realizar as súas reunións en calquera localidade do colexio notarial cando así o acorde por maioría.»

Douscentos. Modifícase o artigo 326, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 326.

Será precisa para a válida constitución da xunta a presenza do decano, secretario e, polo menos, un ou dous censores, dependendo de se o número dos

membros da xunta é de tres ou máis. O decano e o secretario poderán ser substituídos por quen legalmente corresponda.

Os acordos das xuntas directivas adoptaranse por maioría e consignaranse en acta, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do presidente. Unha vez aprobada esta, será subscripta polo menos polo secretario e o presidente asistentes á sesión en que se tomaron os acordos.

As deliberacións da xunta serán secretas. Os seus acordos só se poderán facer públicos cando estea legalmente previsto ou o decida a xunta directiva que, así mesmo, determinará o medio e ámbito da devandita publicidade.»

Douscentos un. Modifícase o artigo 327, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 327.

Correspondelle á xunta directiva, como órgano de goberno e execución, o exercicio de todas as funcións atribuídas ao colexio para o cumprimento dos seus fins, salvo as que están reservadas á xunta xeral.

Especialmente son obrigas da xunta directiva:

1.^a Velar pola máis estrita disciplina dos notarios no cumprimento dos seus deberes funcionais, colexiais e corporativos, corrixindo as súas infraccións, de conformidade co disposto no réxime disciplinario.

2.^a Ordenar no seu respectivo ámbito territorial a actividade profesional dos notarios nas seguintes materias: correcta atención ao público, tempo e lugar da súa prestación, concorrencia leal e publicidade, continuidade da prestación de funcións, mesmo en días festivos e períodos de vacacións. Non obstante, no exercicio desta competencia a xunta directiva deberá cumprir cos acordos e circulares do Consello Xeral do Notariado, así como co que dispoña este cando a materia obxecto da devandita ordenación pola súa transcendencia ou interese afecte un ámbito territorial superior ao do colexio respectivo.

3.^a Organizar os servizos necesarios para a execución dos fins do colexio e impulsar e vixiar a súa actividade.

4.^a Xestionar, administrar e dispoñer dos bens do colexio en xeral e propoñerlle á xunta xeral o investimento e disposición sobre inmobles.

5.^a Representar os dereitos e administrar os intereses do colexio. Para este fin, antes do 31 de marzo de cada ano, formalizará e someterá á aprobación da xunta xeral o orzamento ordinario de ingresos e gastos do colexio para o exercicio corrente e as contas do anterior. O exercicio económico coincidirá co ano natural.

No orzamento ordinario consignaranse en partidas separadas as diferentes clases de ingresos, e serán expresadas, tamén separadas unhas doutras, as partidas de gastos que se autoricen, coa cantidade asignada para cada unha delas. Entre as partidas de gastos consignaranse necesariamente cantidades para bibliotecas e organización de arquivos, sen que o concepto de "imprevistos" poida exceder o 15 por 100 do total daquel.

A xunta directiva poderá facer transferencias dunhas a outras partidas cando o considere conveniente para as necesidades do colexio.

6.^a Informar os colexiados que o soliciten acerca das cuestións en que teñan interese lexítimo e, así mesmo, informar a todos os colexiados asistentes, en xunta xeral, polo menos unha vez ao ano, de cantas cuestións de interese colectivo poidan afectados a eles ou ao colexio na orde corporativa,

colexial, profesional ou cultural e das que a xunta teña coñecemento.

7.^a Subministrar ao público, mesmo a través dos medios de comunicación social, información xeral sobre materias directamente relacionadas coa actividade notarial e, en particular, aquela información que, segundo as circunstancias, resulte axeitada para o mellor coñecemento e salvagarda dos dereitos dos particulares.

8.^a Cumprir e executar os acordos da xunta xeral.»

Douscentos dous. Modifícase a regra sexta do artigo 328, que pasa a ter a seguinte redacción:

«6.^a Acordar o pagamento, en todo ou en parte, segundo os fondos de que dispoña o colexio, das expensas que fixese un notario para salvar o seu protocolo ou o doutro notario, de inundación, incendio ou outra forza maior. Se se producise morte, inutilidade ou lesión, poderase acordar, ademais, a concesión a aquel ou aos seus familiares, por unha soa vez, de auxilios extraordinarios complementarios na contía que determine a xunta, atendidas as circunstancias.»

Douscentos tres. Modifícase o artigo 329, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 329.

O decano, ademais do seu carácter representativo e das funcións previstas noutros artigos do regulamento, terá as de convocar a xunta directiva e presidir esta, a xeral e as comisións especiais a que asista, dirixindo as deliberacións e discusións; impulsará e coordinará as actividades da xunta directiva e vixiará o cumprimento de todos os servizos. Coidará da boa conservación dos bens do colexio e será o ordenador de pagamentos, ben que poderá delegar con carácter xeral no tesoureiro este último labor.

Ningún pagamento se poderá facer sen que sexa ordenado polo decano ou o tesoureiro ou quen legalmente o substitúa.

O vicedecano exercerá as funcións que lle delegue o decano, asumindo as deste en casos de ausencia, enfermidade, incompatibilidade ou vacante.

O secretario levará e custodiará a documentación oficial do colexio e os libros de actas, redactará estas, expedirá certificacións co visto e prace do decano e remitirá comunicacións baixo a dirección deste.

O tesoureiro levará a contabilidade, formalizará anualmente as contas, redactará o orzamento, facendo constar en tantas contas separadas cantos sexan os diferentes conceptos que teñan os ingresos do colexio e os gastos relativos a cada concepto e, de ser o caso, ordenará os pagamentos; confeccionará o inventario de bens e verificará a caixa.

Os censores actuarán como vogais da xunta e desempeñarán as funcións que o decano lles delegue e as demais previstas no regulamento.

Os vicesecretarios substituirán o secretario, e poden exercer así mesmo as funcións que lles delegue o decano e a xunta directiva.»

Douscentos catro. Modifícase o artigo 331, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 331.

As xuntas directivas e o decano terán tamén a facultade de acordar inspeccións ás notarías sempre que o consideren conveniente para os fins previstos neste regulamento, debéndoo practicar de inmediato cando existan indicios racionais de anomalías que deban ser corrixidas. As xuntas directivas ela-

borarán cada ano un plan de inspección de notaría do territorio, que deberá ser aprobado pola Dirección Xeral. Para tal efecto designarán para cada inspección dous notarios, un dos cales actuará como secretario. Calquera forma de resistencia a unha inspección dará lugar á inmediata apertura de expediente de corrección disciplinaria, sen prexuízo de que a xunta adopte cantas medidas considere pertinentes para que a inspección se leve a efecto.

Logo de acordo de xunta directiva, o decano poderá solicitar doutros colexios notariais que lle permitan designar notarios do seu colexio como inspectores. O colexio notarial onde exerza a súa función o notario inspeccionado poderá acordar o aboamento de indemnizacións por razón de servizo a aqueles notarios colexiados doutro colexio, como consecuencia dos gastos en que incorran no exercicio da súa función. Para tal fin, en cada colexio notarial establecerase unha lista de notarios que poidan ser designados como inspectores. A devandita lista non poderá ser inferior a cinco e será renovada cada ano. Os inspectores poderanse servir do auxilio de peritos, mesmo de notarios xubilados, para desempeñaren a súa función.»

Douscentos cinco. O artigo 332 terá a seguinte redacción:

«Artigo 332.

En cada distrito notarial e para facilitar o cumprimento das súas funcións, as xuntas directivas designarán un notario co carácter de delegado e outro como subdelegado, e poderán nomear varios subdelegados cando o consideren necesario para o servizo. Destes nomeamentos as xuntas darán conta á Dirección Xeral.

Os cargos de delegado e subdelegado durarán catro anos, pero a xunta poderá reelixir os mesmos notarios.

Estes cargos son honoríficos, gratuítos e obrigatorios para os notarios menores de sesenta anos de idade e tamén para os maiores cando non haxa máis que un no distrito.

As xuntas directivas poderán, cando existir motivo para iso e dando conta á Dirección, separar dos seus cargos os delegados e subdelegados.

Por instancia do delegado, e logo de informe de notarios afectados, poderán as xuntas directivas autorizar a apertura dunha oficina especial para que nela quede instalada a delegación, sempre que as necesidades do servizo ou da organización notarial así o aconsellen. O acordo razoado da xunta incluirá, caso de ser favorable á devandita apertura, todas as medidas que considere oportunas para o seu réxime.»

Douscentos seis. Modifícase o artigo 334, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 334.

As resolucións ou acordos das xuntas poderán ser impugnables nos prazos e forma previstos para o de alzada ante a Dirección Xeral cando se refiran á interpretación e aplicación da regulación notarial.»

Douscentos sete. Modifícase o artigo 336, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 336.

O Consello Xeral do Notariado ten a condición de corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade. No exercicio das funcións públicas atribuídas respecto da prestación da función pública notarial queda subordinado xerarquicamente ao ministro de Xustiza e á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado. Son

os seus fins esenciais: colaborar coa Administración, manter a organización colexial, coordinar as funcións dos colexios notariais, asumíndoas nos casos legalmente establecidos, ditar circulares de orde interna de obrigado cumprimento para os colexios e os notarios nas materias a que se refire o artigo 344 deste regulamento, e exercer a representación unitaria do notariado español.

Forman parte do Consello Xeral todos os decanos dos colexios notariais de España. En caso de vacante do cargo de decano dalgún colexio notarial, será membro do Consello Xeral quen faga as súas veces.

Relacionarase co Ministerio de Xustiza por medio da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

O Consello Xeral ten a súa sede en Madrid.»

Douscentos oito. Súmase un terceiro parágrafo ao artigo 337, coa seguinte redacción:

«O tempo de duración dos cargos de presidente e de vicepresidente coincidirá co do seu mandato como decano. A condición de presidente e de vicepresidente non é delegable en ningún caso.»

Douscentos nove. Modifícase o artigo 338, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 338.

O pleno reunirse cando así o acorde e, ademais, sempre que o determine o presidente, por propia iniciativa ou por petición fundada de calquera decano. Deberase convocar o pleno, polo menos, con dous días hábiles de antelación ao da data da súa realización. Na devandita convocatoria incluírase a orde do día. O presidente poderá, por motivos de urxencia, modificar a orde do día ata o día inmediato hábil ao da súa realización, comunicándolles inmediatamente a devandita modificación aos membros do pleno. Quedará este validamente constituído se concorre a maioría absoluta dos seus membros.

As sesións do pleno asistirán os decanos persoalmente. En caso de imposibilidade poderán designar como delegado seu, precisamente por escrito, con expresión de causa e para a sesión particular de que se trate, un membro da xunta directiva do seu colexio. O pleno poderá delegar na comisión permanente o exercicio daquelas competencias que entenda oportunas, coa excepción da aprobación de circulares de orde interna que só lle compete ao pleno.»

Douscentos dez. O artigo 339 terá a seguinte redacción:

«Artigo 339.

A comisión permanente estará integrada polo presidente, o vicepresidente e tres decanos designados polo pleno. Reunirse cantas veces for necesario, logo de convocatoria polo presidente, por propia iniciativa ou por petición fundada de calquera dos seus membros. Quedará validamente constituída para a súa actuación en cada caso coa asistencia da maioría absoluta dos seus componentes. Dos seus acordos darase conta inmediata a todos os decanos.

Poderá exercer aquelas competencias que lle delegue o pleno do Consello, asumindo as funcións deste en casos de urxencia. Os acordos adoptados pola comisión permanente en virtude de delegación do Consello deberán expresar tal carácter e entenderanse adoptados polo órgano delegante, e poden ser obxecto de recurso nos termos previstos no

artigo 343 deste regulamento. Do resto dos seus acordos dará conta a todos os decanos.

Non é delegable a condición de membro da comisión permanente, que se posuira con carácter persoal por todo o tempo que o designado desempeñe o cargo de decano.»

Douscentos once. O artigo 340 terá a seguinte redacción:

«Artigo 340.

O Consello Xeral elixirá un secretario, por proposta do presidente. O secretario deberá ser notario. O seu cesamento producirase por acordo do Consello, por proposta, así mesmo, do presidente. A súa designación e cesamento serán comunicados ao Ministerio de Xustiza o antes posible.

Son funcións do secretario levantar acta das sesións do pleno e da comisión permanente, expedir certificacións co visto e prace do presidente, custodiar a documentación da xunta, auxiliar o presidente na execución dos acordos e na preparación da orde do día das sesións e dirixir o labor do persoal do Consello, tanto de seccións técnicas como da oficina administrativa.

Por proposta conxunta do presidente e do secretario, o Consello designará un ou varios vicesecretarios e removeraos, de ser o caso. Calquera das funcións do secretario pode ser delegada por este nun vicesecretario, sempre en cuestións determinadas. O vicesecretario, ou un dos vicesecretarios, actuará como tesoureiro.

O Consello poderá encomendar servizos determinados a seccións delegadas deste, integradas por notarios ou persoal especializado. O director de cada unha delas utilizará a denominación de delegado ou director da sección correspondente, e renderá conta da súa actuación ao Consello a través do presidente.

Igualmente, poderá crear a unidade especializada prevista no artigo 17.6 da Lei do notariado para os efectos de colaborar eficazmente coas administracións públicas e, especialmente, coas autoridades xudiciais, administrativas e policiais competentes no relativo á loita contra a fraude tributaria, e pode, para estes efectos, solicitar do notario a información e os datos precisos. Creada a devandita unidade, o notario prestaralle auxilio no exercicio das súas funcións, e debe facilitarlle á devandita unidade especializada calquera información que esta lles requira para o exercicio da súa función de exame.»

Douscentos doce. Modifícase o artigo 341, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 341.

Para a válida adopción de acordos exíxese a presenza da metade máis un dos decanos, debendo asistir o presidente ou vicepresidente na súa substitución e o secretario ou vicesecretario que o substitúa.

Os acordos do pleno deberán ser adoptados co voto favorable da maioría dos asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do presidente.

As deliberacións do pleno serán secretas. Os seus acordos só se poderán facer públicos cando estea legalmente previsto ou o decida o pleno que, así mesmo, determinará o medio e ámbito da devandita publicidade. Respecto da comisión permanente observarase o disposto no artigo 339 deste regulamento.

Todas as sesións do pleno e da comisión permanente se celebrarán no lugar en que por maioría simple acorden os seus membros.»

Douscentos trece. Modifícase o artigo 342, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 342.

Os acordos adoptados polo Consello Xeral son inmediatamente executivos. A execución corresponde ao presidente ou á comisión permanente, salvo que, en casos especiais, se acordase que o leven a efecto un ou varios decanos ou ben o secretario.»

Douscentos catorce. Modifícase o artigo 343, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 343.

Os acordos ou resolucións do Consello Xeral, fosen adoptados polo pleno ou pola Comisión Permanente logo de delegación daquel, serán impugnables ante o ministro de Xustiza, cando se refiran á interpretación e aplicación da regulación notarial nos prazos e forma previstos para o dealzada.»

Douscentos quince. Modifícase o artigo 344, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 344.

Son funcións do Consello Xeral as seguintes:

A) 1. Facilitar e organizar a comunicación entre colexios notariais; coordinar as súas actuacións e dirimir, dentro das súas facultades, proponendo noutro caso a súa resolución, os conflitos que poidan xurdir entre eles.

2. Adoptar as medidas necesarias para que os colexios cumpran as resolucións do Consello Xeral ditadas en materia da súa competencia.

3. Completar provisionalmente cos colexiados máis antigos as xuntas directivas dos colexios cando se produzan as vacantes de máis de metade dos cargos daquelas. A xunta provisional, así constituída, exercerá as súas funcións ata que tomen posesión os designados en virtude de elección.

Igualmente, o Consello poderá designar unha xunta xestora para aqueles colexios en que non se presentase candidatura válida para cubrir todos os postos da xunta directiva. A devandita xunta estará integrada por tres notarios do ámbito territorial do colexio respectivo e os seus cargos serán obrigatorios para os notarios designados. Constituída esa xunta, o Consello comunicarlle á Dirección Xeral a identidade dos seus integrantes e cargos. En todo caso, a dita xunta deberá convocar eleccións tan pronto como sexa posible.

4. Velar polo exacto cumprimento das disposicións vixentes por parte dos colexios e dos notarios. Para estes efectos, e no ámbito das disposicións que reñen a función pública notarial, poderá ditar circulares de orde interna de obrigado cumprimento para os colexios e notarios. O proxecto de circular deberá ser sometido a consulta previa da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado. Transcorridos dez días hábiles desde a súa remisión sen que a devandita dirección xeral practique obxección, entenderase aprobada. Este prazo poderase reducir a dous días hábiles por razóns de urxencia que motivará o Consello na súa comunicación á Dirección Xeral e apreciará esta. En todo caso, as circulares deberanse publicar na páxina web do Consello.

5. Aprobar os regulamentos de réxime interior dos colexios.

6. Organizar actividades e servizos comúns de interese para os notarios, e entre eles os culturais, asistenciais, de previsión e outros análogos, e prover, se é o caso, o seu sostemento económico. Neste sentido, regulará todos os aspectos relativos á «Revista de Derecho Notarial», organizará o servizo

de pagamento de indemnizacións polas responsabilidades civís contraídas polos notarios no exercicio do seu cargo e o denominado servizo cirúrxico, e levará a cabo de modo continuado estudos sociolóxicos sobre a implantación do servizo notarial na sociedade nacional e, en función dos seus resultados, propondrá ou adoptará, segundo os casos, as medidas conducentes a procurar o grao óptimo daquela en cada circunstancia.

7. Estimular, protexer e vixiar, conforme as competencias atribuídas polas leis, a mellor organización e conservación dos arquivos.

8. Procurar a harmonía e colaboración entre todos os notarios co fin de evitar conflitos entre notarios de colexios diferentes.

9. Exercer o dereito a mostrarse parte na causa contra calquera notario que o artigo 62 do Regulamento notarial concede á xunta directiva, se a xunta correspondente non o exercese e sempre logo de informe desta.

10. Organizar cursos para a formación de posgraduados ou de práctica notarial, primando especialmente a formación continua e sistemática dos empregados de notaría.

11. Determinar o seu réxime económico-financieiro mediante a aprobación dos seus propios orzamentos e a fixación equitativa das achegas de todos os colexios notariais. Igualmente, establecerá, de ser o caso, as compensacións institucionais que considere procedente, para aqueles cargos do Consello que se entenda oportuno, co fin de garantir a debida dedicación destes ás súas obrigas corporativas.

B) 1. Exercer a representación e defensa da profesión notarial ante a Administración, institucións, tribunais, entidades e particulares, con lexitimación para ser parte en cantos litixios afecten os intereses profesionais, e exercer o dereito de petición conforme a lei.

2. Asumir a representación do notariado español ante as entidades similares noutras nacións, designando así mesmo as persoas e delegacións que corresponda.

3. Emitir informe en todos aqueles casos en que o Ministerio de Xustiza o considere conveniente e en especial nas reformas que afecten o ingreso no notariado e o réxime das oposicións e, en particular, o programa ou temario das oposicións libres.

4. Designar ou propoñer, de ser o caso, os decanos e notarios que deban figurar como vogais da Xunta de Padroado da Mutualidade Notarial e dos órganos reitores doutras entidades nos supostos legalmente establecidos.

5. Participar nos consellos ou organismos consultivos da Administración nas materias de competencia da profesión notarial.

C) 1. Emitir informe preceptivamente sobre todo proxecto de modificación da lexislación sobre colexios profesionais, así como sobre os proxectos de lei ou de disposicións de calquera rango que se refiran ás condicións xerais da función notarial.

2. Emitir informe sobre os proxectos de disposicións xerais de carácter fiscal que afecten directa e concretamente a profesión notarial nos termos previstos na lexislación estatal ou autonómica correspondente.

3. Emitir informe sobre os recursos gubernativos contra cualificacións dos rexistradores da propiedade ou mercantís, sempre que a Dirección Xeral o solicite e se trate de materias que afecten o notariado ou a función notarial.

4. Emitir informe, por petición das xuntas directivas dos colexios notariais ou da Dirección Xeral dos

Rexistros e do Notariado, sobre as impugnacións de honorarios feitas conforme os aranceis notariais e nos supostos de consultas a que se refire o artigo 70 do Regulamento notarial.

5. Exercer cantas funcións lle sexan encomendadas pola Administración e colaborar con esta mediante a realización de estudos, emisión de informes, elaboración de estatísticas e outras actividades relacionadas cos seus fins que lle poidan ser solicitadas ou acorde formular por propia iniciativa, e especialmente colaborar co Ministerio de Xustiza e coa Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado en todo o que se refira á función notarial.

6. Propoñer á Administración, e en especial á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, a adopción de medidas ou as resolucións e disposicións de carácter xeral que considere convenientes para o notariado.

7. Colaborar coa Administración para que se cumpran as condicións exixidas para a presentación e proclamación de candidatos para os cargos das xuntas directivas dos colexios notariais.

8. Consultarlle á Dirección Xeral as dúbidas que teña sobre a aplicación das disposicións de carácter notarial, e elevar consultas aos organismos competentes sobre a aplicación das leis cando se relacionen directamente coa actuación notarial, verificándoo por mediación do Ministerio de Xustiza se se refiren á función.

9. Elevar consulta vinculante á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado respecto daqueles actos ou negocios susceptibles de inscrición nos rexistros da propiedade, mercantil e de bens mobles, de conformidade co artigo 103 da Lei 24/2001, do 27 de decembro.

10. Evacuar as consultas que os colexios ou os notarios lle formulen sobre asuntos técnicos da profesión. A resolución das consultas deberá ser obxecto de publicación no sitio web do Consello.

D) 1. Velar pola ética e dignidade profesional na práctica da función notarial e polo respecto debido aos dereitos dos particulares, promovendo a corrección de canto poida atentar contra tales principios, para o cal estará facultado para facer visitas de inspección aos colexios notariais e para propoñer á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, se proceder, a apertura de expedientes disciplinarios.

2. Instruír os expedientes de corrección disciplinaria promovidos contra as xuntas directivas por causa de infraccións mutualistas.

3. Adoptar as medidas conducentes a evitar o intrusismo profesional.

E) Calquera outra establecida nas leis e regulamentos.

O exercicio de todas as funcións establecidas nos puntos anteriores correspóndelle ao Pleno do Consello Xeral, ben que por acto expreso de delegación, xeral ou específica, daquel poderán ser exercidas pola Comisión Permanente, de conformidade co previsto no artigo 339 deste regulamento. Igualmente, e mediante acordo das dúas terceiras partes dos seus membros, o pleno poderá delegar a execución dalgunha das súas competencias nun ou varios dos seus integrantes.»

Douscentos dezaseis. Modifícase o artigo 346, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 346.

O réxime disciplinario dos notarios rexerese polo establecido no artigo 43. Dous da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e polo previsto neste regulamento. Supletoriamente, na falta de normas espe-

ciais, aplicarase o disposto nas normas reguladoras do réxime disciplinario dos funcionarios civís do Estado, agás no referente á tipificación das infraccións.

A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado poderá acordar as visitas de inspección que considere necesarias en relación coa actuación dos colexios notariais.»

Douscentos dezasete. Modifícase o artigo 347, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 347.

As faltas cometidas polos notarios no exercicio da súa actividade pública consideraranse infraccións moi graves, graves ou leves, conforme se establece nos artigos seguintes.

As infraccións prescribíranse aos catro meses, no caso de infraccións leves; aos dous anos, as infraccións graves e aos catro anos, as infraccións moi graves, computados desde a súa comisión.

Os mesmos prazos serán necesarios nos mesmos supostos para a prescrición das sancións, computados desde o día seguinte a aquel en que adquiera firmeza a resolución en que se impoñan.

A incoación de procedemento penal non será obstáculo para a iniciación dun expediente disciplinario polos mesmos feitos, mais non se ditará resolución neste mentres non recaese sentenza ou auto de sobresemento firmes na causa penal.

En todo caso, a declaración de feitos probados contida na resolución que pon termo ao procedemento penal vinculará a que se dite no expediente disciplinario, sen prexuízo da distinta cualificación xurídica que poida merecer nunha ou outra vía.

Só poderá recaer sanción penal e disciplinaria sobre os mesmos feitos cando non houbese identidade de fundamento xurídico e de ben xurídico protexido.»

Douscentos dezaioito. Modifícase o artigo 348, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 348.

Son infraccións moi graves:

a) As condutas constitutivas de delito doloso relacionadas coa prestación da fe pública que causen dano á Administración ou aos particulares declaradas en sentenza firme.

b) As condutas que supuxesen sanción administrativa, en resolución firme, por infracción grave de disposicións en materia de prevención de branqueo de capitais, tributaria, de mercado de valores ou outras previstas na lexislación especial que resulte aplicable, sempre que a devandita infracción estea directamente relacionada co exercicio da súa profesión.

c) A autorización ou intervención de documentos contrarios ao disposto nas leis ou os seus regulamentos, ás súas formas e regras esenciais sempre que deriven prexuízos graves para clientes, para terceiros ou para a Administración.

d) A actuación do notario sen observar as formas e regras da presenza física.

e) A reincidencia pola comisión de infraccións graves no prazo de dous anos, sempre que fosen sancionadas por resolución firme.

f) O incumprimento grave das normas sobre incompatibilidades contidas na Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e altos cargos da Administración xeral do Estado, e na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

g) A percepción de dereitos arancelarios con infracción das disposicións por que aqueles se rexan.

h) O incumprimento do deber de fidelidade á Constitución no exercicio da súa profesión.

i) Toda actuación profesional que supoña discriminación por razón de raza, sexo, relixión, lingua, opinión, lugar de nacemento, veciñanza ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

j) A violación de neutralidade ou independencia políticas, utilizando as facultades atribuídas para influír en procesos electorais de calquera natureza e ámbito, así como a obstaculización ao exercicio das liberdades públicas e dereitos sindicais.

k) O incumprimento das obrigas de custodia e uso da sinatura electrónica recoñecida do notario, así como a obriga de denunciar a perda, extravío ou deterioración ou situación que poña en risco o segredo ou a unicidade do dispositivo seguro de creación de sinatura, de acordo co disposto na lexislación sobre o uso de sinatura electrónica de notarios e rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles.»

Douscentos dezanove. Modifícase o artigo 349, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 349.

Son infraccións graves:

a) As condutas que supuxesen sanción administrativa, en resolución firme, por infracción de disposicións en materia de prevención de branqueo de capitais, tributaria, de mercado de valores, ou outras previstas na lexislación especial que resulte aplicable, sempre que a devandita infracción estea directamente relacionada co exercicio da súa profesión e non constitúan falta moi grave.

b) A negativa inxustificada á prestación de funcións requiridas, así como a ausencia inxustificada por máis de dous días do lugar da súa residencia, sempre que cause dano a terceiros; en particular, consideraranse para os efectos desta infracción de negativa inxustificada á prestación de funcións requiridas, a denegación inxustificada por parte do notario a autorizar un instrumento público.

c) As condutas que impidan prestar con imparcialidade, dedicación e obxectividade as obrigas de asistencia, asesoramento e control de legalidade que a vixente lexislación lles atribúa aos notarios ou que poñan en perigo os deberes de honradez e independencia necesarios para o exercicio público da súa función.

d) Os enfrontamentos graves e reiterados do notario con autoridades, clientes ou outros notarios, no lugar, zona ou distrito onde exerce a súa función, debida a actitudes non xustificadas daquel.

e) O incumprimento grave e reiterado de calquera deber imposto pola lexislación notarial ou por acordo corporativo vinculante, así como a falta de pagamento dos gastos colexiais acordados regulamentariamente.

f) A reincidencia pola comisión de infraccións leves no prazo de dous anos sempre que fosen sancionadas por resolución firme.

g) A falta de rendemento que afecte o normal funcionamento do servizo e non constitúa falta moi grave.

h) A falta de obediencia debida ás xuntas directivas e ao Consello Xeral do Notariado.

i) O incumprimento e a falta de obediencia ás instrucións e resolucións de carácter vinculante da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, así como a falta de respecto ou menosprezo ao devandito centro directivo.»

Douscentos vinte. Modifícase o artigo 350, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 350.

É infracción disciplinaria leve, se non proceder cualificala como grave ou moi grave, o incumprimento dos deberes e obrigas impostos pola lexislación notarial ou, con base nela, por resolución administrativa ou acordo corporativo. Tratándose do incumprimento dun acordo corporativo, será necesario que o notario previamente fose requirido para a súa observancia polo órgano corporativamente competente.

O requirimento citará expresamente o precepto, dará un prazo para cumprilo e apercibirá o notario de que, se non o fixer, poderá incorrer en infracción disciplinaria leve.»

Douscentos vinte e un. Modifícase o artigo 351, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 351.

Terán a consideración de infracción grave as seguintes infraccións en que puideren incorrer os membros ou delegados do Consello Xeral do Notariado, os das xuntas directivas dos colexios notariais, así como os arquiteiros de protocolos:

a) O incumprimento grave ou reiterado dos seus deberes, sempre que supoña infracción dun precepto legal, regulamentario ou corporativo.

b) A negativa ou resistencia a cumprir instrucións, circulares, resolucións ou actos administrativos de obrigado cumprimento e as graves insuficiencias ou deficiencias no seu cumprimento.

c) O incumprimento ou cumprimento deficiente de acordos corporativos regularmente adoptados, se mediar dolo ou negligencia grave.

Se a infracción for reiterada no transcurso do seu mandato, terá a cualificación de moi grave.

Sen prexuízo do disposto no artigo 354 deste regulamento, a sanción aos membros da xunta directiva dos colexios notariais ou do Consello Xeral só poderá ser imposta polo director xeral dos Rexistros e do Notariado.»

Douscentos vinte e dous. Modifícase o artigo 352, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 352.

As sancións que lles poden ser impostas aos notarios, sen prexuízo do previsto na lei e na regulamentación notarial en relación co embargo da súa fianza, son as seguintes:

- a) Apercibimento.
- b) Multa.
- c) Suspensión dos dereitos de ausencia, licenza ou translación voluntaria ata dous anos.
- d) Postergación da antigüidade na carreira cen postos ou na clase ata cinco anos.
- e) Translación forzosa.
- f) Suspensión de funcións ata cinco anos.
- g) Separación do servizo.

Na sanción de multa existirá unha escala de tres tramos: menor, entre 601 e 3.005 euros; media entre 3.005 e 12.020 euros, e maior entre 12.020 euros e 30.050 euros.

En caso de reiteración poderase multiplicar a devandita contía ata un máximo do cento por cento da multa que haxa que pagar.»

Douscentos vinte e tres. Modifícase o artigo 353, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 353.

As infraccións moi graves sancionaranse con multa no último tramo, translación forzosa, suspensión de funcións e separación do servizo.

As infraccións graves sancionaranse con multa a partir do tramo medio da escala, con suspensión dos dereitos regulamentarios de ausencia, licenza ou translación voluntaria e con postergación.

As infraccións leves só poderán ser sancionadas con apercibimento, con multa de tramo menor ou con suspensión dos dereitos regulamentarios de ausencia, licenza ou translación voluntaria.

As sancións graduaranse atendendo en cada caso concreto, esencialmente, á transcendencia que para a prestación da función notarial teña a infracción cometida; á existencia de intencionalidade ou reiteración e á entidade dos prexuízos ocasionados.

A imposición dunha sanción por infracción grave ou moi grave levará anexa, como sanción accesoria, a privación da aptitude para ser elixido membro das xuntas directivas mentres non se obtivese rehabilitación.

O notario separado do servizo causará baixa no escalafón e perderá todos os seus dereitos, agás os derivados da previsión notarial, nos casos en que corresponda.»

Douscentos vinte e catro. Modifícase o artigo 354, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 354.

Son órganos competentes na imposición de sanción as xuntas directivas dos colexios notariais, a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado e o ministro de Xustiza.

As xuntas directivas poderán impoñer as sancións de apercibimento e multa nos tramos menor e medio.

A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado será o órgano competente para impoñer as sancións non reservadas ás xuntas directivas agás a separación do servizo.

A separación do servizo só poderá ser imposta polo ministro de Xustiza.»

Douscentos vinte e cinco. Modifícase o artigo 355, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 355.

En todo o non previsto neste título no que atinxe ao réxime disciplinario dos notarios aplicarase supletoriamente, na falta de normas especiais, o disposto nas normas reguladoras do réxime disciplinario dos funcionarios civís do Estado, salvo no referente á tipificación das infraccións e, especificamente, o establecido no Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado, aprobado polo Real decreto 33/1986, do 10 de xaneiro, ou norma que o substitúa.»

Douscentos vinte e seis. Modifícase o artigo 356, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 356.

O procedemento disciplinario iníciase en virtude de acordo do órgano competente que teña coñecemento dos feitos e que poderán ser as xuntas directivas dos colexios notariais, a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado ou o ministro de Xustiza. O órgano competente para incoar o procedemento poderá acordar previamente a realización dunha información reservada.

Na resolución pola cal se incoe o procedemento nomearase instrutor e, cando a súa complexidade e

transcendencia o demanden, secretario para que se encarguen da tramitación do expediente.

Se o órgano competente para incoar o expediente disciplinario for informado por outro da existencia de feitos que revistan o carácter de infracción disciplinaria, poderá ordenar a este a incoación do expediente. Igualmente, o órgano competente poderá solicitar do inferior o seu parecer acerca dos feitos para os efectos de valorar o seu alcance.

A incoación do procedemento co nomeamento do instrutor e do secretario notificaráselle ao notario suxeito a expediente, así como os designados para ocupar os devanditos cargos.

Serán de aplicación ao instrutor e ao secretario as normas relativas á abstención e recusación establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O ministro de Xustiza no suposto da separación do servizo, ou o director xeral dos Rexistros e do Notariado, nos restantes casos, poderán suspender provisionalmente no exercicio das súas funcións calquera notario ao cal se lle ordenase incoar procedemento disciplinario por infracción moi grave ou grave, se iso for necesario para asegurar a debida instrución do expediente ou para impedir que continúe o dano ao interese público ou de terceiros. A resolución que acorde a suspensión provisional, que esgotará a vía administrativa, será impugnabile independentemente.

A suspensión de funcións, sexa con carácter provisional, sexa como sanción definitiva, levará consigo o nomeamento dun habilitado para atender o servizo público.»

Douscentos vinte e sete. Modifícase o artigo 357, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 357.

O instrutor ordenará a práctica de cantas dilixencias sexan adecuadas para a determinación e comprobación dos feitos e, en particular, de cantas probas poidan conducir ao seu esclarecemento e á determinación das responsabilidades susceptibles de sanción. A este respecto, cando as condutas a esclarecer tivesen relación con aspectos económicos da función pública notarial, o instrutor, tanto nesta fase coma na de información reservada, poderase servir do auxilio de peritos na forma establecida no artigo 331 deste regulamento.

Como primeiras actuacións, o instrutor procederá a recibir declaración do presunto inculpado e a efectuar cantas dilixencias se deduzan da comunicación ou denuncia que motivou a incoación do expediente e do que aquel alegase na súa declaración.

Á vista das actuacións practicadas e nun prazo non superior a tres meses, contado a partir da incoación do procedemento, o instrutor formulará o correspondente prego de cargos, que comprenderá os feitos imputados, con expresión, se é o caso, da falta presuntamente cometida e das sancións que poidan ser de aplicación. O instrutor poderá, por causa xustificada, solicitar a ampliación nun mes do prazo referido.

O prego de cargos deberase redactar de modo claro e preciso, en parágrafos separados e numerados por cada un dos feitos imputados ao notario. Tamén poderá propoñer o levantamento da suspensión do notario no exercicio das súas funcións a que antes se fixo referencia.

O prego de cargos notificaráselle ao inculpado concedéndolle un prazo de dez días para que o poida contestar coas alegacións que considere convenientes na súa defensa e coa achega de cantos documentos considere de interese. Neste trámite deberá solici-

tar, se o considera conveniente, a práctica das probas que para a súa defensa crea necesarias.

Contestado o prego ou transcorrido o prazo sen facelo, o instrutor poderá acordar a práctica das probas solicitadas que xulgue oportunas así como de todas aquelas que considere pertinentes. Para a práctica das probas disporase do prazo dun mes.

O instrutor coidará da tramitación do expediente e poderá denegar motivadamente a admisión e práctica das probas cando as considere improcedentes, sen que contra esta resolución caiba recurso do inculpado.

Para a práctica das probas propostas, así como para as de oficio cando así se estime oportuno, notificaráselle ao notario o lugar, data e hora en que se deberán realizar, debéndose incorporar ao expediente a constancia da notificación ao domicilio oficial do notario.

O secretario, de ser o caso, coidará e dará fe das diversas actuacións deste.

Realizadas as dilixencias previstas, darase vista do expediente ao inculpado para que no prazo de dez días alegue o que considere pertinente á súa defensa e achegue cantos documentos considere de interese. Facilitaráselle copia completa do expediente ao inculpado cando este así o solicite e o permita a específica natureza dos documentos.

O instrutor formulará, dentro dos dez días seguintes, a proposta de resolución na cal fixará con precisión os feitos, motivando, de ser o caso, a denegación das probas propostas polo inculpado, e fará a valoración xurídica daqueles para determinar a falta que se considere cometida, sinalando a responsabilidade do notario así como a sanción que procede impoñer.

A proposta de resolución notificaralla o instrutor ao interesado para que, no prazo de dez días, poida alegar ante o instrutor canto considere conveniente na súa defensa.

Oído o inculpado, ou transcorrido o prazo sen alegación ningunha, remitirase con carácter inmediato o expediente completo ao órgano que acordase a incoación do procedemento. O órgano que ordenou a incoación do expediente non queda vinculado pola proposta do instrutor, pero deberá resolver sempre acerca da súa propia competencia. Consecuentemente, o dito órgano poderá aceptar a proposta do instrutor, reducila ou ampliála, e mesmo apreciar que a sanción procedente supera a súa propia competencia, debendo elevar o expediente, neste último caso, ao órgano superior co seu informe preceptivo.

O órgano competente para impoñer a sanción poderá devolver o expediente ao instrutor para a práctica daquelas dilixencias que, sendo omitidas, resulten imprescindibles para a decisión. Neste caso, antes de remitir de novo o expediente ao devandito órgano, darase vista do actuado ao notario inculpado, co fin de que no prazo de dez días alegue canto estime conveniente.»

Douscentos vinte e oito. Modifícase o artigo 358, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 358.

A resolución que pon fin ao procedemento disciplinario deberase adoptar no prazo de dez días, salvo no caso de separación do servizo, e resolverá todas as cuestións formuladas no expediente.

A resolución deberá ser motivada e nela non se poderán aceptar feitos distintos dos que serviron de base ao prego de cargos e á proposta de resolución, sen prexuízo da súa distinta valoración xurídica.

Na resolución que poña fin ao procedemento disciplinario deberase determinar con toda precisión a infracción que se estime cometida, sinalando os pre-

ceptos en que aparece recollida esta, o funcionario responsable e a sanción que se impón, facendo expresa declaración no que atinxe ás medidas provisionais adoptadas durante a tramitación do procedemento.

A resolución deberalle ser notificada ao inculcado con expresión do recurso ou recursos que caiban contra esta e o prazo para os interpoñer.

A imposición de sancións por infracción leve farase en procedemento abreviado que só requirirá a audiencia previa do inculcado e non exixirá o nomeamento de secretario.»

Douscentos vinte e nove. Modifícase o artigo 359, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 359.

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de nove meses, ampliables por outros tres mediante acordo do órgano que decidiu a iniciación do procedemento. Non obstante, nos casos de procedemento abreviado, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de tres meses, salvo que se acorde a transformación do procedemento durante a súa instrución.

Transcorridos os expresados prazos máximos, o procedemento quedará caducado, pero a caducidade non producirá por si soa a prescrición da infracción.»

Douscentos trinta. Modifícase o artigo 360, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 360.

Salvando as medidas preventivas que poidan adoptar os xulgados ou tribunais competentes, as sancións disciplinarias de apercibimento e multa executaranse cando quede esgotada a vía administrativa. As sancións de postergación, translación, suspensión de funcións e separación do servizo executaranse cando sexan firmes.»

Douscentos trinta e un. Modifícase o artigo 361, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 361.

A execución das sancións disciplinarias correspóndelle ao órgano que as impuxo, salvo as acordadas polo ministro de Xustiza, que as fará efectivas a Dirección Xeral.

Se a sanción imposta fose a de multa, o notario deberá ingresar o seu importe, no prazo de quince días seguintes ao do requirimento de pagamento no colexio notarial a que pertenza.

Se non o aboar no prazo indicado, procederase á execución da súa fianza, ou das que sucesivamente vaia constituíndo de non ser suficiente a contía da primitiva para afrontar as responsabilidades derivadas da sanción, na forma regulada nos artigos 24 e seguintes deste regulamento e normativa complementaria para o seu desenvolvemento. Executada a fianza, o notario non poderá exercer a profesión ata que non a repoña en toda a súa integridade.

Se coa fianza ou fianzas non bastar para o cumprimento da sanción, procederase á execución dos bens do sancionado pola vía administrativa de constrinximento.

Todos os gastos serán por conta do notario corrixido e mentres este non os faga efectivos supliraos o colexio notarial.»

Douscentos trinta e dous. Modifícase o artigo 362, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 362.

As sancións graduaranse atendendo en cada caso concreto, esencialmente, á transcendencia que para a prestación da función notarial teña a infrac-

ción cometida; á existencia de intencionalidade ou reiteración e á entidade dos prexuízos ocasionados.

Así, no suposto concreto de translación forzosa, o órgano sancionador, isto é, a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, ponderará se o sancionado debe ser nomeado directamente pola dirección para servir unha notaría de sección ou clase inmediatamente inferior á que tivese o interesado, sendo isto último posible, ou se é suficiente obrígallo a pedir traslado no seguinte concurso, podendo optar nel a unha praza de idéntica categoría.

Idénticos criterios se utilizarán para ponderar a sanción de postergación de postos de antigüidade na carreira ou a de anos de antigüidade na clase.»

Douscentos trinta e tres. Modifícase o artigo 363, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 363.

Contra as resolucións da xunta que impoñen sancións disciplinarias poderase promover recurso nos prazos e forma previstos para o dealzada, ante a Dirección Xeral, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación. Contra as que impoña a Dirección Xeral poderase interpor recurso de alzada, en igual prazo, ante o ministro de Xustiza.

As resolucións recaídas en calquera dos recursos de alzada previstos neste artigo esgotan a vía administrativa.»

Douscentos trinta e catro. Modifícase o artigo 364, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 364.

Os notarios sancionados poderán obter a cancelación nos seus expedientes persoais das sancións anotadas cando transcorra un ano desde que gañou firmeza a orde, resolución ou acordo sancionador se a falta foi leve, dous anos se foi grave e catro anos se foi moi grave, salvo se os efectos da sanción se estenderen a prazos superiores, caso en que será necesario o transcurso destes.»

Artigo segundo. *Modificación dos anexos do Regulamento da organización e réxime do notariado aprobado polo Decreto do 2 de xuño de 1944.*

Engádesse un novo anexo V ao Regulamento notarial coa seguinte redacción:

«ANEXO V

Artigo 1.

Os colexios notariais deberán adecuar o seu ámbito territorial ao das comunidades autónomas, coa única excepción de Ceuta e Melilla, cuxos notarios serán colexiados do Colexio Notarial de Andalucía.

A denominación dos colexios notariais é:

- a) Colexio Notarial de Andalucía.
- b) Colexio Notarial de Aragón.
- c) Colexio Notarial de Asturias.
- d) Colexio Notarial de Baleares.
- e) Colexio Notarial de Canarias.
- f) Colexio Notarial de Cantabria.
- g) Colexio Notarial de Castilla La Mancha.
- h) Colexio Notarial de Castilla-León.
- i) Colexio Notarial de Cataluña.
- j) Colexio Notarial de Extremadura.
- k) Colexio Notarial de Galicia.
- l) Colexio Notarial de La Rioja.
- m) Colexio Notarial de Madrid.
- n) Colexio Notarial de Murcia.
- o) Colexio Notarial de Navarra.
- p) Colexio Notarial do País Vasco.
- q) Colexio Notarial de Valencia.

Artigo 2.

A capitalidade dos colexios notariais coincidirá coa capital da comunidade autónoma respectiva, coa de calquera das capitais de provincia que a integren ou coa que ata o momento tivesen respecto daqueles colexios cuxo ámbito territorial non se modifique.

Artigo 3.

A elección da xunta directiva naqueles colexios notariais cuxo ámbito territorial se modifica de conformidade co disposto no artigo 1 deste anexo suxeitarase ás seguintes regras:

1.º Formarase unha comisión electoral integrada por tres notarios do ámbito territorial do novo colexio e por dous decanos de colexios notariais que non estivesen afectados polo artigo 1. Os tres notarios, de ser o caso, deberán pertencer á xunta ou xuntas directivas dos colexios que se agrupen ou segreguen. O seu nomeamento, así como o dos dous decanos, será efectuado polo Consello Xeral do Notariado. A súa identidade será comunicada á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

2.º A comisión electoral será presidida por un dos decanos nomeados polo Consello Xeral do Notariado, e actuará como secretario un dos notarios do ámbito territorial do novo colexio designados polo Consello.

3.º A comisión electoral asumirá as competencias que establece o Regulamento notarial respecto das xuntas directivas en materia electoral.

4.º Para os efectos de integrar a xunta directiva, a comisión electoral, atendido o ámbito territorial e número de colexiados de cada colexio notarial, designará provisionalmente o número de membros da xunta directiva sen que, en ningún caso, poida ser inferior a tres e superior a nove.

5.º A comisión electoral convocará eleccións nos prazos de elección ordinaria a que se refire o artigo 320 do Regulamento notarial.

As candidaturas que se presenten deberán incluír candidatos a todos os cargos que incorpore a devandita xunta directiva, que inescusablemente deberá conter os de decano e secretario.

Se non se presentar candidatura válida para cubrir os cargos da xunta directiva, o Consello Xeral do Notariado nomeará unha xunta xestora integrada por tres notarios do ámbito territorial do colexio notarial respectivo, sendo obrigatorios os seus cargos para os notarios designados. Constituída esa xunta, o Consello comunicarlle á Dirección Xeral a identidade dos seus integrantes e cargos. En todo caso, a dita xunta deberá convocar eleccións tan axiña como sexa posible.

Igualmente, a comisión electoral designará un escrutador que deberá ter a condición de elector.

6.º Unha vez elixida a xunta directiva, a comisión electoral comunicarlle o resultado da elección á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado e ao Consello Xeral do Notariado. Así mesmo, fixará a data de toma de posesión de conformidade co disposto no artigo 324 do Regulamento notarial. A toma de posesión dos membros da xunta directiva terá lugar ante o presidente da comisión electoral e redactará acta un dos membros desta.

7.º A xunta directiva elixida deberá convocar xunta xeral de colexiados nos trinta días seguintes ao da súa toma de posesión, incluíndo necesariamente como punto na orde do día a concreción do número de membros da xunta directiva, que non poderá ser inferior ao designado pola comisión electoral.

Se a xunta xeral fixar un número superior, a xunta directiva convocará eleccións extraordinarias nos termos previstos no Regulamento notarial. O man-

dato dos novos membros da xunta coincidirá co do resto dos membros daquela inicialmente elixidos.

Artigo 4.

Habilítase o Consello Xeral do Notariado para que adopte aquelas medidas relativas a fixación provisional das sedes dos novos colexios, patrimonio e persoal que sexan precisas para o axeitado cumprimento do disposto neste anexo.»

Disposición adicional única. *Revogación de poderes.*

No Arquivo de Revogación de Poderes, cuxo titular é o Consello Xeral do Notariado, manterase debidamente actualizada a información que sexa precisa relativa a toda revogación que se produza respecto dun poder notarial e, de ser o caso, consular. En consecuencia, deberán facer constar, polo menos, os datos identificativos do notario ou autoridade consular que autorizou o poder que se revoga, a data da autorización, o número de protocolo e o nome ou razón social do outorgante de poder e do apoderado. Respecto da escritura de revogación, deberán facer constar os datos do notario autorizante e, se é o caso, da autoridade consular, a data de revogación e o número de protocolo.

Disposición transitoria primeira. *Conservación da categoría obtida en virtude de oposicións entre notarios.*

O notario que en virtude de oposicións entre notarios obtivese clase superior á da notaría que serve, conservará a categoría obtida, aínda que na actualidade desempeñe, mesmo por concurso de traslado, notaría de clase inferior á gañada pola oposición.

Disposición transitoria segunda. *Certificacións de asento de pólizas.*

As certificacións de asento das pólizas intervidas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, rexeranse polas disposicións do Real decreto 1251/1997, do 24 de xullo.

Se o notario opta por conservar a póliza no protocolo, a comunicación prevista para tal fin no artigo 283 deste regulamento deberase realizar no prazo de cinco días contados desde a entrada en vigor deste regulamento, e producirá efecto a partir do día 1 do segundo mes inmediato posterior á data de publicación deste regulamento, non podendo modificar a súa opción durante o ano 2007.

Para os efectos do disposto no artigo 197 deste regulamento respecto da encadernación e marxes da póliza durante os dous meses seguintes computados desde a entrada en vigor deste regulamento, abondará con que a póliza se expida en papel de modo e maneira que permita a súa encadernación. Transcorrido o devandito prazo, a póliza deberase expedir cumprindo o disposto no artigo 197 deste regulamento respecto das marxes e espazo na súa cabeceira.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas as seguintes disposicións:

1.º O artigo 141 bis e as disposicións transitorias primeira, segunda, cuarta, sexta, sétima, oitava e novena do Decreto do 2 de xuño de 1944, polo que se aproba o Regulamento da organización e réxime do notariado.

2.º O Decreto 853/1959, do 27 de maio, polo que se aproba o Regulamento para o réxime interior dos colexios oficiais de corredores de comercio, do seu consello xeral e regulando o exercicio do cargo de corredor de comercio colexiado.

3.º O artigo 7 do Real decreto 1643/2000, do 22 de setembro, sobre medidas urxentes para a efectividade da integración nun só corpo de notarios e corredores de comercio.

2. Quedan derogadas igualmente tantas disposicións do mesmo ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto, ou resulten modificadas por el.»

Disposición derradeira primeira. *Comunicación de revogación de poderes.*

Nos termos previstos polo artigo 164 do Regulamento notarial, será obrigatorio comunicar a revogación dos poderes que autorice ou que coñeza con certeza o notario aos quince días da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

1. A reordenación do ámbito territorial de todos os colexios notariais a que se refire o anexo V do Regulamento notarial será efectiva a partir do 1 de xaneiro de 2009. En consecuencia, deberanse convocar eleccións ordinarias en todos os colexios notariais nos dez primeiros días do mes de setembro de 2008, nos prazos e formas regulamentariamente previstos.

2. O mandato dos actuais membros das xuntas directivas dos colexios notariais, ou dos que os substitúan, así como o que desempeñen no Consello Xeral do Notariado na condición que sexa pola devandita razón, prorrogase no primeiro dos casos ata a toma de posesión dos novos membros das devanditas xuntas elixidos como consecuencia das eleccións a que se refire o parágrafo anterior. Respecto do Consello, a dita prórroga esténdese ata a toma de posesión dos novos cargos, que se deberá producir no mes de xaneiro de 2009.

3. Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de xaneiro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza,
JUAN FERNANDO LÓPEZ AGUILAR

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

2007 *REAL DECRETO 47/2007, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación de eficiencia enerxética de edificios de nova construción.* («BOE» 27, do 31-1-2007.)

A Directiva 2002/91/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2002, relativa á eficiencia enerxética dos edificios, establece a obriga de poñer á disposición dos compradores ou usuarios dos edificios un certificado de eficiencia enerxética. Este certificado deberá incluír información obxectiva sobre as características enerxéticas dos edificios de forma que se poida valorar e comparar a súa eficiencia enerxética, co fin de favorecer a promoción de edificios de alta eficiencia enerxética e os investimentos en aforro de enerxía.

Débese, polo tanto, fomentar entre o público a difusión desta información e, en particular, no caso das vivendas, que constitúen un produto de uso ordinario e xeneralizado, seguindo as directrices da Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, que establece o dereito dos consumidores e usuarios á información correcta sobre os diferentes produtos postos á súa disposición no mercado, co fin de facilitar o necesario coñecemento sobre o seu adecuado uso, consumo e goce.

O obxectivo principal deste real decreto consiste en establecer o procedemento básico que debe cumprir a

metodoloxía de cálculo da cualificación de eficiencia enerxética, con que se inicia o proceso de certificación, considerando aqueles factores que máis incidencia teñen no consumo de enerxía dos edificios de nova construción ou que se modifiquen, reformen ou rehabiliten nunha extensión determinada. Tamén se establecen neste as condicións técnicas e administrativas para as certificacións de eficiencia enerxética dos proxectos e dos edificios terminados.

Co fin de facilitar a interpretación, por parte dos consumidores, do certificado de eficiencia enerxética, apróbase un distintivo común en todo o territorio nacional denominado etiqueta de eficiencia enerxética, garantindo, en todo caso, as especificidades que sexan precisas nas distintas comunidades autónomas. No caso dos edificios ocupados por autoridades públicas ou institucións que presten servizos públicos a un número importante de persoas e que sexan frecuentados habitualmente por elas, será obrigatorio a exhibición deste distintivo de xeito destacado.

Por outra banda, para velar polo mantemento e a actualización do procedemento básico de certificación de eficiencia enerxética de edificios, créase unha comisión asesora, como órgano colexiado de carácter permanente, cuxas funcións, organización e composición quedan determinadas.

Por último, nesta disposición concrétese un réxime sancionador con infraccións e sancións, de acordo co previsto na lexislación vixente en materia de protección dos consumidores e usuarios.

En canto aos anexos do procedemento básico, o primeiro deles contén as especificacións técnicas da metodoloxía de cálculo da cualificación de eficiencia enerxética, onde se particularizan as características e o alcance dos métodos informáticos que se poderán utilizar para o cálculo das cualificacións de eficiencia enerxética, e que se fan necesarios na maioría dos casos para levar a cabo os complexos cálculos con fiabilidade suficiente.

Este real decreto dítase en exercicio das competencias que lle corresponden ao Estado sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, sobre protección do ambiente e sobre bases do réxime mineiro e enerxético.

Ademais, este real decreto traspón parcialmente a Directiva 2002/91/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2002, relativa á eficiencia enerxética dos edificios.

Na elaboración deste real decreto cumpríuse o trámite de información previa á Comisión Europea, de acordo co establecido no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e das regras relativas aos servizos da sociedade da información, en cumprimento da Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, e cumprindo o previsto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, consultáronse as comunidades autónomas, así como se oíron as asociacións profesionais e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio e da ministra de Vivenda, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de xaneiro de 2007,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do procedemento básico para a certificación de eficiencia enerxética dos edificios de nova construción.*

Apróbase o procedemento básico para a certificación de eficiencia enerxética dos edificios de nova construción cuxo texto se insire a continuación.